



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Antonio Blanco Rodríguez
36001690

Rúa Lamela 6
36872 Santiago de Covelo (Santiago)
☎ 886110389

ceip.antonio.blanco@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanco/>



CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ (COVELO)

36001690C

MEMORIA CURSO 2022-2023

INSPECCIÓN EDUCATIVA (VIGO)

D. JOSÉ FERNANDO CARRASCO MERA

ÍNDICE

| | |
|---|------------|
| INTRODUCCIÓN | Páx.- 003. |
| ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE | Páx.- 004. |
| HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO | Páx.- 005. |
| CALENDARIO DE REUNIÓN | Páx.- 006. |
| MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN | Páx.- 007. |
| MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA | Páx.- 017. |
| MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE | Páx.- 024. |
| MEMORIA DO CICLO DE E. INFANTIL | Páx.- 028. |
| MEMORIA DO EQUIPO DOCENTE (1º.2º DE E. PRIMARIA) | Páx.- 038. |
| MEMORIA DO EQUIPO DOCENTE (3º.4º DE E. PRIMARIA) | Páx.- 047. |
| MEMORIA DO EQUIPO DOCENTE (5º.6º DE E. PRIMARIA) | Páx.- 063. |
| MEMORIA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS | Páx.- 076. |
| MEMORIA DA BIBLIOTECA ESCOLAR E ANIMACIÓN Á LECTURA | Páx.- 082. |
| MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA | Páx.- 091. |
| MEMORIA DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA | Páx.- 130. |
| MEMORIA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) | Páx.- 138. |
| MEMORIA DE EDUCACIÓN MUSICAL | Páx.- 146. |
| MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA | Páx.- 149. |
| MEMORIA DE RELIXIÓN | Páx.- 156. |
| MATRÍCULA ALUMNADO CURSO 2022-2023 | Páx.- 162. |
| ORGANIZACIÓN E INNOVACIÓN | Páx.- 163. |
| EDIXGAL | Páx.- 164. |
| ACTIVIDADES ANPA | Páx.- 165. |
| TIC – TAC – TEP - TOP DO CEIP ANTONIO BLANCO | Páx.- 166. |
| MEMORIA PLAN DIXITAL DE CENTRO | Páx.- 167. |
| OBRAS E MELLORAS NO CENTRO – (MANTEMENTO) | Páx.- 168. |
| SINATURAS | Páx.- 171. |



INTRODUCCIÓN:

A memoria de final de curso que presentamos a continuación é o documento que reflicte o traballo realizado no noso centro durante o curso escolar 2022-2023, tendo como referencia a Programación Xeral Anual, elaborada e seguindo o establecido na **Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia** : *“O equipo directivo e o profesorado dedicará especial atención á análise e valoración de resultados da avaliación do rendemento académico do alumnado, que deberá incluírse na memoria final de curso coas propostas de mellora que correspondan. Así mesmo, esta memoria incorporará propostas de modificación ás programacións didácticas, sobre estratexias metodolóxicas e criterios de cualificación, promoción e titulación “*



ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

EQUIPOS DE CICLO:

- E. Infantil: Belén Rivas Araujo
- 1º ciclo: 1º-2º Paula Martínez Fernández.
- 2º ciclo: 3º-4º Natalia Fernández Rodríguez.
- 3º ciclo: 5º-6º: Xoan Carlos Barbosa Fernández

DINAMIZACIÓN DA LINGUA GAEGA:

- Milagros García Sambrejome (Coordinadora)
- Belén Rivas Araujo
- Paula Martínez Fernández.
- Natalia Fernández Rodríguez.
- Xoán Carlos Barbosa Fernández.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

- Aitor Cacabelos Barreiro
- Claustro de Profesores.

COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:

- Milagros García Sambrejome.
- Claustro de profesores/as.

OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA ESCOLAR:

- Xoán Carlos Barbosa Fernández-Director
- Carla S. Cerqueira Oliveira - Orientadora e Xefa de estudos.
- Belén Rivas Araujo- Representante profesorado.
- Laura Cuevas Patiño – Representante dos pais / nais.
- Jose Antonio Carballo Cousiño - Representante do persoal laboral non docente.
- Pilar Martínez Álvarez- Representante do Concello de Covelo.



HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

HORARIO DE SETEMBRO A XUÑO:

- Dende o xoves, día 8 de setembro de 2022, e ata o mércores, 21 de xuño de 2023 inclusive, o horario lectivo foi de 10:00 h a 16:00 h para o alumnado de educación infantil e educación primaria.
- O colexio non se fixo responsable de ningún alumno/a non transportado que chegue ao centro antes das 9:45 h.
- A asistencia con puntualidade á clase dentro dos horarios é obriga para profesorado e alumnado.

As actividades extraescolares iniciáronse a partir de outubro.

- HORARIO DE VISITAS:

Dirección: Xoán C. Barbosa Fernández

Luns, martes, mércores, xoves e venres en horario de 10:05 h a 10:55 h.

Secretaría: Amalia Rodríguez González

Luns, martes, mércores, xoves e venres en horario de 10:05 h a 10:55 h.

Xefatura de estudos: Carla Sandrina Cerqueira Oliveira.

Luns, mércores xoves e venres en horario de 10:55h a 11:45h, martes de 15:05 a 16:00h.

- TITORÍAS:

Tódolos martes a partir das 16:05 h. Na medida do posible, debíase avisar e confirmar previamente o día da entrevista tanto a nivel de equipo directivo como de titorías.

Demandamos a máxima implicación dos pais/nais no seguimento dos seus fillos/as.

CALENDARIO DE REUNIÓNS CURSO 2022 - 2023

| Días e Horas | Setembro | Outubro | Novembro | Decembro | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
|--|----------|---------|----------|-------------------|---------|----------|-------|-------|------|-------------------|
| Claustro | 7 | 18 | - | - | 24 | - | - | - | - | 29 |
| Consello Escolar | - | 18 | - | - | 24 | - | - | - | - | 29 |
| Comisión Económica <u>16:10 h</u> | - | 14 | - | - | 20 | - | - | - | - | - |
| Coordinación Pedagóxica <u>16:30 h</u> | 7 | 4 | 8 | 29 ^{nov} | 10 | 7 | 7 | 11 | 2 | 30 ^{mai} |
| Extra-Escolares <u>17:30 h</u> | 7 | 4 | 8 | 29 ^{nov} | 10 | 7 | 7 | 11 | 2 | 30 ^{mai} |
| Equipo N. Lingüística <u>11:00 h</u> | 14 | 5 | 9 | 14 | 11 | 8 | 8 | 12 | 3 | 7 |
| D. de Orientación <u>16:30 h</u> | 20 | 11 | 8 | 13 | 17 | 7 | 7 | 11 | 9 | 6 |
| Escola de Pais/Nais <u>16:05 h</u> | 20 | 11 | 8 | 13 | 17 | 7 | 7 | 11 | 9 | 6 |
| Equipo Ciclo Infantil <u>16:30 h</u> | 5 | 25 | 15 | 13 | 31 | 14 | 21 | 18 | 16 | 6 |
| Equipo Ciclo (1º e 2º) <u>16:30 h</u> | 6 | 25 | 15 | 20 | 31 | 28 | 28 | 25 | 16 | 13 |
| Equipo Ciclo (3º e 4º) <u>16:30 h</u> | 6 | 25 | 22 | 20 | 31 | 28 | 28 | 25 | 23 | 13 |
| Equipo Ciclo (5º e 6º) <u>16:30 h</u> | 6 | 25 | 22 | 20 | 31 | 28 | 28 | 25 | 23 | 13 |

Notas:

Horario de tutoría (atención aos pais/nais): tódolos martes a partires das 16:30h.

Nas reunións dos Equipos de Ciclo de Primaria participarán os titores/as / coordinador/a + especialistas (inglés, música, educación física) + orientación + pedagogía terapéutica + audición e linguaxe + xefatura de estudos.

As reunións de ciclo de setembro programadas para as 16:30 h realizaranse nos primeiros días non lectivos ata o 8 e nas reunións programadas durante a xornada lectiva. O día **30 de maio** farase a de coordinación pedagóxica de xuño e os días **6 e 13 de xuño** as reunións avaliación final. Cando algunha reunión debido a calquera circunstancia extraordinaria non se poda celebrar no día que corresponda, farase o posible para facela ao longo desa mesma semana.

MEMORIA DO
DEPARTAMENTO
DE ORIENTACIÓN

CEIP Antonio Blanco Rodríguez

CURSO 2022-2023

INDICE

| | |
|---|-------------|
| 1. INTRODUCCIÓN. | Px 3 |
| 2. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS. | Px 4 |
| 3. ACCIÓNS PRIORITARIAS DESENVOLTAS POLO DEPARTAMENTO. | Px 6 |
| 4. ACTIVIDADES REALIZADAS. | Px 7 |
| 5. DIFICULTADES ATOPADAS E ELEMENTOS DE MELLORA. | Px 9 |

1. INTRODUCCIÓN

O Departamento de Orientación do CEIP Antonio Blanco Rodríguez, constituíuse para o curso escolar 2022-2023 ne sesión de data 20 de setembro de 2022

O Departamento de Orientación funciona regulado polo Decreto 120/1998 (DOG 31 de xullo de 1998) e pola Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia .

Os compoñentes do Departamento de Orientación do CEIP Antonio Blanco Rodríguez, para o curso 2022-2023 son:

Rivas Araujo, BELÉN (Coordinadora de E.I.)

Martinez Fernandez, PAULA (Coordinadora do 1º ciclo.)

Fernandez Rodriguez, NATALIA (Coordinadora do 2º ciclo.)

Fernández Barbosa, XOÁN CARLOS (Coordinador do 3º ciclo)

García Sambrejome, MiLAGROS (PT)Rodriguez, Rodriguez, IRENE
(SUBSTITUTA)

Rubido Janeiro, PAULA (A.L.)

Cerqueira Oliveira ,CARLA SANDRINA (Xefa do DO)

No artigo 10 da Orde do 24 de xullo de 1998 establécense as funcións do Departamento de Orientación e no artigo 11 da anteriormente citada orde as funcións da Xefa do Departamento de Orientación .

O Alumnado ó que foi dirixida a nosa acción:

O numero de alumnos matriculados no Ceip de Covelo durante este curso escolar foi de 116 alumnos/as, sendo a súa distribución a seguinte:

TOTAL ALUMNADO EDUCACIÓN INFANTIL: 39 ALUMNOS

| | |
|------------------------|-------------------|
| 4º CURSO DE E.I | 12 alumnos |
| 5º CURSO DE E.I | 16 alumnos |
| 6º CURSO DE E.I | 11 alumnos |

TOTAL ALUMNADO EDUCACIÓN PRIMARIA : 77 ALUMNOS

| | |
|-----------------|-------------------|
| 1º CURSO | 09 alumnos |
| 2º CURSO | 12 alumnos |
| 3º CURSO | 19 alumnos |
| 4º CURSO | 12 alumnos |
| 5º CURSO | 12 alumnos |
| 6ºCURSO | 13 alumnos |

2.GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

A intervención deste Departamento de Orientación levouse a cabo baixo unha metodoloxía constructivista, significativa funcional,interactiva, flexible, baseada na mediación ,na individualización e no principio de aprender a aprender, a través dos seguintes ámbitos de actuación: Apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe, atención á diversidade, orientación académica e acción tutorial.

A continuación preséntanse os obxectivos propostos na Programación anual do Departamento de Orientación para o curso 2022-2023 e o grado de consecución dos mesmos:

- Facilitar o coñecemento das características do alumnado procedente dos centros adscritos, que inician a escolarización no centro → acadado.
- Prestar apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado, así como aos criterios de avaliación formativa. → acadado.
- Coordinar e colaborar na organización e atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. → acadado.
- Fomentar a inclusión e participación do alumnado na dinámica do centro, favorecendo actitudes de respecto, colaboración e tolerancia, así como o cumprimento das normas básicas de convivencia. → acadado.
- Favorecer a comunicación co alumnado e as súas familias, nos ámbitos individuais e grupais. → acadado.
- Asesorar ao equipo directivo e aos equipos docentes en temas de avaliación, promoción... → acadado.

- Colaborar no proceso de toma de decisións, especialmente nas académicas e profesionais, mediante programas de orientación que doten ao alumnado da capacidade de toma de decisións responsables → Non se realizou un programa específico, só casos individuais e puntuais.
- Colaborar cos servizos de orientación do ámbito educativo. → acadado.
- Coordinar as actividades titoriais, asegurando a coherencia no desenvolvemento do plan de acción tutorial nos distintos niveis educativos, e favorecendo a formación do titor/a para que poida desempeñar as súas funcións adaptándose ás características do grupo-clase. → acadado.

Obxectivos referidos ao proceso de ensino-aprendizaxe:

- Asesorar ao equipo directivo e ao profesorado sobre as medidas educativas ordinarias e extraordinarias de atención a diversidade e a necesidade da súa implantación para poder atender á diversidade do alumnado. → acadado.
- Colaborar cos equipos docentes na avaliación inicial do alumnado e no establecemento de medidas educativas adaptadas ás necesidades detectadas no grupo ou nalgún alumno ou alumna. → acadado.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas fronte a diversidade multicultural. → acadado.
- Participar no deseño, desenvolvemento e seguimento de medidas de carácter preventivo e compensador das Necesidades Específicas de Apoio Educativo: reforzo educativo, adaptación curricular, agrupamentos específicos, apoios puntuais... → acadado.
- Apoiar o desenvolvemento de medidas de atención á diversidade adaptadas ás necesidades e características de cada alumno/a, dun pequeno grupo ou dun grupo-clase. → acadado.
- Colaborar cos equipos docentes para que se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie o desenvolvemento de actividades que favorezan a aprendizaxe significativa. → acadado.

- Promover actividades que impliquen a colaboración entre o centro e as familias.
→ acadado.
- Asesorar e elaborar guías orientativas para o desenvolvemento das sesións de avaliación, na procura de actuacións que permitan dar coherencia ás respostas educativas. → non se elaboraron guías.
- Colaborar e coordinarse cos diferentes servizos que colaboran no ámbito da orientación→ acadado.
- Participar no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos. →Non houbo programas de esta natureza.

3.ACCIÓNS PRIORITARIAS DESENVOLTAS POLO DEPARTAMENTO.

Medidas preventivas

1. Aplicación dunha avaliación inicial, colaborando co mestre tutor, aos alumnos que acoden ao centro por primeira vez e que presenten algún tipo de problemática específica (*1º trimestre*).
2. Asesoramento e colaboración na elaboración dunhas pautas para as familias sobre a conduta do alumnado, hábitos de estudo... (*Todo o curso. Asesorías individuais ás familias*).
3. Programa de Estimulación da Linguaxe oral en Infantil.(Todo o curso).Desenvolto pola mestra especialista en Audición e Linguaxe.

Medidas destinadas ás NEAE

1. Identificación das potencialidades e as dificultades do alumnado con NEAE.
2. Determinación das pautas de actuación para dar resposta ás dificultades de aprendizaxe .
3. Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe, especialmente daquel con

necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo español .

4. Asesoramento e colaboración co profesorado que se faga responsable das actividades de apoio .
5. Valoración global trimestral dos casos de NEAE .
6. Asesoramento na avaliación do alumnado con NEAE

4. ACTIVIDADES REALIZADAS.

1. **Reunións do Departamento de Orientación.** Ditas reunións realizáronse o segundo martes de cada mes ás 16:05h. da tarde.(Un total de 10 reunións). Os temas tratados están relacionados fundamentalmente coa atención ó alumnado con n.e.a.e, as medidas de atención á diversidade postas en marcha e ó seguimento das mesmas.
2. **Avaliacións psicopedagógicas:** Realizáronse un total de 8 avaliacións psicopedagógicas e varias revisións.

Ademais realizáronse varios informes escolares: para o servizo de menores da Xunta de Galicia, para as becas de educación Especial e para servizos médicos e atención temperá.

Os principais instrumentos estandarizados de avaliación utilizados foron os seguintes:

- Proba psicopedagóxica BADyG: Batería de Aptitudes Diferenciais e Xerais.
- Proba psicopedagóxica MATRICES PROGRESIVAS DE RAVEN.
- WISC-IV, escala de intelixencia de Wechsler para nenos.
- BOEMH, Test Boehm de conceptos básicos. Ann E. Boehm.
- Rexistro fonolóxico Inducido.(Marc Monfort e Adoración Juárez Sánchez)
- TEST DST-J (Test para la detección de la Dislexia en niños)
- TEST ESCALA DE INTELIGENCIA DE WECHSER PARA NIÑOS (WISC- IV)
- Proba psicopedagóxica D2 (Rolf Brickenkamp)
- Proba psicopedagóxica CARAS-R (L.L Thurstone y M. Yela).

- Cuestionario de Conners para padres y profesores. Adaptados por Farré y Narbona.
 - Escalas para la evaluación del déficit con hiperactividad (EDAH) de Farré y Narbona.
 - Cuestionario TDAH DSM-V .
 - Cuestionario de Madurez Neuropsicológica Escolar CUMANES.
 - Cuestionario de Madurez Neuropsicológica Infantil CUMANIN.
 - Escala de Inteligencia de Reynolds :RIAS.
 - PROLEXIA .
 - EVAMAT : Bateria para la evaluación de la Competencia Matemática (adquirido este curso polo Departamento de Orientación)
3. **Adaptacións Curriculares:** Realizouse 1 ACs .
 4. **Solicitud de asesoramento ao E.O.E** fixéronse 2 demandas de intervención do EOE.
 5. **Reunións coa Educadora Familiar do Concello de Covelo** unha presencial e varias telefónicas.
 6. **Reunións coa psicóloga coordinadora do S.AT.** Mantiveronse varias ao longo do curso.
 7. **Asesoramento e orientación ós pais/nais.** Durante o curso foron numerosos os pais e nais que se achegaron ó Departamento de Orientación para solicitar asesoramento en temas relacionados co desenvolvemento dos seus fillos/as. (Ceip Antonio Blanco Rodriguez).
 8. **Reunións cos Centros de Referencia (IES Val do Tea)** Mantivéronse 3 reunións coa Orientadora do do IES Val do Tea, para tratar os temas referentes ó alumnado de 6º .(Ceip Antonio Blanco Rodriguez)
 9. **Charla sobre Bullying en 6º primaria :** Impartiuse, por parte da Orientadora do centro o día 28/02/2023.(Ceip Antonio Blanco Rodriguez)
 10. **Charla sobre Técnicas de estudio en 6º primaria :**Impartiuse, por parte da Orientadora do centro o día 24/03/2023.(Ceip Antonio Blanco Rodriguez).

11. Charlas sobre **Interculturalidade en 6º de Educación Infantil** en xaneiro de 2023, traballado a través do conto “Un chocolate moi especial”, por parte da Orientadora do centro
12. **Charlas sobre o autoconhecimento** a través do conto “Tu cuerpo es tuyo” en 6º de Educación Infantil.(Xaneiro 2023), por parte da Orientadora do centro.
13. Traballo sobre **as xestións de emocións en 2º de E.P.** a través do conto “El hilo invisible”, por parte da Orientadora do centro.
14. **Charlas en 2º E.P. sobre Autocontrol e resolución pacífica de conflitos** a través dos contos “Tengo un volcán” e “Hoy no juegas”, por parte da Orientadora do centro .
15. Organización, en colaboración co concello de Covelo e a Deputación de Pontevedrade charlas **sobre diversidade afectivo -sexual** coa asociación **Nós Mesmas.**
16. **Colaboración e coordinación con gabinetes psicopedagóxicos.** Colaborouse en todo momento cos gabinetes privados ós que acoden os nosos alumnos /as que así o solicitaron. (Centro ENGLIBA de Pontearreas).
17. Asistencia da Orientadora ao **Congreso de Convivencia de Benestar Emocional** celebrado en Santiago o día 7 de marzo de 2023.
18. **Visita ao IES Val do Tea** co alumnado de 6º E.P, o día 19 de maio de 2023.
19. Asistencia da Orientadora ás **Xornadas de Atención á diversidade** celebradas en Santiago o 23 de maio de 2023.
20. Charlas de **Ciberacoso e Tecnoadictos** promovidas polo Concello de Covelo para 5º e 6º de E.P. Celebradas no auditorio do colexio o día 30/05/2023.
21. **Visita ao CPI Mondariz**, cunha alumna de 6º que cursará alí a ESO. (08/06/2023)

5. DIFICULTADES ATOPADAS E ELEMENTOS DE MELLORA

A) Dificultades atopadas.

- Dificultades do profesorado para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

B) Propostas de mellora para o vindeiro curso.

- Formación do profesorado en materia de atención á diversidade.
- Concienciar ós titores como coordinadores das medidas que se poñen en marcha para dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

Valoración final PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Conscientes en todo momento de que todo é mellorable, en xeral cabe decir que os obxectivos proposto na concreción anual do Plan Xeral de atención á diversidade se acadaron. A implicación e participación dos diferentes profesionais foi , en liñas xerais, satisfactoria.

Valoración Final do PLAN DE CONVIVENCIA.

Os obxectivos proposto no Plan de convivencia acadáronse satisfactoriamente. Temos que facer fincapé en que os pequenos conflitos que se deron ao longo do curso entre o alumnado, foron , na grande maioría dos casos, resoltos a nivel de titoría e que naqueles grupos onde xurdiron máis conflitos (como no caso de 6º de E.P.) de fixo unha intervención directa por parte da orientadora e coordinadora de benestar emocional do centro.

Covelo, 21 de xuño de 2023

A ORIENTADORA



Carla S. Cerqueira Oliveira

MEMORIA DE
PEDAGOGÍA
TERAPÉUTICA
(CURSO 2022-23)

MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

CURSO 2022-23

A miña intervención neste curso 2022-23, dirixiuse á atención de alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE), seguindo as directrices da Orde de 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

■ Comezaron cunha atención específica 8 alumnos, e ao longo do curso houbo 3 novas incorporacións:

.- 2 alumno/as de 6º de primaria tiñan problemas coas áreas instrumentais.

.-º de Primaria con problemas nas áreas instrumentais e problemas de conduta.

.- Co alumno de 2º de Primaria que ten o Síndrome de Pelizaeus Merzbacher tiven que desenvolver un plan de atención totalmente individualizado, axeitado as súas, sendo moi enriquecedora e positiva a intervención.

.- A finais do 1º trimestre houbo un alumno de 2º que se incorporou a P.T. por problemas nas áreas instrumentais e na lecto-escritura. No 2º trimestre tamén recibiu atención específica unha alumna de 2º na mesma situación.

.- Tamén asistiron a aula de P.T. dous alumnos de 3º de Primaria con problemas nas áreas instrumentais e na lectoescritura, habendo unha nova incorporación no mes de novembro.

.- 3 alumnos de 4º asistiron a P.T. para afianzar a lecto escritura e as áreas instrumentais.

. Asistiron a tempo parcial en catro grupos de traballo, nun determinado número de sesións, dependendo das súas necesidades educativas, para reforzar na medida do posible a súa aprendizaxe escolar dende tódolos ámbitos, tendo en conta o Decreto 330/ 2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na CAG. E o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na CAG e a Orde de 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

. Os problemas amosados polos alumnos para recibir apoio de P.T. foron:

.- Problemas nas áreas instrumentais.

- .- Déficit de comprensión e expresión tanto oral como escrita.
- .- Atraso escolar asociado a diversas carencias.
- .- Déficit grafomotriz.
- .- Déficit de sociabilidade e baixa autoestima.
- .- Múltiples carencias asociadas.

■ Traballei nunha dobre vertente con tódolos alumn@s:

.-No afianzamento das destrezas e habilidades, traballando as áreas nas que amosaban carencias e necesidades educativas.

.-Fomentando a autoestima dos alumnos na medida do posible, dándolle unha gran importancia á socialización.

■ Polo tanto a actuación desenvolvida na aula estivo encamiñada á procura dunha educación que me permitise en todo momento acadar o máximo desenvolvemento persoal do alumn@, na medida do posible; prevalecendo o aspecto social e integrador.

■ A miña principal meta como mestra de pedagogía terapéutica foi a de “*lograr o desenvolvemento harmónico dos alumn@s, dende tódalas súas vertentes psicolóxica, escolar, afectiva e integradora*”; por iso en todo momento os alumnos foron o principal elemento a teres en conta á hora de planificar o meu plan de actuación.

■ Os principios metodolóxicos do meu traballo foron os seguintes:

.-Métodos e técnicas dunha ensinanza activa que potenciasen ao máximo a participación do alumno, xa que ao amosar dificultades tardaban máis tempo en adquirir os conceptos, polo que debía motivalos e prestarlles os estímulos necesarios.

.-Partín sempre dunha ensinanza individualizada, que levase aos alumnos a un desenvolvemento das súas posibilidades persoais, respondendo en todo momento aos diferentes ritmos e nivel madurativo de desenvolvemento; polo que atendín de modo individualizado na medida do posible aos alumnos, asumindo a súa situación real e dándolle pautas de confianza para favorecer o seu desenvolvemento nas competencias, expresividade, individualización e socialización.

.-O ambiente de traballo sempre foi o máis distendido posible, cunha gran cordialidade e confianza mestra - alumno, procurando tratalos sempre con cariño.

.-En todo momento potencie a integración social do alumno, non só na aula de apoio, tamén na súa aula ordinaria e no centro.

.-A introdución ao traballo en ocasións foi a través do xogo co que logrei ademais uns obxectivos afectivos e incluso a aceptación de normas.

.-Sempre partín dun tratamento intuitivo, dende a realidade máis próxima ao alumno, para ir introducindo novos coñecementos de forma variada dende a plurisensorialidade, e dicir, canto maior era campo de captación, maior era o de asimilación, dunha forma proporcional.

.-Empreguei medios e recursos didácticos en función do propósito educativo e das necesidades e carencias dos alumnos.

■ *Os obxectivos programados* para o curso estiveron en todo momento relacionados coas deficiencias que presentaban os alumnos, sendo moi graduados co fin de que o alumno lograra un obxectivo antes de pasar ao seguinte, estando o tempo necesario para a súa consecución:

● *Os obxectivos básicos* desenvolvidos na aula corresponderon aos seguintes ámbitos: coñecemento de si mesmo, coñecemento do medio, relación co medio, comprensión oral e visual, expresión oral, comprensión e expresión da lecto – escritura e razoamento lóxico non verbal.

● *Partindo de todo o exposto con anterioridade desenvolvín uns programas de actuacións, cos seguintes obxectivos a traballar:*

- Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia.
- Favorecer a autonomía do alumnado.
- Traballar a autoestima e o autoconcepto.
- Autoconhecimento das súas capacidades.
- Adquirir conceptos básicos que nos vindeiros cursos permitan construír aprendizaxes sólidas e significativas, que os capaciten na medida do posible na adquisición das competencias.
- Adaptar as actividades e os tempos ás necesidades de cada un dos alumnos/as.
- Presentar a información por todas as canles posibles (auditiva, visual, perceptiva, e manipulativa).
- Propoñer actividades graduadas en complexidade mediante a secuenciación das mesmas.
- Empregar o xogo como ferramenta central e motivadora.
- Partir dos intereses previos do alumnado para a realización de materiais e a proposta das actividades.
- Reforzar a expresión e comprensión oral e escrita.
- Aumentar o vocabulario.
- Dotar ao alumnado de estruturas para expresarse con corrección.
- Resolver problemas da vida cotiá utilizando e combinando as operacións básicas.

- Presentar ao alumnado técnicas para enfrontarse dun modo máis eficaz ás tarefas académicas.
- Buscar a utilidade real das aprendizaxes traballadas para así comprender a súa importancia.
- Contribuír a que o alumno/a coñeza as súas obrigas e deberes
- Fomentar hábitos de lecer sans e saudables.

■ Os principais recursos persoais de coordinación ao longo do curso foron:

- En todo momento contei co asesoramento da orientadora.
- Os titores/as dos alumnos e demais profesorado especialista.
- Cos integrantes do Departamento de Orientación (orientadora e mestra de A.L), tendo xuntanzas os martes na primeira sesión da mañá, ademais de manter contacto e coordinación sempre que fose necesario.
- En canto ás familias, leváronse a cabo coordinacións puntuais, cando se estimaron oportunas.

■ A organización da aula de apoio foi do seguinte xeito:

.- Tiñamos recunchos de traballo para cada grupo, cunha cor diferente.

.-Levei a cabo a *planificación do traballo* a desenvolver ao longo de todo o curso, modificando diferentes aspectos en función das necesidades que ían xurdindo para proporcionar a mellor resposta educativa individualizada para cada un dos alumnos.

.-*Partín do feito de que o alumnado era o máis importante*, sendo a miña principal meta que este lograra un desenvolvemento harmónico dende todas as vertentes: psicolóxica, escolar, afectiva e integradora. Polo tanto a miña planificación realizouse en función disto, preparando unha programación do traballo a desenvolver, respectando o momento madurativo de cada un deles/as.

.-*Preparei un horario*, de acordo ás necesidades de cada alumno para asistires a aula de apoio unhas determinadas sesións ao longo da semana, de 50 minutos aproximadamente, tendo en conta que foi un horario flexible, tendo sempre presente o feed - back, para levar a cabo unha retroalimentación cando fose necesario, de acordo coas necesidades que puidesen xurdir. En todo momento tiveron en conta materias específicas como música, educación física, relixión, plástica e coñecemento do medio por ser motivadoras e integradoras.

.-*A distribución da aula* foi un factor básico para poder desenvolver tódalas actividades previstas, xa que tiveron distribuída a mesma en “cunchos de traballo”, de acordo ás necesidades (psicomotricidade, xogos, lingua, razoamento lóxico non verbal, material dos

alumnos, nosa biblioteca e plástica), así mesmo cada grupo de traballo tivo mesas específicas coa cor correspondente o seu grupo.

.- Preparei un curruncho de informática cun ordenador a disposición dos alumnos.

.- Dende despois de semana santa contamos cunha pantalla táctil dixital, que facilita moito o traballo.

.- *Perante o curso empreguei diverso material funxible e non funxible*, sempre de acordo ás actividades programadas, mercando o material preciso para poder desenvolver as actividades(xilófono musical, volante, pelotas táctiles...) incluso, preparamos material específico para desenvolver certas actividades, sobretodo co alumno que ten o Síndrome de Pelizaeus Merzbacher. Os principais recursos materiais utilizados ao longo do curso foron: o material didáctico impreso como libros de contos, fichas, cadernos de lecturas, o libro de texto e o caderno. xogos informáticos lúdicos, material de elaboración propia como tarxetas de vocabulario, láminas con sílabas e palabras historias, tableta, ordenador...

.- *A aula de Pedagogía Terapéutica participou activamente en tódalas actividades* desenvolvidas polo centro, procuramos realizar diversos traballos que lles deran autoestima. A nivel específico da aula de apoio fixemos diversas actividades e murais relacionadas coas aprendizaxes que lle deron máis problemas aos alumnos, letreiros con normas gramaticais, táboas de multiplicar, días da semana, meses do ano...

■ Coma conclusión podo subliñar que os resultados acadados foron positivos:

.- O alumno de 2º de Primaria co Síndrome de Pelizaeus Merzbacher avanzou moito neste curso, cunha resposta moi positiva, tendo en conta as múltiples carencias asociadas que presenta e interactuando comigo en todo momento, amosándose sempre contento; tendo en conta que debido a súa patoloxía este curso faltou bastante dende Nadal, polo que cabe subliñar o seu avance., sempre desenvolvendo todo o plan de actuación de xeito oral, ou óculo-manual coa miña axuda para coordinar o movemento da man. O próximo curso pasa a 3º de Primaria, polo que desenvolveremos un plan preferente de actuación.

.- No caso d@s alumn@s de 2º promocionan a 3º, pero deberían ter unhas sesións de apoio polas lagoas que presentan na adquisición de habilidades e destrezas que lle dificultan a aprendizaxe, sobretodo nas áreas instrumentais e na lecto escritura.

.- Os tres alumnos de 3º que promocionan a 4º aínda que tiveron moito avance tamén deberían seguir contando con apoio.

.- Os alumnos de 4º que promocionan a 5º, avanzaron moito pero seguen presentando lagoas na lecto escritura e nas áreas instrumentais, polo que deben seguir recibindo apoio.

.- No caso de 6º de Primaria unha alumna promociona por imperativo legal, xa repetiu un curso en primaria, e o outro alumno repetirá curso polo que debemos estar atentos a súa evolución.

▪Traballamos en todo momento respectando o momento madurativo, individualidades e necesidades alumnos, e sen esquecer que en todo momento tivemos presente o feed-back. Nesta consecución de obxectivos tivo moito que ver a motivación, xa que estes alumnos necesitaban constantemente uns estímulos que mellorasen a súa autoestima, para sentirse capaces de realizar as actividades de xeito autónomo, na medida do posible.

▪ Como proposta de mellora debemos constatar que sería necesario mellorar a dotación de material da aula, sobretudo para o alumno con síndrome de Pelizaeus Merzbacher e contar **con algún equipo informático máis** para desenvolver numerosas actividades polo enriquecedoras que resultan para @s alumn@s con dificultades.

Covelo a xuño de 2023

A ESPECIALISTA DE P.T.



| | |
|---|----------|
| 1. CLASIFICACIÓN DOS ALUMNOS ATENDIDOS..... | 1 |
| 1.1. CEIP COVELO..... | 1 |
| 1.1.1. Educación Infantil..... | 1 |
| 1.1.2. Educación Primaria..... | 1 |
| 1.2. CEIP N°2 TUI..... | 2 |
| 2. TEMPORALIZACIÓN E METODOLOXÍA..... | 2 |
| 3. COORDINACIÓNS..... | 2 |
| 4. PROGRAMA PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL (PELO) EN EDUCACIÓN INFANTIL..... | 2 |
| 4.1. DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS CEIP DE COVELO..... | 3 |
| 5. PROPOSTA DE MELLORA..... | 3 |

Durante o **curso 2022/2023** a atención por parte da mestra especialista en **Audición e Linguaxe** levouse a cabo de forma conxunta en ámbolos dous centros educativos. E tívose especial consideración en canto á lexislación actual presente na nosa comunidade, onde cobra especial relevancia de cada a nosa labor a **Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006...**

1. CLASIFICACIÓN DOS ALUMNOS ATENDIDOS:

1.1 CEIP COVELO

EDUCACIÓN INFANTIL

A totalidade do alumnado correspondente aos tres niveis da etapa for atendido polo PROGRAMA DA Linguaxe Oral (PELO).

EDUCACIÓN PRIMARIA

| Niveis Educativos | 1º | 2º | 3º | 4º |
|--------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Nº Alumnos | 2 | 2 | 2 | 2 |

1.2 CEIP Nº2 TUI

Apoio na aula do segundo ciclo de Primaria. Lectoescritura.

2. TEMPORALIZACIÓN E METODOLOXÍA

As sesións foron realizadas segundo o horario estipulado polo DO en temporalización de 50 min.

As sesións de PELO realizáronse en sesións semanais completas de 50 minutos, segundo o programado. A metodoloxía empregada na aula de AL baseouse nunha serie de principios metodolóxicos tales como o aprendizaxe significativo, reforzo positivo, utilización de apoios visuais, estruturación dos aprendizaxes presentados de maneira lúdica, interactiva a través do xogo.

O ambiente foi lúdico, de confianza mutua, motivador e moi participativo. Así mesmo, a colaboración e coordinación profesorado teñen una consideración de mellorables

3. COORDINACIÓNS

Realizáronse as coordinacións necesarias, presenciais co profesorado- titor e co Departamento de Orientación .

4. PROGRAMA PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL (PELO) EN EDUCACIÓN INFANTIL

Desenvolvéronse obxectivos para desenvolver a atención, a imitación, a comprensión e a expresión oral. Utilizouse unha metodoloxía encamiñada a favorecer a interacción comunicativa, mediante actividades lúdicas, presentadas con enfoque globalizador, e que engarzan contidos aprendidos con novos mediante aprendizaxe significativo, dando así continuidade ás aprendizaxes.

Os materiais utilizados foron de tipo audiovisual tipo fichas interactivas, contos, xunto con actividades de tipo convencional, como fichas, descripcións, narracións de experiencias, opinións...

. 4.1. DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS CEIP DE COVELO.

Os programas desenvóléronse de forma axeitada en tódolos niveis. O nivel de consecución do alumnado por parte dos obxectivos, o número de sesión, así como a posibilidade de continuar cos apoios recibidos, queda reflexado nos pertinentes informes finais do alumnado. En canto o PELO, o programa desenvólvese axeitadamente nos tres niveis de infantil, onde se detectaron varios atrasos fonolóxicos por parte do alumnado, como se comentou na correspondente 3ª sesión de avaliación do curso. A nivel xeral o nivel de atención e traballo foi bo, chegando ás aprendizaxes ofrecidas en maior ou menor medida, de maneira satisfactoria.

CEIP Nº2 TU: Realizouse principalmente Apoio na Aula no primerio curso do Segundo ciclo. Nunha das aulas realizouse tamén apoio na lectura debido a alumnado procedente do estranxeiro, o cal tiña moitas dificultades co idioma.

Fíxose con catro alumnos escritura posto que non tiña acadado a motricidade fina como corresponde o curso que estaban e entre a titora máis eu, fixemos uns cadernos de escritura no cal eles cada martes realizan unha folla ou máis para mellorar a letra. A titora máis eu vimos enseguida avances e lles estamos dando traballo para mellorar na casa e empezar o seguinte curso sen ninguna dificultade.

5. PROPOSTAS DE MELLORA

Destacar a importancia de establecer criterios diferenciados para a atención educativa individualizada do alumnado que precisa apoio da especialista de PT e/ou AL, así coma o alumnado con reforzo educativo nunha ou varias áreas.

Covelo, xuño de 2023

Alexandra Díaz Blanco

MEMORIA DO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL 2022 – 2023

ÍNDICE

1. Introducción
2. Adecuación das programacións empregadas.
 - 2.1.Cumprimento da programacións
 - 2.2 Consecución dos obxectivos plantexados na programacións
- 3.-Actividades
 - 3.1.Iniciación ou continuación na aprendizaxe da informática
 - 3.2 Programa de estimulación da linguae oral (PELO), en Educación Infantil
- 4.-Coordinación con outros equipos do centro
 - 4.1.Medidas de atención á diversidade aplicadas
5. Avaliación
6. Valoración/propostas de mellora

1. Introducción:

O Equipo de ciclo de Educación Infantil quedou constituído na primeira reunión con data 5 de setembro de 2022 sendo os membros de dito equipo os seguintes:

- Yolanda Feijó Padrón (titora de 3 e 5 anos)
- Belén Rivas Araújo (titora de 4 anos e coordinadora do ciclo).
- Amalia Rodríguez González (apoio infantil)

Ademais contan coa intervención de diferentes especialistas_na aula:

- Educación Musical: Sandra Pérez Míguez

- Lingua inglesa: Paula García Tomé.
- Relixión: Tania González Comesaña
- Estimulación da linguaxe: Paula Rubido Janeiro
- Psicomotricidade: Aitor Cacabelos Barreiro
- Pedagogía terapéutica: Milagros García Sambréijome

As reunións do Equipo de ciclo tiveron lugar os segundos martes de cada mes, a non ser que non fosen lectivos, nese caso as reunións levábanse a cabo ó día seguinte, mércores na terceira sesión , na que as titoras dispoñen de esa hora para coordinarse e organizar actividades do ciclo.

Ademais destas reunións coordinamos continuamente todas as semanas para programar as actividades conxuntas, saídas, festivais, conmemoracións,...

2.Adecuación das programacións empregadas.

2.1.Cumprimento da programacións

Levou a cabo a programación realizada a principio de curso, sen maiores modificacións que as de adaptacións de tempo e ás características concretas dos nenos/as de cada aula. Fíxose unha programación de ciclo e outra de cada nivel na aplicación proens.

2.2 Consecución dos obxectivos plantexados na programacións

- **Aula de 3 anos:** Os nenos e nenas de acadaron os obxectivos propostos para este curso académico sen ningunha dificultade.

Destacar que algúns nenos/as presentan dificultades para pronunciar algúns fonemas. Algúns alumnos acoden a atención temperá.

-**Aula de 4 anos:** Todos os nenos e nenas acadaron os obxectivos mínimos propostos para o curso sen dificultades.

Destacar que hai varios nenos e nenas con dificultades na pronunciación de varios fonemas.

· **Aula de 5 anos:** Todos os nenos e nenas de 6º de educación infantil acadaron os obxectivos previstos para este curso sen dificultades.

Algúns nenos e nenas presentan dificultades na pronuncia de algúns fonemas e están pendentes de valoración para o vindeiro curso. Un dos alumnos acode a atención temperá. Unha ampla maioría dos nenos e nenas iniciáronse na lectoescritura en minúsculas sen dificultade.

3.-Actividades:

Ademais das actividades realizadas dentro das aulas en gran grupo, grupo-clase, en pequenos grupos e individuais, tamén se levaron a cabo actividades complementarias como as seguintes:

Primeiro Trimestre:

Proxecto piratas: Fixémolo en común os tres niveis de infantil, partimos do conto “Daniela pirata”, tiñan que pasar varios retos para conseguir un carné pirata e así saber , coñecer e explorar máis sobre o tema.

Samaín: conmemoramos este día participando nun xogo na que os nenos/as nas tiñan que acertar pistas para atopar os monstros e un tesouro pirata. Decoramos as portas do colexio con esta temática. Ademais realizamos todo o colexio un concurso de cabazas.

Magosto: Dende o ciclo elaboramos unha pequena manualidade feita cunha coroa de castañas e decoramos as caras dos nenos e nenas para conmemorar dito día.

Coreografiate: Participamos nun concurso sobre coreografías en galego coa canción “Terra” das Tanxugueiras

Super Doc: Este ano tivemos nas aulas de infantil un robot para traballar cos nenos e nenas a orientación espacial...

Charla bucodental: Durante unha sesión explicáronlle aos nenos e nenas a importancia da hixiene bucodental

Día do mestre: realización dun debuxo para conmemorar dito día.

Calendario: Desde dinamización da lingua galega, participamos na elaboración dun calendario personalizado para cada aula

Día universal da infancia: Gravamos un vídeo cos nenos e nenas de infantil coas cancións Dereitos do neno de Unicef e Junto a ti de Martina Burón

Día da non violencia de xénero: Participamos tanto nun mural por ciclo, coma con un mural de todo o colexio relacionado coa temática

Nadal: participamos cunha canción chamada “Te regalo una sonrisa”

Segundo Trimestre:

Proxecto os volcáns, traballouse en común en todos os niveis de infantil

Día da Paz: o día 30 de Xaneiro todos os nenos e nenas festexaron dito día cantando todos xuntos a canción “Apertas que voan” con linguaxe de signos. Tamén se fixo unha carreira de relevos con pombas de paz feitas polos nenos e nenas e falamos sobre a”Malala”

Entroido: Tivo lugar o día 17 de Febreiro. Os nenos e nenas de infantil celebraron o xoves de comadres e compadres cos seus bonecos feitos na cas. Durante a semana do entroido seguimos as oredes de vestimenta do meco e o día do entroido os nenos e nenas de infantil foron disfrazados de pentagramas porque a temática común do cole era de instrumentos musicais.

Día de Rosalía, os nenos fixeron unha búsqueda con códigos QR polas aulas para buscar información sobre a autora

Semana da prensa: todo o centro elaborou un xornal. Cada curso elaborou unha sección diferente. · 3 anos: o tempo, 4 anos: deportes e 5 anos: local

Saída, 23 de Marzo fixemos unha saída ao museo “Mar de Vigo”

Mural en galego, dende dinamización da lingua galega propuxeron facer un mural cunha temática, para que os nenos e nenas coñeceran máis palabras en galego. En infantil a temática foron os alimentos, fixemos un mural cun supermercado e as diferentes seccións.

Terceiro Trimestre:

Proxecto, neste trimestre traballamos conxuntamente o proxecto “O antigo Exipto”

· **Día do libro**: Participación do ciclo en varias actividades: Durante esa semana os nenos e nenas de primaria van contar varios contos aos nenos de infantil .Recibiron un marcapáxinas coa caricatura do autor gañador das letras galegas deste ano. Participaron nun concurso da biblioteca “A portada do meu conto favorito”. Tamén recibiron a visita da ilustradora Estefanía Padullés.

Saída, o 26 de Abril os nenos e nenas de 4 e 5 anos fixeron unha saída ao museo de Pontevedra

Concurso, participación de todo o cole no concurso Dígoche Eu, para aprender palabras en galego

· **Letras Galegas**: Tivo lugar o día 16 de Maio, festexaremos dito día ca realización das Olimpíadas escolares, onde se levaron a cabo varias probas e os nenos e nenas recibiron un diploma.

Pola tarde fíxose un pequeno festival onde os nenos e nenas de infantil cantaron a canción O moucho de Rosalía de Castro.

· **Día da familia**: Para festexar dito día (15 de Maio) os nenos e nenas levaron unha pequena manualidade.

· **Xornal escolar**: este enfocado á celebración das letras galegas e no que se reflexan as actividades realizadas no curso

· **Xornada de achegamento para as familia** dos nenos/as que están matriculados para vindeiro curso o día 23 de Maio. Ensinámoslles o colexio e démoslles un díptico con información sobre a etapa de infantil

Excursión de fin de curso: todo ciclo o día 13 de Xuño desfrutou dunha xornada no hipódromo “La muralla” en Redondela

Banda de música de Mondariz, o 2 de Xuño , actividade cos nenos e nenas de infantil

Graduación de 5 anos: os nenos e nenas de 5 anos celebraron a graduación cos nenos e nenas de 6º de primaria, démoslle un diploma, unha orla e un agasallo, ademais do visionado dun video recordando o seu paso polo colexio nestes anos.

3.1.Iniciación ou continuación na aprendizaxe da informática:

Neste curso escolar 2022-2023, todo o alumnado de Educación Infantil , iniciouse e aproximouse ao ordenador como unha ferramenta máis para o desenvolvemento de habilidades e destrezas, como un medio máis ao alcance do neno/a obtendo del experiencias para complementar, ampliar e reforzar todas as súas aprendizaxes.

Todos os nenos/as de infantil van unha hora semanal á aula de informática: 4º de E.

Infantil os venres na 3ª sesión, 5º de E. Infantil os martes na 3ª sesión e 6º de E. Infantil os luns na 3ª sesión. Durante as primeiras sesións os nenos e nenas tiveron unha toma de contacto cos ordenadores , coñecendo as partes que o compoñen (teclado, rato, pantalla, altofalantes...) .

Os nenos/as de 4º de infantil traballaron nos dous primeiros trimestres no ordenador da aula, que conta ademais cunha pantalla táctil interactiva; no 3º trimestre foron á aula de informática. A principal actividade foi o manexo do rato, para esta actividade tivemos que adaptar os ratos, colocándolles unha pegatina (gomet) no botón esquerdo e controlando a posición dos dedos do neno/a no mesmo. Os alumnos/as de 5º e 6º de E. Infantil traballan de forma individual nos ordenadores; a medida que foi avanzando o

curso tamén se traballou con eles o acendido e apagado do ordenador, conectarse a internet, buscar os xogos nos que traballan habitualmente..... Nas aulas de 5º e 6º de E. Infantil hai unha pantalla táctil interactiva que tamén empregamos para reforzar aprendizaxes.

Empregamos diferentes xogos multimedia para traballar, nos que os nenos e nenas aprenderon a arrastrar e clicar co rato; e tamén diferentes programas que están na páxina web do centro. Os xogos estaban adaptados ás diferentes idades, así para os nenos e nenas de tres anos eran xogos de aprendizaxe do manexo do rato, de conceptos básicos e para os nenos e nenas de catro e cinco anos, xogos de iniciación á lecto-escritura, aprendizaxe matemático, actividades de comprensión de contos, de observación, relacións, agudeza visual....

No terceiro trimestre os alumnos/as de 6º de E. Infantil iniciáronse na escritura de palabras no libre office Writer, unha actividade que resultou moi motivadora e enriquecedora para eles/as.

3.2 Programa de estimulación da linguaxe oral (PELO), en Educación Infantil

Este programa vai dirixido os nenos/as de 3 a 5 anos. Levarase a cabo nunha sesión de 50 min en cada un dos cursos de E.I.

O programa está a disposición das titoras na aula de Audición e Linguaxe. As actividades do programa están clasificadas por fonemas.

Ademais dese programa usáronse outros materiais para levar a cabo o desenvolvemento de ditas actividades como materiais de motricidade bucofacial, contos, material TIC...

O programa que estamos a seguir neste curso é:

1. Comprensión Oral
2. Diferenciar e identificar as sílabas que compoñen unha palabra.
3. Discriminación Oral
4. Discriminar e identificar fonemas illados ou dentro da palabra
5. Desenvolver a memoria auditiva
6. Respirar correctamente, con axudas de materiais específicos.
7. Pronunciar correctamente os sons do idioma, xa sexan illados ou en cadea fonemática.
8. Utilizar correctamente os sons do idioma, xa sexan illados ou en cadea fonemática.
9. Expresar oralmente feitos, ideas, sentimentos...
10. Percibir semellanzas e diferenzas entre sons usuais.
11. Controlar o ritmo da expresión oralmente
12. Adquirir o vocabulario básico adecuado ao nivel
13. Crear e estimular o desenvolvemento de situación sda comunicación respectando as normas mediante xogo y el conto como estratexia lúdica y creativa da linguaxe
14. Previr posibles dificultades relacionadas coa linguaxe e a fala
15. - Aumentar o vocabulario.-
16. Mellorar a expresión oral

4.-Coordinación con outros equipos do centro:

A coordinación dentro do ciclo entre as distintas mestras foi axeitada tendo en conta que compartían temática no desenvolvemento dos proxectos, para a preparación de actividades, como participación en festivais, saídas, concursos, actividades colectivas,... a coordinación foi boa realizando estas actividades de maneira conxunta.

A coordinación co resto de equipos do centro tívose en conta para a realización das actividades conxuntas do centro como festivais, concursos,... e outras actividades complementarias e extraescolares.

No caso do Equipo de Dinamización da lingua galega a coordinadora do ciclo

acudiu a todas as reunións comunicando o contido das mesmas ó resto de membros do ciclo.

4.1. Medidas de atención á diversidade aplicadas

Levou a cabo o período de adaptación cos nenos/ as de 3 anos en colaboración coa xefatura de estudos, o departamento de orientación e a mestra-titora.

Algunhas medidas que adoptaron foron: as entrevistas iniciais cos pais, flexibilización de tempos con entradas graduadas e acompañamento das figuras de apego durante os primeiros días.

Os nenos/as superaron de maneira progresiva e satisfactoria dito período.

5. Avaliación:

Tódolos alumnos/as de Educación Infantil promocionan ao seguinte curso. Na avaliación mencionouse a conformidade e a satisfacción das mestras-titoras cos seus grupos pola consecución dos obxectivos formulados inicialmente, así coma a motivación e interese que amosaron os nenos/ as de 5 anos ca lectoescritura.

6. Valoración/propostas de mellora:

A valoración do curso é positiva en todos os aspectos así como as actividades e celebracións realizadas . Os nenos e nenas desfrutaron moito das actividades .


Por outra banda destacar que tras varios cursos traballando por proxectos , notamos que os nenos/as desfrutaron moito e aprenderon, ademais pórtanse moi ben nas actividades conxuntas de todo o ciclo e que alcanzaron, en términos xerais, bos resultados.

Neste curso, por razóns pedagóxicas e organizativas, funcionou un agrupamento con nenos/as de 4º e 6º de educación infantil. Aínda que en anos anteriores leváronse a cabo outros agrupamentos na mesma etapa educativa, este curso era máis significativa a diferenza de idade dos alumnos/as que compoñen o agrupamento. A pesar desta circunstancia o agrupamento funcionou con normalidade, posto que tiveron sesións conxuntas pero a maioría das sesións estiveron separados e os nenos e nenas acadaron os obxectivos sen dificultades, aínda que o ideal sería que os nenos e nenas estiveran separados por grupos de idade para a mellora da calidade de ensinanza-aprendizaxe.

Destacar que demandamos xa dende hai varios cursos máis implicación por parte das familias á hora de acudir as titorías.

Se ben é certo que a nosa experiencia e as circunstancias nos di que en moitas ocasións os métodos e programacións deben ser modificadas a medida que se nos van presentando as distintas situacións.

Covelo, 21 de xuño de 2023



A coordinadora de Educación Infantil

Belén Rivas Araújo

MEMORIA EQUIPO DOCENTE 1º CICLO

SETEMBRO – 2022

A reunión de ciclo do mes de setembro realizouse de forma conxunta, polo que está recollida na memoria de 5º e 6º.

OUTUBRO – 2022

A reunión de ciclo do mes de outubro realizouse de forma conxunta, polo que está recollida na memoria de 5º e 6º.

NOVEMBRO – 2022

A reunión de ciclo do mes de novembro realizouse de forma conxunta, polo que está recollida na memoria de 5º e 6º.

DECEMBRO – 2022

O día de decembro de 2022, réunese o equipo docente dos cursos de 1º e 2º de E.P, cos seguintes puntos na orde do día: **Xunta de avaliación do 1º trimestre.**

Análise dos resultados obtidos e aspectos máis relevantes:

- Infórmase dos temas máis importantes tratados nas reunións de coordinación pedagóxica e normalización lingüística.
- Celébranse as xuntas de avaliación do primeiro trimestre en 1º e 2º de E. Primaria.

O grupo de 1º atópase cohesionado, hai un bo ambiente e o alumnado amosa interese por aprender. Diferéncianse nel tres grupos curriculares: un avanzado, cun moi bo nivel; un intermedio e outro que presenta algunhas dificultades sobre todo en lectoescritura. Propóñense posibles medidas a levar a cabo en especial co alumnado co nivel curricular máis baixo.

O grupo de 2º atópase cohesionado, ten un moi bo ritmo de traballo e hai motivación por aprender. Academicamente unha parte do alumnado amosa dificultades tanto en matemáticas como en lingua e xa reciben reforzo tanto dentro da aula ordinaria como fora. Establécese a continuación das medidas xa levadas a cabo no primeiro trimestre.

- Recóllense os datos estatísticos da segunda avaliación. Os datos son:

1º de Primaria: 9 alumnos/as. Todo aprobado o 100 %.

2º de Primaria: 12 alumnos/as. Todo aprobado o 100%.

XANEIRO -2023

A reunión de ciclo do mes de xaneiro realizouse de forma conxunta, polo que está recollida na memoria de 5º e 6º.

FEBREIRO – 2023

A reunión de ciclo do mes de febreiro realizouse de forma conxunta, polo que está recollida na memoria de 5º e 6º.

MARZO – 2023

O día 28 de marzo de 2022, reúnese o equipo docente dos cursos de 1º e 2º de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día: **Xunta de avaliación do 2º trimestre.**

- Infórmase dos temas máis importantes tratados nas reunións de coordinación pedagóxica e normalización lingüística.

- Celébranse as xuntas de avaliación do segundo trimestre en 1º e 2º de E. Primaria.

O grupo de 1º continúa cos tres grupos curriculares detectados no primeiro trimestre, aínda que todo o grupo en xeral amosa unha melloría notable en lectoescritura. Valóranse as medidas levadas a cabo co alumnado con dificultades e proponse continuar con elas de cara ao último trimestre.

O grupo de 2º continúa con moi bo ritmo de traballo e motivación. O alumnado con dificultades está a recibir apoio por parte da mestra titora e da mestra de PT. A diferenza de niveles dentro do grupo é bastante notable, pois unha porcentaxe do alumnado amosa moi bos resultados mentres que a outra presenta un ritmo máis lento e dificultades no ámbito da comprensión. Os reforzos establecidos continuarán no terceiro trimestre.

- Recóllense os datos estatísticos da segunda avaliación. Os datos son:

1º de Primaria: 9 alumnos/as. Todo aprobado o 100 %.

2º de Primaria: 12 alumnos/as. Todo aprobado o 83% e unha ou dúas suspensas o 17%.

ABRIL – 2023

A reunión de ciclo do mes de abril realizouse de forma conxunta, polo que está recollida na memoria de 5º e 6º.

MAIO - 2023

A reunión de ciclo do mes de abril realizouse de forma conxunta, polo que está recollida na memoria de 5º e 6º.

XUÑO – 2023

O día 12 de xuño de 2022, reúnese o equipo docente dos cursos de 1º e 2º de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día: **Xunta de avaliación do 3º trimestre e avaliación ordinaria.**

- Celébranse as xuntas de avaliación do terceiro trimestre en 1º e 2º de E. Primaria.

O grupo de 1º amosa unha boa evolución respecto do primeiro trimestre, acadando os obxectivos do curso, agás unha alumna con dificultades en lectoescritura. Valóranse as medidas levadas a cabo con todo grupo e proponse continuar con elas de cara ao vindeiro

curso. O titor manifesta a necesidade de que a alumna con dificultades reciba reforzo educativo por parte da mestra de Pedagogía Terapéutica.

O grupo de 2º acadou de maneira xeral os obxectivos do curso, sendo a progresión do alumnado moi satisfactoria durante todo este curso académico. Valóranse as medidas e reforzos levados a cabo co alumnado con dificultades, sendo necesarias a continuación delas no seguinte curso, tanto a nivel aula como na intervención das mestras de PT e AL.

· Recóllense os datos estatísticos da segunda avaliación. Os datos son:

1º de Primaria: 9 alumnos/as. Todo aprobado o 100 %.

2º de Primaria: 12 alumnos/as. Todo aprobado o 83% e unha ou máis suspensas o 17%.

MEMORIAS 1º E 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
CURSO 2022/23

Memoria 1º Educación Primaria

1. Introducción.
2. Reflexión sobre o proceso de ensino/aprendizaxe en relación cos grupo/aula e grado de desenvolvemento das programacións docentes.
3. Consecución dos obxectivos e desenvolvemento das competencias clave.
4. Coordinación co Departamento de Orientación.
5. Metodoloxía e clima de traballo na aula.
6. Avaliación.
7. Recursos.
8. Coordinación do equipo docente e relación co resto da Comunidade Educativa.
9. Dificultades atopadas.
10. Valoración das actividades complementarias.
11. Conclusión, valoración xeral e propostas de mellora.

Memoria 2º Educación Primaria

1. Introducción.
2. Reflexión sobre o proceso de ensino/aprendizaxe en relación cos grupo/aula e grado de desenvolvemento das programacións docentes.
3. Consecución dos obxectivos e desenvolvemento das competencias clave.
4. Coordinación co Departamento de Orientación.
5. Metodoloxía e clima de traballo na aula.
6. Avaliación.
7. Recursos.
8. Coordinación do equipo docente e relación co resto da Comunidade Educativa.
9. Dificultades atopadas.
10. Valoración das actividades complementarias.
11. Conclusión, valoración xeral e propostas de mellora.

MEMORIA 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2022/2023

1. **Introducción.**

Durante este curso escolar, o mestre Óscar Martínez Giráldez foi o titor do grupo de 1º curso de EP, grupo formado por un total de 9 alumnos/as.

2. **Reflexión sobre o proceso de ensino/aprendizaxe en relación cos grupo/aula e grado de desenvolvemento das programacións docentes.**

O proceso de ensinanza/aprendizaxe levouse a cabo con normalidade, polo que as programacións docentes en todas as materias completáronse na súa totalidade.

3. **Consecución dos obxectivos e desenvolvemento das competencias clave.**

Os obxectivos e as competencias acadáronse tendo en conta os distintos niveis e os diferentes ritmos de aprendizaxe dos nenos e nenas.

4. **Coordinación co Departamento de Orientación.**

Nesta aula de 1º houbo unha boa coordinación co DO, xa que foi preciso o apoio da mestra de AL con dous alumnos. A maiores, unha alumna foi destinataria dun reforzo educativo (RE) por parte do titor nas áreas instrumentais (Lingua Galega, Lingua Castellana e Matemáticas).

5. **Metodoloxía e clima de traballo na aula.**

Para acadar os obxectivos levouse a cabo unha metodoloxía relacionada co enfoque socio-constructivista da aprendizaxe co que se identifica o noso modelo curricular, e que é defendido por autores como Piaget, Vygotsky e Ausubel, entre outros. A dita corente considera o neno/a como un elemento activo no seu propio proceso de aprendizaxe.

En determinados momentos, tamén se empregaron as seguintes metodoloxías activas: aprendizaxe cooperativo, gamificación, traballo por proxectos, Mindfulness, uso das TIC, traballo coas emocións, aula invertida...

6. **Avaliación.**

A avaliación levouse a cabo en 3 momentos: inicial, continua e final.

Tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nas programacións, todos os nenos e nenas promocionan para 2º de EP con todas as materias superadas.

7. **Recursos.**

Empregamos todo tipo de recursos: ordenador portátil do mestre, ordenadores portátiles dos alumnos, pizarra dixital interactiva (PDI), uso de tablets... e tamén outro tipo de materiais aportados polo mestre titor e polo centro.

8. Coordinación do equipo docente e relación co resto da Comunidade Educativa:

A coordinación do equipo docente e a relación co resto da Comunidade Educativa foi excelente.

O método de contacto coas familias é a través da aplicación TokApp School, e tamén realizando chamadas telefónicas xunto coas titorías presenciais no centro. Polo xeral, houbo implicación por parte de todas as familias.

9. Dificultades atopadas.

En relación as dificultades atopadas, o peor inconveniente ao que me enfrontei en todo este tempo, foi cubrir as necesidades educativas dunha alumna en relación as súas dificultades coa lectoescritura.

10. Valoración das actividades complementarias.

En todo momento as actividades complementarias foron ben acollidas polos alumnos/as e polo resto de membros da Comunidade Educativa.

11. Conclusión, valoración xeral e propostas de mellora.

Como conclusión final, o resultado do curso é moi positivo, tendo en conta o salto tan importante que tiveron estes nenos/as ao pasar de educación infantil a educación primaria. Os primeiros meses foron “difíciles”, pero pouco a pouco os alumnos foron adaptándose a metodoloxía de traballo e as distintas actividades.

Como propostas de mellora gustaríame que no centro se traballara por proxectos, e a raíz dese proxecto anual, involucrar un pouco máis, a todos os membros da comunidade educativa (alumnos, profesorado, familias...), sen olvidarme do traballo cooperativo, a gamificación, metodoloxías activas que hoxe en día son moi necesarias dentro do proceso E-A.

Óscar Martínez Giráldez, titor de 1º de EP

MEMORIA 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2022/2023

1. INTRODUCCIÓN.

A aula de 2º consta actualmente de 12 nenos e nenas. A nivel xeral, acadou os obxectivos e as competencias propostas para este curso 2022-2023 cun óptimo rendemento académico.

2. REFLEXIÓN SOBRE O PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE EN RELACIÓN CO GRUPO/AULA E GRADO DE DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DOCENTE.

O proceso de ensinanza e aprendizaxe viuse favorecido pola motivación e as altas expectativas do alumnado, proporcionando constantemente novas oportunidades de aprender e de avanzar.

De maneira xeral, o bo ritmo de toda a clase favoreceu a consecución do desenvolvementos da programación da aula e permitiu dedicar momentos a repaso así como a ampliación de contidos.

3. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E DESENVOLVEMENTOS DAS COMPETENCIAS CLAVE.

De maneira xeral, todo o alumnado acadou os obxectivos establecidos e as competencias así como os contidos recollidos na normativa en vigor e na programación docente.

4. COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. REFORZOS EDUCATIVOS.

A coordinación co Departamento de Orientación foi boa e continua durante todo o curso.

Realizando reunións periódicas que permitiron facer un seguimento das dificultades detectadas ao longo dos trimestres, tanto educativas como emocionais do alumnado.

A intervención da mestra de Pedagogía Terapéutica levouse a cabo con 3 alumnos: o alumno con NEAE, no cal recae a maior parte das horas de reforzo, pois precisa atención constante e directa, xa que moitas na veces na aula a interacción oral non é moi exitosa na aula debido ao ritmo de traballo establecido polo grupo e as limitacións do propio alumno e dous alumnos con dificultades na lectoescritura e na resolución de problemas.

En canto a intervención da mestra de Audición e Linguaxe, esta atendeu a tres alumnos.

5. METODOLOXÍA E CLIMA DE TRABALLO NA AULA.

O bo ritmo de traballo do alumnado e a alta motivación permitiu levar a cabo unha metodoloxía variada ao longo curso, combinando actividades máis tradicionais no libro do texto con pequenos proxectos e traballos en grupo, así como a iniciación ao uso dos portátiles e o traballo dixital.

De maneira particular, houbo que realizar algunha serie de adaptacións no caso dun alumno con NEAE cujas dificultades motoras e na fala supuxeron buscar alternativas á hora de traballar na aula, coma ampliar o tamaño dos materiais ou o deseño de materiais específicos e, sobre todo, o impulso da comunicación oral favorecendo situacións nas que este alumno puidera participar de xeito oral. Tamén, no caso do alumnado con dificultades en lectoescritura, realizouse unha adaptación dos materiais e dos tempos.

6. AVALIACIÓN.

A avaliación levouse a cabo en tres momentos: inicial, final e continua, ao longo de todo o curso. Para a mesma empregáronse distintos instrumentos de avaliación e tivéronse en conta os criterios de calificación recollidos na programación docente.

Do mesmo xeito, tivéronse en conta os criterios de promoción á hora da promoción do alumnado con materias suspensas.

7. RECURSOS.

Os recursos empregados foron tanto en papel coma dixitais, a través do uso dos portátiles e da pizarra dixital, así como xogos de mesa que nos permitiron traballar os contidos curriculares.

8. COORDINACIÓN DO EQUIPO DOCENTE E RELACIÓN CO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A coordinación dos diferentes equipos foi continua e satisfactoria.

En canto ás familias, houbo un contacto constante ao longo do curso, tanto a través de titorías presenciais coma telefónicas e distintas comunicacións a través da aplicación TokApp.

9. DIFICULTADES

A maior dificultade deste curso foi atopar un equilibrio entre o traballo e ritmo do grupo e o traballo e o ritmo do alumnado con NEAE, resultando este último prexudicado.

10. VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Ao longo do curso realizáronse diferentes actividades complementarias e extraescolares, algunhas específicas para o primeiro ciclo e outras a nivel centro, as cales aparecen na memoria do correspondente equipo de actividades complementarias e extraescolares.

A valoración das mesmas é satisfactoria pois todo o alumnado amosou interese e participación nelas.

11. CONCLUSIÓN, VALORACIÓN XERAL E PROPOSTAS DE MELLORA.

Considero que foi un curso de grandes aprendizaxes tanto por parte do alumnado, o cal me demostrou ter un grande potencial, tanto pola miña parte como titora, sobre todo á hora de facer fronte á diversidade existente na aula.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Paula', with a large, sweeping flourish that extends to the right.

Paula Martínez Fernández, titora de 2º de EP

ÍNDICE

1. MEMORIA DO EQUIPO DOCENTE DE 3º E 4º DE PRIMARIA

2. MEMORIA 3º CURSO PRIMARIA 2022-2023

3. MEMORIA 4º CURSO PRIMARIA 2022-2023

1. MEMORIA DO EQUIPO DOCENTE DE 3º E 4º DE PRIMARIA

NOTA INFORMATIVA PARA 3º E 4º DE PRIMARIA

1. REUNIÓN TITORÍA.

As entrevistas coa titora ou co resto de profesorado será tanto por medios dixitais ou telefónicos como de xeito presencial. O horario de entrevista será os martes de 13:00 a 13:55 e os martes a partir das 16:15. Deben avisar e confirmar previamente o data da entrevista . Poden poñerse en contacto coa titora a través do telefono do colexio (886110389) . É precisa a máxima implicación dos pais/nais no seguimento dos seus fillos/as, tendo reunións sempre que sexan requiridos por parte da titora, ou demandadas polas familias.

2.- NORMAS DE CLASE.

- * Cada alumno/a deberá levar a súa botella de auga co nome escrito.
- * Irase ao baño de un en un, desinfectando as mans á entrada e saída da aula.
- * En todas as entradas e saídas da clase deberase realizar unha correcta desinfección de mans con xel hidroalcólico.
- * O alumnado non poderá levantarse e circular pola aula sen permiso.
- * Como norma xeral todo o material permanecerán na clase, e de xeito excepcional poderán levarse para casa cando o mestre/a así o aconselle.

3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN/AVALIACIÓN.

A nota final do alumnado farase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Valoración dos contidos e competencias:50%
- Atención participación, actitude, esforzo e traballo na aula:35%
- Coidado de material e a organización, presentación e limpeza do seu caderno de traballo: 15%

4 INFORMACIÓN IMPORTANTE

*Lembrar que no colexio temos unha escola de pais/nais onde profundizaremos na disciplina positiva. Este ano será presencial e realizarase o segundo martes de cada mes, comezando no mes de novembro.

* Cando un alumno/a teña tarefas atrasadas (por ausencias) enviareille o

traballo que non lle de tempo a facer na clase, para rematar na casa coa finalidade de evitar que quede descolgado/a dese contido.

5 RESUMO PROTOCOLO COVID.

Este curso o alumnado só tivo que utilizar a mascarilla de xeito obligatorio no transporte escolar.

Igualmente aplicáronse medidas de prevención de contaxios como lavado e desinfección de mans e unha correcta ventilación.

6 FALTAS DE ASISTENCIA.

As faltas do alumnado deben ser xustificadas persoalmente ou mediante escrito

ante a titora ou a dirección do centro, polo pai, nai ou representante legal. No boletín de notas, ao final de cada trimestre, farase constar o número de faltas. O número de faltas compútanse por sesións e non por días lectivos. Un día completo compútase como 5 faltas de asistencia. Se un alumno/a ten que saír do centro antes da hora, debe ser recollido/a, pasando previamente por xefatura de estudos ou dirección, polo seu pai/nai ou responsable legal asinando un impreso elaborado a tal fin. Cando un alumno/a chega tarde debe pasar por xefatura de estudos ou por dirección antes de incorporarse a súa clase.

OUTUBRO 2022

Asistentes: Titores e especialistas:

- García Tomé, Paula – especialista de inglés
- Cacabelos Barreiro, Aitor – especialista de E. Física
- García Sambréijome, Milagros – pedagogía terapéutica
- Cerqueira Oliveira, Carla – orientadora
- Cividanes Alonso, José Benito – coordinador ADIX
- Pérez Míguez, Sandra– especialista de Música
- Fernández Rodríguez, Natalia – coordinadora e titora de 3º de primaria.
- Pérez Míguez, Sandra–titora de 4º de primaria
- Reunión do Equipo Docente de 3º e 4º de E. Primaria

O día 18 de outubro de 2022, reúnese o equipo docente dos cursos de 3º e 4º de Educación Primaria cos seguintes **puntos na orde do día:**

1.- Protocolo COVID 19

2.- Saídas para fin de curso

- Establécese a semana do 19 ao 25 de xuño para as excursións de fin de curso.
- Faranse por ciclo.

3.- Actividades/Conmemoracións

Celebración do Samaín

- Concurso de cabazas
- Farase por curso a actividade de “Procura do tesouro”
- Poderán vir disfrazados o venres 29

4.- Recreos activos

- Proposta de actividades, educación primaria, a desenvolver nos recreos con diferentes materiais.
- Haberá dous encargados por curso/semana que se notificarán a Aitor (Mestre Educación física).
- Acórdase en ciclo que o alumnado de ambos cursos merende na aula antes de baixar ao recreo (os días que chova). Infórmase ao resto do profesorado.

6.- Biblioteca Escolar

- Diferentes informacións sobre o funcionamento da biblioteca escolar
- Comeza o proxecto “Lector do mes” para a potenciación do uso da lingua galega.

7 Avaliación

Consenso das porcentaxes de avaliación por nivel cos diferentes docentes.

8 Departamento orientación

- Análise dos resultados da avaliación inicial.
- Análise da situación de atención á diversidade.

- Comunicación á xefa do departamento de orientación dos casos previstos con necesidades educativas.

NOVEMBRO 2022

- **Asistentes:** Titores e especialistas:
- García Tomé, Paula – especialista de inglés
- Cacabelos Barreiro, Aitor – especialista de E. Física
- García Sambréijome, Milagros – pedagogía terapéutica
- Cerqueira Oliveira, Carla – orientadora
- Cividanes Alonso, José Benito – coordinador ADIX
- Pérez Míguez, Sandra– especialista de Música
- Fernández Rodríguez, Natalia – coordinadora e titora de 3º de primaria.
- Pérez Míguez, Sandra–titora de 4º de primaria
- Reunión do Equipo Docente de 3º e 4º de E. Primaria

O día 22 de novembro de 2022, reúnese o equipo docente dos cursos de 3º e 4º de Educación Primaria cos seguintes **puntos na orde do día**:

1 Actividades, Celebracións, Concursos

- Día universal da infancia.25/11/2022
- Día internacional contra a violencia de xénero.
- Día do mestre – Semana do 22 ao 26 de novembro

– E. Infantil - Debuxo 1º, 2º e 3º de E. Primaria – Debuxo/texto 4º, 5º e 6º de E. Primaria - Redacción con debuxo

Data de entrega dos traballos o 29 de novembro. Filtrar por parte dos titores/as un máximo de 3 traballos por curso. (En Galego)

– Dinamización. Un agasallo por curso (Nadal)

- 25 de novembro – **Día internacional da eliminación da violencia contra a muller**. Distintas actividades nos diferentes cursos. Actividade departamento de orientación – vídeo.

Martes 29 de novembro de 2022

- 13:05 a 13:55 (3º de E. Primaria - Somos iguais e moi diferentes)

- **Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.**

Mércores 1 de decembro de 2022

- 3º e 4º de E. Primaria (Museo do Mar de Vigo - Excursión - Actividade Viaxe ao Mundo Submarino)

- **Plan de acción tutorial**

– Axendas dixitais / contacto coas titorías / xustificación faltas asistencia. Evolución académica do alumnado.. outros aspectos.

DECEMBRO 2022

Asistentes: Titores e especialistas

Asistentes: Titores e especialistas:

- García Tomé, Paula – especialista de inglés
- Cacabelos Barreiro, Aitor – especialista de E. Física
- García Sambréijome, Milagros – pedagogía terapéutica

- Cerqueira Oliveira, Carla – orientadora
- Cividanes Alonso, José Benito – coordinador ADIX
- Pérez Míguez, Sandra– especialista de Música
- Fernández Rodríguez, Natalia – coordinadora e titora de 3º de primaria.
- Pérez Míguez, Sandra–titora de 4º de primaria

Reunión do Equipo Docente de 3º e 4º de Ed. Primaria

O día 20 de decembro de 2022, reúnese o equipo docente dos cursos de 3º e 4º de E. Primaria co seguinte punto na orde do día:

- Xunta de avaliación do 1º trimestre.
- Resultados obtidos e aspectos máis relevantes.

O día 20 de decembro de 2022, reúnese o equipo docente dos cursos de terceiro e cuarto de Educación Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

- Infórmase dos temas máis importantes tratados nas reunións de coordinación pedagóxica e do Equipo de dinamización da lingua galega.

- Celébranse as xuntas de avaliación do primeiro trimestre en terceiro e cuarto.

O grupo de 3o é un grupo diverso que presenta dificultades de comportamento. A nivel académico é un grupo heteroxéneo no que hai diferentes niveles de competencia curricular.

Algún alumno precisa máis apoio e axuda para alcanzar os obxectivos propostos.

O grupo de 4o é un bo grupo, dende o punto de vista de comportamento. A nivel académico é un grupo heteroxéneo, habendo nenos/as moi bos e outros nenos/as que presentan máis dificultades. Ademais, hai diferencias significativas entre aqueles que estudan na casa e os que non o fan, aspecto que inflúe directamente nas calificacións obtidas nas áreas de Ciencias.

Valóranse, en xeral de forma positiva, os resultados obtidos e fálase das posibles medidas a tomar cos alumnos/as con máis dificultades.

- Recóllense os datos estatísticos da segunda avaliación.

O segundo ciclo de Educación Primaria está formado por un total de 31 nenos e nenas. De estos 31 discentes, 19 son de 3o de Primaria e 12 de 4o.

Os datos estadísticos obtidos son os seguintes:

Alumnado que superou todas as materias: 77,4%

Alumnado con un área suspensa: 9,6%

Alumnado con dúas áreas suspensas: 13%

Alumnado con máis de dúas áreas suspensas: 0%

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión

XANEIRO, FEBREIRO e MARZO DE 2023

Asistentes: Titores e especialistas:

- García Tomé, Paula – especialista de inglés
- Cacabelos Barreiro, Aitor – especialista de E. Física
- García Sambréijome, Milagros – pedagogía terapéutica
- Cerqueira Oliveira, Carla – orientadora
- Cividanes Alonso, José Benito – coordinador ADIX
- Pérez Míguez, Sandra– especialista de Música
- Fernández Rodríguez, Natalia – coordinadora e titora de 3º de primaria.
- Pérez Míguez, Sandra–titora de 4º de primaria
- **Reunión do Equipo Docente de 3º e 4º de E. Primaria**

O día 28 de marzo de 2023 reúnese o equipo docente dos cursos de 3º e 4º de E. Primaria co seguinte punto na orde do día:

- Xunta de avaliación do 2º trimestre.

- Resultados obtidos e aspectos máis relevantes.

· Infórmase dos temas máis importantes tratados nas reunións de coordinación pedagóxica e do Equipo de dinamización da lingua galega.

Celébranse as xuntas de avaliación do primeiro trimestre en terceiro e cuarto.

O grupo de 3º é un grupo diverso que presenta dificultades de comportamento. A nivel académico é un grupo heteroxéneo no que hai diferentes niveles de competencia curricular. Algún alumno precisa máis apoio e axuda para alcanzar os obxectivos propostos.

O grupo de 4º é un bo grupo, dende o punto de vista de comportamento. A nivel académico é un grupo heteroxéneo, habendo nenos/as moi bos e outros nenos/as que presentan máis dificultades. Ademais, hai diferencias significativas entre aqueles que estudan na casa e os que non o fan, aspecto que inflúe directamente nas calificacións obtidas nas áreas de Ciencias e inglés.

Valóranse, en xeral de forma positiva, os resultados obtidos e fálase das posibles medidas a tomar cos alumnos/as con máis dificultades.

· Recóllense os datos estatísticos da segunda avaliación.

O segundo ciclo de Educación Primaria está formado por un total de 31 nenos e nenas. De estos 31 discentes, 19 son de 3º de Primaria e 12 de 4º.

Os datos estadísticos obtidos son os seguintes:

Alumnado que superou todas as materias: 71%

Alumnado con un área suspensa: 16%

Alumnado con dúas áreas suspensas: 9,6%

Alumnado con máis de dúas áreas suspensas: 3%

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión

ABRIL e MAIO DE 2023

Asistentes:

Asistentes: Titores e especialistas:

- García Tomé, Paula – especialista de inglés
- Cacabelos Barreiro, Aitor – especialista de E. Física
- García Sambréijome, Milagros – pedagogía terapéutica
- Cerqueira Oliveira, Carla – orientadora
- Cividanes Alonso, José Benito – coordinador ADIX
- Pérez Míguez, Sandra– especialista de Música
- Fernández Rodríguez, Natalia – coordinadora e titora de 3º de primaria.
- Pérez Míguez, Sandra–titora de 4º de primaria

As memorias das reunións de ciclo realizáronse de forma conxunta, polo que aparecen recollidas nas memorias de 5º e de 6º de Educación Primaria.

XUÑO DE 2023

O día 12 de marzo de 2023, reúnese o equipo docente dos cursos de terceiro e cuarto de Educación Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

- Infórmase dos temas máis importantes tratados nas reunións de coordinación pedagóxica e do Equipo de dinamización da lingua galega.
- Celébranse as xuntas de avaliación do terceiro trimestre e da avaliación final en terceiro e cuarto.

O grupo de 3º é un grupo diverso que presenta dificultades de comportamento. A nivel académico é un grupo heteroxéneo no que hai diferentes niveles de competencia curricular. Algún alumno precisa máis apoio e axuda para alcanzar os obxectivos propostos.

O grupo de 4º é un bo grupo, dende o punto de vista de comportamento. A nivel académico é un grupo heteroxéneo, habendo nenos/as moi bos e outros nenos/as que presentan máis dificultades. Ademais, hai diferencias significativas entre aqueles que estudan na casa e os que non o fan.

Valóranse, en xeral de forma positiva, os resultados obtidos a final de curso e fálase das posibles medidas de atención á diversidade de cara ao próximo curso.

- Recóllense os datos estatísticos da avaliación final.

O segundo ciclo de Educación Primaria está formado por un total de 31 nenos e nenas. De estos 31 discentes, 19 son de 3º de Primaria e 12 de 4º.

Os datos estadísticos obtidos son os seguintes:

Alumnado que superou todas as materias: 90,32%

Alumnado con un área suspensa: 3,23%

Alumnado con dúas áreas suspensas: 6,45%

Alumnado con máis de dúas áreas suspensas: 0%

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión

En Covelo a 12 de xuño de 2023

Asdo.- A coordinadora

Natalia Fernández Rodríguez

2. MEMORIA 3º CURSO PRIMARIA 2022-2023

1. Introducción.

No presente curso escolar a mestra Natalia Fernández Rodríguez foi a titora do grupo de 3º de Educación Primaria. A presente memoria fai referencia a este grupo que integran un total de 19 alumnos e alumnas.

2. Reflexión sobre o proceso de ensino/aprendizaxe en relación cos grupo/aula e grado de desenvolvemento das programacións docentes.

As aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado de 3º de primaria durante o curso 2022/2023 puidéronse desenvolver con normalidade con respecto ao COVID, polo que a programación prevista para o presente curso puido levarse a cabo na súa totalidade.

3. Consecución dos obxectivos e desenvolvemento das competencias clave.

Contei con un grupo heteroxéneo de estudantes que foron alcanzando as aprendizaxes , os obxectivos e o desenvolvemento das competencias clave a diferentes niveis debido ás capacidades de cada un.

4. Coordinación co Departamento de Orientación.

Destacar que na aula non había un alumno que repetiu 2º de primaria. Este alumno recibiu apoio da especialista en PT. Ademais del outros dous alumnos precisaron apoio de PT. Por outra banda, 2 alumnos recibiron apoio da mestra especialista en AL. Os resultados obtidos foron satisfactorios. Tamén se contou co asesoramento da Orientadora do centro.

5. Metodoloxía e clima de traballo na aula.

Utilizamos tanto materiais físicos como dixitais e numerosas fichas aportadas pola mestra así como diversos traballos realizados e expostos polo alumnado. O clima de traballo na aula non foi tranquilo a principio de curso, isto complicou o bo rendemento académico e o desenvolvemento persoal do alumnado. Segundo avanzaba o curso escolar a actitude e o comportamento do alumnado mellorou notablemente.

6. Avaliación.

Tendo en conta os criterios de avaliación establecidos na programación e tamén que neste curso segundo a normativa non se repetirá a ningún alumn@, o resultado da avaliación ordinaria foi o seguinte:

Todo aprobado: 19

1 suspenso: 0

2 suspensos: 0

3 suspensos: 0

4 suspensos: 0

5 suspensos: 0

7. Recursos.

Contei con ordenador e unha televisión a modo de proxector para traballar. O alumnado tamén tiña un ordenador portátil propio. Ademais utilizamos distinto material aportado pola mestra, a orientadora, o equipo de dinamización lingüística e polos propios alumn@s cos seus traballos.

8. Coordinación do equipo docente e relación co resto da Comunidade Educativa: profesorado, familias, etc.

A relación e coordinación co equipo docente foi satisfactoria, apoiándonos e axudándonos. O contacto coas familias levouse a cabo a través de reunións telefónicas e presenciais, por abalar pro e nalgúns casos mediante o uso da axenda. A implicación por parte de algunhas familias foi nula nalgúns casos e moi mellorable noutros.

9. Dificultades atopadas.

Tendo en conta as capacidades e aptitudes do alumnado, a maior dificultade atopada neste curso foi a actitude de desgana do alumnado e a falta de estudo, ben por falta de motivación (sobre todo das familias) ou ben pola falta de implicación das propias familias. A todo esto súmase a dificultade para seguir as normas básicas de convivencia por parte do alumnado.

10. Valoración das actividades complementarias.

As actividades complementarias que se levaron a cabo foron ben acollidas por parte do alumnado, tendo en conta que levaban moito tempo sen contar con este tipo de actividades.

11. Conclusión, valoración xeral e propostas de mellora.

Como conclusión dicir que o resultado do curso pode cualificarse de positivo, tendo en conta as circunstancias e as dificultades que houbo. Como propostas de mellora para o próximo curso, deberá terse en conta unha maior implicación de pais e nais no ensino dos seus fillos/as (pouco involucrados neste curso), feito que mellorará o seu rendemento e que favorecerá que acaden uns resultados mais satisfactorios.

Natalia Fernández Rodríguez. Titora de 3º.



3. MEMORIA 4º CURSO PRIMARIA 2022-2023

1. Introducción.

No presente curso escolar a mestra Sandra Pérez Míguez foi a titora do grupo de 4º de Educación Primaria. A presente memoria fai referencia a este grupo que integran un total de 12 alumnos e alumnas.

2. Reflexión sobre o proceso de ensino/aprendizaxe en relación cos grupo/aula e grado de desenvolvemento das programacións docentes.

As aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado de 4º de primaria durante o curso 2022/2023 puidéronse desenvolver con normalidade con respecto ao COVID, polo que a programación prevista para o presente curso puido levarse a cabo na súa totalidade.

3. Consecución dos obxectivos e desenvolvemento das competencias clave.

Contei con un grupo heteroxéneo de estudantes que foron alcanzando as aprendizaxes , os obxectivos e o desenvolvemento das competencias clave a diferentes niveis debido ás capacidades de cada un.

4. Coordinación co Departamento de Orientación.

Destacar que na aula había un alumno repetidor. Tiven dous alumnos que recibiron apoio da

mestra especialista en AL e tres que recibiron apoio da mestra especialista en PT. Os resultados obtidos foron satisfactorios. Tamén se contou co asesoramento da Orientadora do centro.

5. Metodoloxía e clima de traballo na aula.

Utilizamos tanto materiais físicos como dixitais e numerosas fichas aportadas pola mestra así como diversos traballos realizados e expostos polo alumnado. O clima de traballo na aula foi tranquilo facilitando así o bo rendemento académico e o desenvolvemento persoal do alumnado.

6. Avaliación.

Tendo en conta os criterios de avaliación establecidos na programación e tamén que neste curso segundo a normativa non se repetirá a ningún alumn@, o resultado da avaliación ordinaria foi o seguinte:

Todo aprobado: 9

1 suspenso: 2

2 suspensos: 1

3 suspensos: 0

4 suspensos: 0

5 suspensos:0

7. Recursos.

Contei con ordenador portátil e proxector. O alumnado tamén tiña un ordenador portátil propio. Ademais utilizamos distinto material aportado pola mestra, a orientadora, o equipo de dinamización lingüística e polos propios alumn@s cos seus traballos.

8. Coordinación do equipo docente e relación co resto da Comunidade Educativa: profesorado, familias, etc.

A relación e coordinación co equipo docente foi satisfactoria, apoiándonos e axudándonos. O contacto coas familias levouse a cabo a través de reunións telefónicas e presenciais, por abalar pro e nalgúns casos mediante o uso da axenda. A implicación por parte das familias foi bastante boa, salvo excepcións.

9. Dificultades atopadas.

Tendo en conta as capacidades e aptitudes do alumnado, a maior dificultade atopada neste curso foi a diversidade de capacidades e de ritmo de traballo na aula. Nalgún caso puntual tamén se debeu á falta de implicación das propias familias.

10. Valoración das actividades complementarias.

As actividades complementarias que se levaron a cabo foron ben acollidas por parte do alumnado, tendo en conta que levaban moito tempo sen contar con este tipo de actividades.

11. Conclusión, valoración xeral e propostas de mellora.

Como conclusión dicir que o resultado do curso pode cualificarse de positivo, tendo en conta as circunstancias e as dificultades que houbo. Como propostas de mellora para o próximo curso, deberá terse en conta unha maior implicación das familias e con máis medidas de atención á diversidade para o alumnado.

Sandra Pérez Míguez. Titora de 4º.



MEMORIA EQUIPO DOCENTE DE 5º / 6º DE PRIMARIA

SETEMBRO – 2022

ACTA INICIAL CONXUNTA DOS 3 CICLOS DE E. PRIMARIA (1º E 2º), (3º E 4º), (5º E 6º) C.E.I.P ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ

Asistentes: Titores e especialistas

Reunión conxunta dos 3 ciclos de educación primaria: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria
O día 6 de setembro de 2022, temos unha reunión conxunta ordinaria os tres ciclos de E. Primaria por primeira vez cos seguintes puntos na orde do día:

- Constitución dos distintos equipos de ciclo que quedan formados polos seguintes

PROFESORES/AS - TITORES

Álvarez Táboas, Patricia - titora do 6º curso de primaria
Martínez Bayón, Esperanza - titora do 5º curso de primaria
Pérez Míguez, Sandra - titora do 4º curso de primaria – Especialista en educación musical
Fernández Rodríguez, Natalia – titora do 3º curso de primaria – coordinadora do 2º ciclo
Martínez Fernández, Paula – titora de 2º curso de primaria – coordinadora do 1º ciclo
Martínez Giráldez, Oscar – titor de 1º curso de primaria

ESPECIALISTAS

García Sambréijome, Milagros – pedagogía terapéutica - Ausente (Baixa) – Pendente substitución

Cerqueira Oliveira, Carla – xefa de estudos e orientadora

Cacabelos Barreiro, Aitor – especialista en educación física

Barbosa Fernández, Xoán – director e coordinador do 3º ciclo

García Tomé, Paula – especialista en inglés - Ausente (Baixa) – Pendente substitución

Rubido Janeiro, Paula – audición e linguaxe – Ausente (Centro base Tui 2)

relixión – Pendente de designación

Orde do día:

- Programacións, titorías, reforzos educativos.

- Aspectos máis importantes a recoller nas **programacións didácticas** para o curso 2022-2023, así como a data máxima de entrega das mesmas na xefatura en formato dixital ata o 23/30 de setembro.

Revisión por parte da xefatura de estudos antes do seu envío a inspección.

- Índice paxinado

- Criterios de cualificación coherentes (o comportamento / normas / cuestións de disciplina na clase, non poden ser criterios de cualificación) concretos e cualificables obxectivamente (indefensión legal)

- Referencias legais en moitos casos non é necesario poñelas e de facelo que non estean obsoletas/derogadas, deben estar asinadas..

- Ter en conta documentos de organización do centro, tales como: páx web, proxecto educativo, protocolos educativos, plan de convivencia, proxecto lector, proxecto lingüístico, plan de orientación, plan de acción tutorial, plan dixital de centro.. (dúvidas)

Tema merendas recreo permitidas. Supervisión por parte dos titores - especialistas

Establécense as reunións do equipos para diferentes martes de cada mes, tamén en sesións establecidas ao longo da semana no horario, así como as titorías presenciais cos pais/nais, tamén para tódolos martes a partir das 16:30 horas. (Titoría para reunións de pequenos grupos) – Reunións de máis profesores (Prioritariamente no auditorio do colexio)

O primeiro martes de cada mes, coordinación pedagóxica no auditorio do colexio coa presenza de todo o profesorado. Evitar na medida do posible titorías nestes martes.

- Fálase do alumnado do que temos previsión de que reciban atención educativa no presente curso.

30 de setembro, data límite para comentar-demandar con orientación posibles necesidades. Período de observación. Plan de intervención. Carla.

- **Unificación de puntos a tratar na reunión coas familias.**

- Reunións de titoría – establecer criterios e pautas para estas reunións. Sesións alternativas.

- **Información relevante adecuada a cada curso-titoría**

- Normas de clase

• Cada alumno/a terá un lugar establecido fixo para todo o curso

• Cada alumno/a deberá ter unha botella de auga a poder ser co nome escrito.

• Irase ao baño de un en un (papel na titoría)

• Posibilidade de seguir a usar dispensadores de hidroxel (hixiene de mans)

• Máscara para o alumnado transportado

• Como norma xeral todo o material permanecerá na clase, poderá levarse para casa cando o mestre/a así o aconselle.

• Días de choiva – (merendas) – coa excepción de 4º, 5º e 6º de E. Primaria, utilizaranse os 10 últimos minutos da segunda sesión para merendar na clase.

- Mantemos ventilación nas aulas mentres sexa posible en función da climatoloxía.. , mochila/material de traballo tódolos días traer o necesario.

- Control do traballo do alumando, sistemas de comunicación titoría-familias...

- Uso de patios do cole nos diferentes recreos.. optimización de espazos, minimizar conflitos..

- Criterios de cualificación/avaliación. Criterios de promoción (documento anexo enviado whatsapp)

- Faltas de asistencia do alumnado*. Notificación e xustificación

As faltas do alumnado deben ser xustificadas persoalmente (vía telefónica), ou mediante escrito ante o titor/a ou a dirección do centro, polo pai, nai ou representante legal. No boletín de notas, ao final de cada trimestre, farase constar o número de faltas. O número de faltas compútanse por sesións e non por días lectivos. [Un día completo compútase como 5 faltas de asistencia. Se un alumno/a ten que saír do centro antes da hora, debe ser recollido/a, pasando previamente por xefatura de estudos ou dirección, polo seu pai/nai ou responsable legal asinando un impreso elaborado a tal fin. Cando un alumno/a chega tarde debe pasar por xefatura de estudos ou por dirección antes de incorporarse a súa clase.

Excursións fin de curso, poderían ser por ciclos ou unha para 1º, 2º e 3º e outra para 4º, 5º e 6º (ir planificando o antes posible para non ter problema de datas, falar e coordinar con Aitor para chamadas e reservas) – serían preferentemente nos días 19 e 20 de xuño de 2023

En 6º – excursión de fin de curso (subiría eu para comentar) Datas posibles do 13 ao 16 de xuño de 2023

- **Criterios de cualificación/avaliación.**

A nota final do alumnado farase tendo en conta a seguinte ponderación:

PRIMEIRO

- Caderno de traballo (organización, presentación, limpeza): (15%)

- Valoración da actitude ante o traballo, tarefas de aula e participación: (15%)

- Probas escritas e orais: (30%)

- Traballo diario na aula: (40%)

SEGUNDO

- Caderno de traballo (organización, presentación, limpeza): (15%)

- Valoración da actitude ante o traballo, tarefas de aula e participación: (15%)

- Probas escritas e orais: (20%)

- Traballo diario na aula: (50%)

TERCEIRO E CUARTO

- Valoración dos contidos e competencias: (50%)

- Atención participación, actitude, esforzo e traballo na aula: (35%)

- Coidado de material e presentación de tarefas: (15%)

QUINTO E SEXTO

- Probas escritas e orais: (60%)

- Traballo de aula e tarefas: (20%)

- Cadernos e traballos: (10%)

- Participación na clase: (10%)

Establécese un cadro semanal marcando os días nos que se poden enviar tarefas das distintas materias (3 como máximo cada día) – Tarefas extraescolares (incluíndo tempo de estudio – 60’ para 6º de primaria, descendendo en 10’ por cada curso)

- Organización das titorías – entradas e saídas.

- 9:45/10:00 alumnado organizado en 4 espazos: terraza cuberta (Educación Infantil), pista de tenis (1º e 2º de E. Primaria), pista de baloncesto/rocodromo (3º e 4º de E. Primaria), pista de fútbol (5º e 6º de E. Primaria). Nos días de choiva (protocolo choiva whatsapp.. na chegada do alumnado a partir das 9:45 o alumnado irá subindo ás aulas.

No recreo 11:45 a 12:15 á espera de establecer recreos activos.. os mesmos 4 espazos.

Os mesmos espazos tamén no recreo do comedor..

Nunca se toca o timbre para subir. O alumnado sube ás clases na seguinte orde: 1º- Educación infantil, 2º- 6º e 5º de E. Primaria, 3º- 4º e 3º de E. Primaria, e por último 2º e 1º de E. Primaria.

Sempre se toca o timbre para baixar. O alumnado baixa das clases na seguinte orde: 1 toque de timbre (1º e 2º de E. Primaria), 2 toques de timbre (3º e 4º de E. Primaria), 3 toques de timbre (5º e 6º de E. Primaria) despois saírían ao patio os alumnos/as de E. Infantil.

Sen máis puntos que tratar remata a reunión

OUTUBRO – 2022

Asistentes: Titores e especialistas

Reunión conxunta dos 3 ciclos de educación primaria: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria

O día 18 de outubro de 2022, temos unha reunión conxunta ordinaria os tres ciclos de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

- Actividades e saídas / Excursións

Posibles saídas/excursións ao longo do curso - Excursións fin de curso (planificación)

19/06/2022 – 3º e 4º de E. Primaria – Visita aos museos da Coruña (horario por determinar)

<https://www.coruna.gal/mc2/gl>

20/06/2022 – 1º e 2º de E. Primaria – Acougo Centro de Ocio – Vilamarín (Ourense) 9:00h a 17:30h aproximadamente.

<http://acougo.com/?lang=es>

20/06/2022 – 5º e 6º de E. Primaria – Humor amarillo – Vigo. (horario por determinar)

<https://humoramarilloenvigo.com/>

Excursión de 6º de E. Primaria. Do 13 ao 16 de xuño de 2023. (Madrid)

Celebración do Nadal “Festival de Nadal/Inverno”

Sería o xoves 22 de decembro de 2022 – de 10:15h a 12:15h aproximadamente.

Planificación – ideas de posibles actividades previstas de cara á reunión da CCP de novembro

• Samaín 2022 – Celebración/Organización (Do 26 ao 28 de outubro de 2022)

- O alumnado poderá vir disfrazado ao colexio (evitar maquillaxes moi complexos dado que terán que estar todo o día con eles)

CONCURSO DE CABAZAS

▪ Día único de entrega o mércores, 26 de outubro de 2022

▪ Poden vir baleiras por dentro.

▪ Deben ser dun tamaño mediano, coma un balón de balonmán.

▪ Valóranse por parte do equipo de dinamización da lingua o mesmo mércores na segunda sesión.

Un agasallo por curso ás mellores cabazas. (Reparto de agasallos)

▪ Recóllense o venres, 28 na última sesión. XOGO – “NA PROCURA DO TESOURO”

- Farase por ciclos (Infantil, 1º Ciclo, 2º Ciclo, 3º Ciclo)

- Cada ciclo fará a actividade nunha sesión ao longo da xornada lectiva (Infantil.. sesión da tarde):

- 1ª Sesión.- 3º e 4º de E. Primaria

- 2ª Sesión.- 1º e 2º de E. Primaria

- 3ª Sesión.- 5º e 6º de E. Primaria

- 5ª Sesión.- Educación Infantil

- Dúas pistas por ciclo – os cursos se cruzan na procura das mesmas (Resólvese na clase e logo farase a procura da mesma en calquera espazo do cole.. edificio, ximnasio, pistas...) unha vez atopada vólvese á clase para resolver a segunda. Finalmente, na clase ao rematar, farase unha entrega de agasallos a tódolos participantes. Monstros polo cole

Nota informativa

Charlas sobre hixiene bucodental. Lucía Sales (Odontopediatra)

Martes, día 8 de novembro – 10:05h a 11:35h (1º, 2º e 3º de E. Primaria)

Martes, día 8 de novembro – 12:15h a 13:45h (E. Infantil)

Mércores, día 9 de novembro – 10:05h a 11:35h (4º, 5º e 6º de E. Primaria)

17 e 18 de Novembro XOGADE (Campo a través) – Cursos 3º a 6º de E. Primaria.

Saídas sendeirismo curso 1º Ciclo E. Primaria. Preguntar por un posible guía que puxera o Concello para facer un recorrido sinxelo.

Pendente, posible saídas setas 5º e 6º de primaria. Desprazamento á pe. 10:05h a 13:55h. Outubro / Novembro

Titorías-Alumnado

– Axenda virtual primaria (funcionamento) Tarefas do alumnado/seguimento / Titoría / Horarios alternativos de titoría [Liberar especialmente os 1º martes]

– Familias (pais/nais) pendentes de contactar

– Evolución académica alumnado / avaliación inicial – neno/a con algunha dificultade.

– Potenciación da lectura en Galego.

– Reforzos operativos a partir da próxima semana.

- Asuntos diversos

Material Consellería – Nesta semana remata o prazo para solicitar

Faltas de asistencia – comunicación antes das 10:30 (Coordinación cociña)

Importante.. vida útil dos equipos.. apagar os equipos unha vez que se finaliza o seu uso. Aulas, titorías, auditorio...

Coordinación nota de artística (avaliación) – Música/Plástica

Parte de faltas do profesorado do mes de setembro en titoría

Sen máis puntos que tratar remata a reunión.

NOVEMBRO – 2022

Asistentes: Titores e especialistas

Reunión conxunta dos 3 ciclos de educación primaria: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria

O día 22 de novembro de 2022, temos unha reunión conxunta ordinaria os tres ciclos de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

1.- Actividades/Conmemoracións/Saídas: (oficiais*)

– 08/11/2022 - Día mundial da dislexia

– 10/11/2022 - Día mundial da ciencia a favor da paz e do desenvolvemento.

– 11/11/2022 - Día mundial da diabetes.

– 16/11/2022 - Día internacional para a tolerancia.

– 20/11/2022 - **Día universal da infancia.**

– 25/11/2022 - **Día internacional contra a violencia de xénero.**

– Propostas actividades equipo Dinamización da Lingua Galega

Proxecto Lingüístico de centro - Elaboración

- Enquisa familias.. Tokapp informativa..

- Enquisa do profesorado..

Voluntarias e anónimas.. Mesmo prazo tope de entrega - 25/11/2022

– **25 de novembro** . Día Internacional da “Eliminación da Violencia contra a Muller. Proposta de actividade do Equipo de Dinamización da Lingua:

- Elaboración de murais de ciclo máis mural no comedor (témpera morada) - Papel continuo no almacén de papel.

– **27 de novembro.** Día do mestre/a. Proposta de actividade do Equipo de Dinamización da Lingua:
- Ao longo da semana do 21 ao 25 de novembro, levar adiante un concurso de debuxos e redaccións. Participación de tódolos cursos.

- E. Infantil - Debuxo

- 1º, 2º e 3º de E. Primaria - Debuxo/texto

- 4º, 5º e 6º de E. Primaria - Redacción con debuxo

Data de entrega dos traballos o 28 de novembro. Filtrar por parte dos titores/as un máximo de 3 traballos por curso. Un agasallo por curso (Nadal)

Proposta de actividade do Equipo de Dinamización da Lingua:

Elaboración dun calendario de aula. Ano natural a partir de 2023

– **Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022:** conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

Charlas sobre hixiene bucodental. Lucía Sales (Odontopediatra)

Martes, día 8 de novembro – 10:05h a 11:35h (1º, 2º e 3º de E. Primaria)

Mércores, día 9 de novembro – 10:05h a 11:35h (4º, 5º e 6º de E. Primaria)

Mércores, día 16 de novembro - Saída setas – 5º e 6º de E. Primaria – 10:15h a 13:45h

(Aprazada en espera de mellores condicións meteorolóxicas)

Xoves e venres, 17 e 18 de Novembro XOGADE (Campo a través) – Cursos 3º a 6º de E.

Primaria. (Aprazadas en espera de mellores condicións meteorolóxicas)

Saídas sendeirismo cursos 1º Ciclo E. Primaria. Julio Eiroa (Biólogo e fotógrafo do

Concello de Covelo)

2.- Asuntos diversos:

– Renovación do Consello Escolar do cole:

Constituída a Xunta Electoral e aprobado o calendario electoral

A partir do 9 de novembro exposición pública dos censos electorais (sector profesorado e sector pais/nais)

A partir do 11 de novembro ábrese o prazo para presentación de candidaturas. Modelo na web do colexio

– Programación lomloe (Proens) – Elaboración – Data tope 30/11/2022

– Patio da tarde – fútbol – xogos – incidentes

Sen máis puntos que tratar remata a reunión

DECEMBRO – 2022

Asistentes: Titores e especialistas

O día 20 de decembro de 2022, reúnese o equipo docente dos cursos de 5º e 6º de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

· Infórmase dos temas máis importantes tratados nas reunións de coordinación pedagóxica e normalización lingüística.

· Celébranse as xuntas de avaliación do segundo trimestre en 5º e 6º de E. Primaria.

O grupo de 5º é un bo grupo, tanto en comportamento como académica. Nalgún caso precisaríase por parte dalgún alumno/a máis estudo. Valóranse, en xeral de forma positiva, os resultados obtidos e fálase das posibles medidas a tomar cos alumnos/as con máis dificultades.

O grupo de 6º é un bo grupo, dende o punto de vista de comportamento. A nivel académico é un grupo heteroxéneo, habendo nenos/as moi bos e outros nenos/as aos que lles costa máis.

· Recóllense os datos estatísticos da segunda avaliación. Os datos son:

5º de Primaria: 11 alumnos/as. Todo aprobado o 100 %.

6º de Primaria: 13 alumnos/as. Todo aprobado o 70 %, unha ou dúas suspensas o 15 %, tres ou máis suspensas o 15 %.

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunións

XANEIRO – 2023

Asistentes: Titores e especialistas

Reunión conxunta dos 3 ciclos de educación primaria: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria

O día 17 de xaneiro de 2023, temos unha reunión conxunta os tres ciclos de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

1.- Celebracións/Actividades.

- Día internacional da Educación – 24/01/2023

- Día Escolar da non Violencia e da Paz - 30/01/2023:

· Farase o luns, 30 de xaneiro.

· Actividades a nivel de aula ao longo da xornada lectiva

· Actividade conxunta na última sesión (pista de fútbol)

Lectura previa (4) – 2 nenos de cada ciclo sobre 4 persoas representativas que traballaron pola Paz (Equipo de audio de música)

Explicación da actividade

Carreira de relevos (Pombas da Paz) – De 1 en 1 tódolos ciclos á vez. Un profe xunto a caixa e outro co grupo. Organiza Aitor.

Caixas (4) decoradas con persoas significativas en relación coa Paz

Canción. “Apertas que voan” – Paco nogueira. Con linguaxe de signos.

· Materiais

Na biblioteca (libros de Intermón Oxfam) para preparación de actividades

Orientación Andujar e outras webs / Páx. Web do Colexio

- Celebración do Entroido – 17/02/2023:

Educación Infantil – Pentagramas

1º - 2º de E. Primaria – Pianos

3º - 4º de E. Primaria – Acordeóns

5º - 6º de E. Primaria – Xilófonos

Mestres/as do cole – Directores/as de orquesta

Escola Infantil de Covelo - ? Informada - Pendente

ANPA - ? Informada – Pendente

Venres 20 último día para pedir material

2.- Varios:

Listados biblioteca segundo trimestre entregados vía whatsapp.

Excursións fin de curso.

Infantil – 2023.06.13 Club Hípico “La Muralla” – Horario escolar

1º/2º Primaria – 2023.06.20 Centro de ocio “Acougo” – 9:00h – 18:00h

3º/4º Primaria – 2023.06.20 Museos científicos (A Coruña) – 9:00h – 20:00h

5º/6º Primaria – 2023.06.20 Illas Cies – 10:00h – 20:00h

Horarios aproximados, pendentes de confirmación definitiva.

Participación do alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria nas xornadas de deporte escolar.

- *Campo a Través en Guláns. 26 e 27 de xaneiro de 2023.*

- *Roteiro de 1º e 2º de E. Primaria. 25.01.2023 – Os ríos*

- *Previstos roteiros para 3º e 4º de E. Primaria (As aldeas) e 5º e 6º de E. Primaria (As montañas)*

2º e 3º trimestres do curso.

- *Xornadas intercoles – 31 de xaneiro e 3 de febreiro de 2023 (Covelo – Mondariz)*

3.- Rogos e preguntas:

Sen máis puntos que tratar remata a reunión

FEBREIRO – 2023

Asistentes: Titores e especialistas

Reunión conxunta dos 3 ciclos de educación primaria: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria

O día 17 de febreiro de 2023, temos unha reunión conxunta os tres ciclos de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

01.- Varios – Información: conmemoracións, celebracións, saídas..

Conmemoracións:

▶ 17/02/2023 – Desfile de Entroido 2023

▶ Día de Rosalía – 23 de febreiro de 2023 (Xoves) – Pendente de realización

María Rosalía Rita de Castro

Códigos QR con información de Rosalía Castro – (Se atoparían polo colexio)

María Rosalía Rita de Castro (Santiago de Compostela 23 de febreiro de 1837 – Padrón, 15 de xullo de 1885)

Unidades didácticas: 1º e 2º de E. Primaria, 3º e 4º de E. Primaria e 5º e 6º de E. Primaria.

▶ Martes, 7 de febreiro – día de internet segura – Lema deste ano "Xuntos por unha Internet mellor"

▶ Sábado, 11 de febreiro – día internacional de la mujer y la niña en la ciencia

▶ Domingo, 12 de febreiro – día mundial contra a utilización dos nenos soldados.

▶ Martes, 21 de febreiro – día internacional da lingua materna.

▶ Martes, 28 de febreiro – día internacional das enfermidades raras.

- 8 de marzo – día internacional da muller

- 8 de marzo – Saída de 5º e 6º de E. Primaria. De 10:00h a 14:00h. Pavillón Álvaro Pino (Pontearreas) – Xornada técnica de bádminton. Titoras e Aitor.

- Saídas de marzo ao Museo do mar de Vigo. 23/03 – Infantil. 29/03 – 1º.2º.3º Primaria. 31/03 – 4º.5º.6º Primaria

- Xogos nos patios do colexio (recreo da mañá e recreo do comedor) – Control, supervisión e prohibición de calquera forma de violencia nos xogos (placaxes, collejas, pisotóns, pillá..)

- 6 ao 10 de marzo - “Semana da prensa” – Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

- Estarán xornais a disposición dos diferentes ciclos ao longo da semana. Coordinador/a de ciclo responsable do reparto e distribución diaria. Ao final da xornada escolar os nenos/as poderán levar para as súas casas os xornais. Control por parte das titorías.

- Enlace páx web do cole / quiosco dixital. [Proposta do Equipo de Normalización] - Traballo de todo o colexio / Facer un xornal (seccións) – Cada curso unha páxina A3 / Entregar en dirección ata o venres 17 de marzo / publicación na páx web do centro. Idioma – Galego.

| Internacional | Nacional | Local | Sociedade | Cultura | Carteleira | Deportes | Anuncios | Economía | O tempo |
|----------------------|-------------------|-------------------|------------------|----------------|-------------------|-----------------|---------------------------|-----------------|---------------------------------|
| | | 5 anos | | 4º Prim | | 4 anos | | | 3 anos |
| Natureza | Pasatempos | Radio e TV | Política | Laboral | Educación | Opinión | Ciencia-Tecnoloxía | Sucesos | Día Internacional Muller |
| 2º Prim | 1º Prim | | 6º Prim | | | | | | 3º Prim |

Pódese escoller calquera outra sección diferente das que figuran no cadro.

Fotos do proceso de elaboración para o vídeo que se fará sobre esta actividade.

Deixar o cadro completo nesta semana..

02.- Rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión

MARZO – 2023

Asistentes: Tutores e especialistas

O día 28 de marzo de 2023, reúnese o equipo docente dos cursos de 5o e 6o de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

- Infórmase dos temas máis importantes tratados nas reunións de coordinación pedagóxica e normalización lingüística.

- Celébranse as xuntas de avaliación do segundo trimestre en 5o e 6o de E. Primaria.

O grupo de 5º é un bo grupo, tanto en comportamento como académica. Nalgún caso precisaríase por parte dalgún alumno/a máis estudo. Valóranse, en xeral de forma positiva, os resultados obtidos e fálase das posibles medidas a tomar cos alumnos/as con máis dificultades.

O grupo de 6º é un bo grupo, dende o punto de vista de comportamento. A nivel académico e un grupo heteroxéneo, habendo nenos/as moi bos e outros nenos/as aos que lles costa máis. Neste segundo trimestre apréciase unha baixada significativa dende o punto de vista académico, polo que débese apretar de cara ao terceiro trimestre.

- Recóllense os datos estatísticos da segunda avaliación. Os datos son:

5o de Primaria: 12 alumnos/as. Todo aprobado o 83 %, unha suspensa o 17 %

6o de Primaria: 13 alumnos/as. Todo aprobado o 54 %, unha ou dúas suspensas o 8 %, tres ou máis suspensas o 38 %.

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunións

ABRIL – 2023

Asistentes: Tutores e especialistas

O día 18 de abril de 2023, reúnese o equipo docente dos cursos de 5o e 6o de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

1. Actividades desenvolvidas ao longo do mes.

- Charlas Asociación AMAINA

Días 17, 18 e 19 de abril para 3º.4º.5º e 6º de E. Primaria

Semana do libro

Día do Libro. - domingo 23 de Abril: (21 de abril – venres)

- Proposta de Concurso "A miña portada favorita" Un agasallo por aula

Data de entrega - ..o venres 21 de abril.

- Actividades semana do libro (Lectura de contos por parte do alumnado de 6º de E. Primaria)

- 18/04 – 1º de Primaria – 10:10 a 10:50 / 4º de Infantil – 11:00 a 11:40

- 19/04 – 3º de Primaria – 12:20 a 13:00 / 4º de Primaria – 15:10 a 15:50

- 20/04 – 2º de Primaria – 11:00 a 11:40 / 5º de Infantil – 12:20 a 13:00

- 21/04 – 5º de Primaria – 11:00 a 11:40 / 6º de Infantil – 12:20 a 13:00

Reparto de marca-páxinas en tódolos cursos do autor Francisco Fernández del Riego Homenaxeado neste ano con motivo da celebración das Letras Galegas

- Listados control de lectura en galego, meses de abril e maio – enviadas polo grupo

2. Conmemoracións. Concursos. Saídas

- Día 1 de abril – Día das Artes Galegas.

- Día 2 de abril- día de concienciación sobre o autismo.

- Día 7 de abril - Día Mundial da Saúde.

- Día 16 de abril - día mundial contra a escravitude infantil.

<https://youtu.be/X1HkV8-hI2k>

<https://youtu.be/X1HkV8-hI2k>

<https://www.youtube.com/watch?v=QY-AByOiFcs>

<https://www.youtube.com/watch?v=aqQunOIVhKo>

- Día 22 de abril - día da Terra.

- Do 17 ao 21 de abril: Semana do libro Día 2 de abril – día do libro infantil.

Día 23 de abril - día do libro

- 26/04/2023 – Museo de Pontevedra – 4 anos, 5 anos, 1º e 2º de E. Primaria

- 28/04/2023 – Participación no XXII Rebumbio Matemático (Alumnado 6º de E. Primaria)

[Rebumbio \(agapema.org\)](http://agapema.org)

- 05/05/2023 – Roteiro 3º e 4º de E. Primaria

- 02/06/2023 – Roteiro 5º e 6º de E. Primaria

Excursión de fin de curso a Madrid. Alumnado de 6º de E. Primaria. Iran acompañadas da súa titora , Patricia Álvarez Táboas e da titora de 2º de E. Primaria, Paula Martínez Fernández.

Concurso <https://digochoeu.gal/concursos/>

Prazo remata o 30 de abril de 2023 – Vídeo de 1 minuto. Proposta de formato repetido (participando tódolos cursos) Encadrado dentro da actividade do Equipo de dinamización da lingua “Falando para un mundo mellor” Enviar vídeos/fotos desta actividade para montar vídeo.

3. Información dirección.

- Letras galegas (Francisco Fernández del Riego)

Unidades didácticas en papel, actividades en liña e outros moitos materias dispoñibles nas webs do Seminario Galan e da Real Academia Galega Existe na biblioteca un libro (Colección os bolechas) sobre este autor.

<http://seminariogalan.org/inicio/2023/documentos>

<https://primaveradasletras.gal/>

Celebración Letras Galegas 2023 – 16/05/2023 – XVII olimpíadas escolares e festival. Pensando actividades para o festival – CCP de maio (02/05/2023)

Areeiro de E. Infantil operativo. Uso exclusivo deste alumnado

Recreos con choiva 4º, 5º e 6º de E. Primaria. Separación de zonas na terraza.. de dereita a esquerda 4º – 5º e 6º de E. Primaria.

Alumnado con materias pendentes en E. Primaria.

4. Rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión

MAIO – 2023

Asistentes: Titores e especialistas

Reunión conxunta dos 3 ciclos de educación primaria: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria

O día 17 de febreiro de 2023, temos unha reunión conxunta os tres ciclos de E. Primaria cos seguintes puntos na orde do día:

1. Documentación fin de curso - datas

- Libros de texto e material escolar (listados) – Xefatura, venres 9 de xuño

Cadernos de traballo – valorar / Libros de música

- Memorias que correspondan – Xefatura, venres 16 de xuño

- Asinar actas e historial académico – Secretaría, xoves 22 de xuño (4º, 5º e 6º), venres 23 de xuño (1º, 2º e 3º)

- Avaliación 3ª e final – luns, 12 de xuño (Data do boletín de notas o 21 de xuño de 2023)

2º. Conmemoracións, actividades e saídas- 2 de maio de 2023: Día internacional contra o acoso escolar.

- 3 de maio de 2023: Día mundial da liberdade de prensa

- 8 de maio de 2023: Día internacional da cruz vermella

- **9 de maio de 2023: Día de Europa.**

- 15 de maio de 2023: Día internacional da familia.

- 17 de maio de 2023: Día mundial de internet / das telecomunicación.

- **Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.**

- 16 de maio de 2023: Olimpíadas escolares “Letras Galegas 2023” - Festival

Xornal escolar “A Nosa Voz 2023” – Venres, 2 de xuño de 2023 (Límite entrega Traballos)

- Xoves, 4 de maio – Xogo loita (4º de E. Primaria) - Crecente
- Venres, 5 de maio - Roteiro polo Concello de Covelo – (3º e 4º de E. Primaria)
- Venres, 5 de maio - Xornada intercoles – (5º e 6º de E. Primaria)
- Martes, 16 de maio – Finalistas gala premios dígochoeu (Santiago Compostela)
- Venres, 19 de maio – Visita do alumnado de 6º de primaria ao IES Val do Tea
- 25-26 de maio – Xogos populares (Parque da Canuda - Salvaterra) – 3º e 4º (25) – 5º e 6º (26)
- Venres, 2 de xuño - Roteiro polo Concello de Covelo – (5º e 6º de E. Primaria)
- Excursións fin de curso

Autorizacións sairán venres, 2 de xuño de 2023. Cofinanciación das mesmas por parte das familias. Por motivos de organización e reservas, prazo máximo para estar no cole de volta coa achega económica o venres, 9 de xuño de 2023. (Casos particulares-comentamos) – Elección por parte de especialistas / excursión

3. Rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión

XUÑO – 2023

MEMORIA DE 5º DE E. PRIMARIA CURSO 2022-2023

1.- Introducción.

No presente curso escolar a mestra, Esperanza Martínez Bayón, foi a titora do grupo de 5º de Educación Primaria. A presente memoria fai referencia a este grupo que integran un total de 12 alumn@s. Unha alumna incorporouse ao grupo no segundo trimestre.

2.- Reflexión sobre o proceso de ensino/aprendizaxe en relación co grupo/aula e grado de desenvolvemento das programación docentes.

As aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado de 5º de primaria durante o curso 2022/2023 puidéronse desenvolver con normalidade, polo que a programación prevista para o presente curso logrouse levar a cabo na súa totalidade.

3.- Consecución dos obxectivos e desenvolvemento das competencias clave.

Contei cun grupo heteroxéneo de estudantes que foron alcanzando as aprendizaxes, os obxectivos e o desenvolvemento das competencias clave a diferentes niveis debido ás capacidades e ao ritmo de traballo de cada un.

4.- Coordinación co departamento de orientación.

Destacar que na aula non había ningún alumno/a repetidor/a, nin tampoco alumnado que precisara da intervención da especialista de AL ou PT. A partir do segundo trimestre unha alumna recibiu reforzo educativo por parte da mestra titora na materia de matemáticas e durante unha sesión semanal.

5. Metodoloxía e clima de traballo na aula.

Utilizamos EDIXGAL ademais doutras actividades propostas pola mestra tales como fichas impresas, actividades on line e algún traballo individual ou en equipo exposto polo alumnado. Destacar que desenvolvemos algunha actividade con alumnado de infantil, tales como lectura de contos e celebración do día do medio ambiente, que resultaron moi enriquecedoras. O clima de traballo resultou favorable para o alumnado e para o seu rendemento académico e persoal.

6. Avaliación.

Tendo en conta os criterios de avaliación establecidos na programación e tamén que neste curso segundo a normativa non se repetirá a ningún alumno/a, o resultado da avaliación ordinaria foi o seguinte:

| Todo aprobado | 1 suspenso | 2 suspensos | 3 suspensos | 4 suspensos | 5 suspensos |
|---------------|------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| 12 | | | | | |

7.- Recursos.

Contei con ordenador e proxector para traballar EDIXGAL, o alumnado tamén dispuxo do seu propio ordenador. Ademais utilizamos distinto material aportado polo mestre, o equipo de dinamización da lingua galega e polos propios alumnos/as cos seus traballos.

8.- Coordinación do equipo docente e relación co resto da Comunidade Educativa: profesorado, familias, etc.

A relación e coordinación co equipo docente foi satisfactoria, apoiándonos e axudándonos. A destacar a aportación de ideas novas que se levaron a cabo coa colaboración de todo o profesorado, de xeito especial coa ocasión das diferentes conmemoracións e celebracións. Isto favoreceu a creación dun ambiente cordial no centro.

O contacto coas familias levouse a cabo a través dunha primeira reunión ao comezo do curso e ao longo do mesmo mediante titorías presenciais solicitadas ou ben polas familias ou ben pola mestra titora.

A implicación das familias neste grupo foi bastante positiva, aínda así nalgúns casos resultou pouco eficiente e mesmo escasa.

9.- Dificultades atopadas.

Tendo en conta as capacidades e aptitudes do alumnado a maior dificultade atopada neste grupo foi, nunha parte do alumnado, o uso excesivo do ordenador mermando deste xeito a capacidade de esforzo e reflexión. Noutros casos, o máis salientable resultou ser a desgana e a falta de interese polo estudo, priorizando outras actividades. En xeral a este grupo cláse fáltalle o hábito de estudo e de lectura fóra do centro.

10.- Valoración das actividades complementarias.

As actividades complementarias que se levaron a cabo foron ben acollidas por parte do alumnado e na miña opinión moi enriquecedoras.

11.- conclusión, valoración xeral e propostas de mellora.

Pódese considerar que o resultado global foi positivo.

Como propostas de mellora sería moi conveniente unha maior implicación das familias no estudo dos menos/as fóra do centro. Insistir por parte do profesorado a importancia de saber expresarse, tanto de xeito oral como por escrito, proporcionándolles as ferramentas necesarias para acadar un resultado óptimo. Tamén ensinarlles a valorar a importancia dun mellor coidado e presentación das tarefas e do material.

MEMORIA DE 6º DE E. PRIMARIA CURSO 2022-2023

1. Introducción.

No presente curso escolar a mestra Patricia Álvarez Táboas foi a titora do grupo de 6º de Educación Primaria. A presente memoria fai referencia a este grupo que integran un total de 13 alumnos e alumnas.

2. Reflexión sobre o proceso de ensino/aprendizaxe en relación co grupo/aula e grao de desenvolvemento das programacións docentes.

As aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado de 6º de Educación Primaria durante o curso 2022/2023 desvolvéronse con normalidade, polo que a programación prevista para este curso nas diferentes materias foi levada a cabo case na súa totalidade.

3. Consecución dos obxectivos e desenvolvemento das competencias clave.

No presente curso, contei cun grupo heteroxéneo de alumnado que foron alcanzando as aprendizaxes e obxectivos a diferetnes ritmos e niveis, debido á diversidade nas capacidades de cada persoa, e influído tamén polas condicións persoais e familiares de cada un deles e delas.

4. Coordinación co departamento de orientación.

En canto a algunhas características individuais do alumnado, no grupo contei con dúas alumnas repetidoras, así como con un neno e unha nena que contaron co apoio da mestra de pedagogía terapéutica dúas horas á semana, unha hora en lingua galega e outra en lingua castelá. Asimesmo, outra alumna recibiu reforzo educativo na área de matemáticas, tamén unha hora á semana.

5. Metodoloxía e clima de traballo na aula.

O traballo na aula estivo marcado, fundamentalmente, polo uso das TICs, utilizando diariamente o ordenador persoal de cada alumno e alumna combinándoo co uso do caderno de aula. Asimesmo, tamén se buscou unha aprendizaxe activa con traballos de investigación nas áreas de ciencias naturais e sociais que fixeron que fose o propio alumnado o constructor do seu propio coñecemento.

Por outra banda, o clima de traballo na aula foi tranquilo e favorable para o rendemento académico e o desenvolvemento persoal do alumnado.

6. Avaliación.

Tal e como se establece na programación, os criterios de avalaición foron as probas escritas, o traballo diario, o cadernos e tarefas académicas de diferente natureza. Así un total de 11 alumnos e alumnas pasan a educación secundaria, dos cales 9 fano con todas as materias aprobadas, un con unha materia suspensa, outra con 4 materias suspensas, pero promociona porque ten promoción obrigatoria. Mentres que dous permanecerán un ano máis en sexto de Educación Primaria.

7. Recursos.

Durante o presente curso contei co ordenador e o proxector para traballa con EDIXGAL, e o alumnado tamén contou co seu ordenador persoal. Ademais, empregamos distinto material aportado pola diferente profesorado, a orientadora e o quipo de dinamización da lingua galega e polo propio alumnado co seu traballo.

8. Coordinación do equipo docente e relación co resto da Comunidade Educativa: profesorado, familias, etc.

A relación e coordinación co equipo docente foi excelente, apoiándonos e axudándonos no que fose preciso. Así mesmo, por parte das familias hubo unha relación satisfactoria nos diferentes contactos que tivemos ao longo do curso académico.

9. Dificultades adoptadas.

A maior dificultade atopada foi a desmotivación dalgún alumnado, do que non conseguín que acadasen os resultados esperados.

10. Valoración das actividades complementarias.

Durante o curso académico leváronse a cabo diferentes actividades complementarias, como por exemplo as seguintes:

- Saída ó Balneario de Mondariz para entender a importancia da auga.
- Un roteiro pola Serra do Suído para coñecer diferentes tremedais.
- Saída a celebración de xogos populares.
- Saída a practicar bádminton.
- Saída ás Illas Cíes.

Todas elas foron moi proveitosas e interesantes dende o punto de vista educativo e social, facilitando a adquisición das competencias clave recollidas no currículo.

11. Conclusión, valoración xeral e propostas de mellora.

Como conclusión, decir que o resultado do curso pode cualificarse como satisfactorio, tendo en conta as circunstancias que acaeceron e as dificultades que se atoparon.

Como propostas de mellora para o próximo curso, resaltaría unha maior implicación das familias no proceso de ensino aprendizaxe, feito que mellorará o seu rendemento e que favorecerá que acaden uns resultados máis satisfactorios.

Asemade, tamén recomendo a realización dunha avaliación inicial completa para establecer unha programación con todas as aprendizaxes imprescindibles que non se acadaran neste curso, sobre todo co alumnado reptidor, establecendo un plan de reforzo para os mesmos.

Covelo a 15 de xuño de 2023
O coordinador
Xoan Carlos Barbosa Fernández

MEMORIA DE ACTIVIDADES
EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS
CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ
ANO 2022/2023

ÍNDICE.

INTRODUCCIÓN

OBXECTIVOS

ACTIVIDADES REALIZADAS

1- ACTIVIDADES LÚDICO-CULTURAIS

2- ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS

3- ACTIVIDADES DEPORTIVAS

AVALIACIÓN E MARCHA DO CURSO

PROPOSTA DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO

INTRODUCCIÓN.

O grupo de actividades complementarias e extraescolares, tivo unha reunión mensual ubicada temporalmente nos martes pola tarde ao mesmo tempo que as reunións de ciclo de xeito que todo o mestrado implicado estivese presente, ademais no horario está asignada unha hora semanal os luns na 3ª hora para coordinación do grupo de actividades complementarias e extraescolares.

Os segundos martes do mes na reunión de ciclo de infantil as 16.30

Os terceiros martes do mes nas reunións dos ciclos de primaria as 16.30

OBXECTIVOS.

Neste ano que non existiu ningunha restrición, buscouse en todo momento que o alumnado puidese desenvolver diversas actividades culturais, lúdicas e deportivas, encadradas en todo momento nas posibilidades económicas do centro buscando que as familias tivesen o mínimo desembolso económico posible.

A continuación expóranse as actividades divididas en lúdico-culturais, conmemorativas e deportivas.

ACTIVIDADES REALIZADAS.

1- ACTIVIDADES LÚDICO-CULTURAIIS.

- 30 de setembro (toponimia) 4º, 5º e 6º.
 - 5 de outubro (igualdade de xénero) 3º-6º.
 - 2 de decembro. “casa museo de Rosalía” 3º e 4º.
 - 25 de Xaneiro. 1º e 2º saída pola contorna (RíosAldeaseMontañas).
 - 22 de marzo (11:00-13.30) BALNEARIO DE MONDARIZ. 4º, 5º E 6º
 - 23 marzo MUSEO DO MAR DE VIGO (Infantil “Son peixes...?”) hora 12:00
 - 29 marzo MUSEO DO MAR DE VIGO (1º e 2º “arqueoloxía” e acuario libre) hora 12:00
 - 29 marzo MUSEO DO MAR DE VIGO (3º “sálvemos...”) hora 12:00
 - 31 marzo MUSEO DO MAR DE VIGO (4º, 5º e 6º “arqueoloxía”) hora 12:00 ANULADO
- FOLGA
- 14 de abril cinema Vía Láctea Cinema (toda primaria)
 - 14 de abril Visita da ilustradora Estefanía Padullés (todos os cursos en 2 sesións)
 - 17-19 de abril Charlas AMAINA (3º, 4º, 5º e 6º de primaria)
 - 26 de abril “Coñece o museo” (4-5 anos e 1º-2º primaria)
 - 5 de maio 3º e 4º saída pola contorna(RíosAldeaseMontañas)
 - 2 de xuño 5º e 6º saída pola contorna(RíosAldeaseMontañas)
 - 8 de xuño 6º Infantil, 1º e 2º saída a Tui (3º congreso educativo EDUCODS 2030)
 - 13 de xuño SAÍDA FIN DE CURSO (HÍPICA REDONDELA “LA MURALLA”) INFANTIL.
 - 20 de xuño SAÍDA FIN DE CURSO (ACOUGO OURENSE) 1º E 2º
 - 20 de xuño SAÍDA FIN DE CURSO (MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES) 3º E 4º
 - 20 de xuño SAÍDA FIN DE CURSO (VISITA A CÍES) 5º E 6º

2- ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS.

- Samain 26-28 de outubro (XOGO DE PISTAS, DECORACIÓN DE CABAZAS)
- Festival de Nadal 22 de decembro. (ACTUACIÓNS POR CURSO, RECOLLIDA DE AGASALLOS E MERENDA)
- Relevos da Paz 30 de xaneiro. (CARREIRA DE RELEVOS E EXPOSICIÓN DE PERSOAXES IMPORTANTES DA PAZ)
- Semana de entroido 13-17 de febreiro. (COMPADRES/COMADRES; ORDES DO MECO; DESFILE)
- Día de Rosalía 23 Febreiro (búsqueda dos códigos QR de Rosalía)
- Semana da Prensa 6-10 de marzo (O noso Xornal)
- Día da Muller 8 de marzo (EXPOSICIÓN DE MULLERES GALEGAS PIONEIRAS NA HISTORIA)
- Semana das Letras Galegas 15-19 de maio (XVII OLIMPIADAS DE COVELO, XORNAL “A NOSA VOZ”)

3- ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

SEGUNDO TRIMESTRE

- 26-27 xaneiro (cross 3º-6º primaria)
- 20 xaneiro (4º xogaloita, en horario lectivo)
- 8 de febreiro (intercoles 5º e 6º primaria) Covelo-Mondariz.
- 8 de marzo (Bádminton 5º e 6º)

TERCEIRO TRIMESTRE

- 4 de maio (4º primaria) Xogaloita
- 5 de maio. (intercoles 5º e 6º primaria) Leirado-Covelo.
- 25-26 de maio (XOGOS POPULARES) (3º -6º primaria)

AVALIACIÓN E MARCHA DO CURSO.

A valoración global das actividades realizadas durante o curso escolar 2022/2023 foi boa, podendo realizar un gran número de actividades sen custe para as familias e con mínimo custe para o centro educativo, iniciando e levando a cabo varios proxectos con alto valor como é o Proxecto **Aldeas, Ríos e Montañas** en colaboración co **Concello de Covelo** e a participación no **Proxecto XOGADE**, así como a reincorporación de actividades propias do centro como **Os Xogos Olímpicos de Covelo**, celebrado na semana das **Letras Galegas**.

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO

Aínda que as actividades realizadas tiveron unha boa aceptación tanto por mestres, familias como alumnos, sempre se pode mellorar. Para o vindeiro curso compre reflexionar sobre:

Modificar algunha actividade que se ven repetindo dende fai xa moitos cursos atrás para que non perda o seu atractivo.

Anotar o centro no PVAD (PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA)

Aumentar as posibilidades do tempo de lecer coa apertura da biblioteca para xogos de mesa e traballo TIC.

Creación de mais xogos impresos no chan do patio do centro para a actividade dos nenos/as.

Crear unha zona de xogos populares na zona próxima ao rocódromo.

MEMORIA DA BIBLIOTECA(2022/23)

ÍNDICE

1. HORARIO
2. ADQUISICIÓN E NOVAS COLECCIÓN S
3. PRÉSTAMOS
4. CONMEMORACIÓN S
5. ACTIVIDADES
6. PARTIDA ECONÓMICA
7. CONCLUSIÓN

1. HORARIO

A biblioteca permaneceu aberta á disposición dos nenos e nenas durante os recreos e as horas que tiña o profesorado de dinamización da biblioteca, para que os nenos e nenas recolleran e devolvan libros, quedando os datos rexistrados no Proxecto Meiga.

▪ Acordamos que o conto queda pendente para o primeiro trimestres do curso 2023-24.

4.- FALAR EN GALEGO NA SEMANA DAS LETRAS GALEGAS:

▪ Durante a semana das Letras Galegas na medida do posible toda a comunidade educativa empregou o galego na comunicación oral.

5.- ACTIVIDADES DAS LETRAS GALEGAS:

▪ Neste curso tivemos as XVII Olimpíadas escolares do noso cole.

▪ Tamén tivemos un festival con diversas actividades en galego.

▪ Acordamos elaborar unha nova edición do xornal A NOSA VOZ con seccións en galego.

6.- ROGOS E PREGUNTAS:

- ***O día 14 de xuño de 2023 tivemos a xuntanza do EDLG cos seguintes puntos na orde do día:***

1.- VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DO EDLG NESTE CURSO:

▪ O EDLG ten unha valoración moi positiva das actuacións e iniciativas propostas a CCP, desenvolvemos practicamente as actividades previstas. Ademais ao longo do curso foron xurdindo numerosas actividades.

► OBXECTIVOS E CONSECUCCIÓN DOS MESMOS:

.- As medidas para acadar os obxectivos son a implicación de todo o profesorado e de todo o alumnado nas diferentes actividades a desenvolver ao longo do curso 2022-2023, para así poder acadar os seguintes obxectivos básicos:

- Potenciar o uso do galego en tódolos ámbitos.
- Propor a realización de actividades lúdicas e atractivas en galego.
- Ampliar o léxico do alumnado dentro dos distintos campos semánticos.

.- Os obxectivos propostos acadáronse, na medida do posible, por medio das diferentes actividades levadas a cabo ao longo do curso 2022-2023.

▶ ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS:

./As actividades xerais desenvolvidas ao longo do curso 2022-2023 foron as seguintes

- ✓ 24 ao 28 de outubro *SEMANA DO SAMAÍN* na procura do tesouro – concurso de cabazas.
- ✓ De outubro a xuño *PROXECTO LECTOR*: mellor lector do mes
- ✓ 8 de novembro *CHARLAS DE HIXIENE BUCODENTAL* *
- ✓ Novembro participación de E.Infantil no concurso *COREOGRAFÍATE* *
- ✓ 25 de novembro *DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO*
- ✓ 27 de novembro *CONCURSO DO DÍA DO MESTRE-A*
- ✓ 2 de decembro *VISITA A CASA DE ROSALÍA DE CASTRO* *
- ✓ Nadal: *CONCURSO DE POSTAIS – FESTIVAL*
- ✓ Decembro *CALENDARIOS PARA AS AULAS con coplas e refraneiro, conmemoracións e fotos de aniversario do alumnado*
- ✓ 25 de Xaneiro de 2023 *ROTEIRO – OS RÍOS- 1º/2º DE PRIMARIA* *
- ✓ 30 de xaneiro de 2023 *DÍA DA PAZ*
- ✓ 10 de febreiro *COMPETICIÓN PROGRAMA XOGADE- CAMPO A TRAVÉS EN GULÁNS* DE 3º a 6º de Primaria
- ✓ Febreiro de 2023 *ENTROIDO*: ○ xoves de compadres e comadres ○ ordes do MECO ○ DESFILE o 17 de febreiro
- ✓ Do 6 ao 10 de marzo *SEMANA DA PRENSA – xornal en galego-*
- ✓ 8 de marzo *DÍA DA MULLER TRABALLADORA*
- ✓ 8 de marzo *XORNADA TÉCNICA DE BADMINTON* en Ponteareas, 5º e 6º de Primaria
- ✓ 22 de marzo *CICLO DA AUGA* en Mondariz Balneario, 4º-5º-6º de Primaria *
- ✓ 23 de marzo E. Infantil *VISITA AO MUSEO DO MAR EN VIGO* *
- ✓ 27 de marzo *XORNADA DE BADMINTON* en Ponteareas
- ✓ 29 de marzo *VISITA AO MUSEO DO MAR* 1º/2º/3 de Primaria *
- ✓ Marzo-abril-maio *FALANDO PARA UN MUNDO MELLOR*, murais e vídeo para o concurso de DIGOCHOEU *
- ✓ 14 de abril *CINEMA - VÍA LÁCTEA FILMES* con José Luís Gil na praza Mestre Cerviño de Covelo, actividade conxunta para o alumnado. *
- ✓ 17 -18 – 19 de abril *CHARLAS ASOCIACIÓN AMAINA – HHSC – TICS – PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIA*, para 3º – 4º – 5º – 6º de Primaria
- ✓ 14...21 de abril *SEMANA DO LIBRO*:

- ✓ ○ Visita da ilustradora Estefanía Padullés
 - Concurso portada dun libro
 - Lectura de contos en galego nas aulas por alumnos/as de 6º de Primaria
- ✓ 26 de abril *VISITA AO MUSEO DE PONTEVEDRA*, 5º – 6º de Educación Infantil / 1º – 2º de Primaria *
- ✓ 28 de abril *ALIMENTACIÓN SAUDABLE* *
- ✓ 28 de abril *REBUMBIO MATEMÁTICO**
- ✓ 4 de maio *XORNADA DE LOITA EN CRECENTE* 4º de primaria
- ✓ 5 de maio *XORNADA DE BALONMÁN INTERCOLES* en Leirado, 5º e 6º d*ºe Primaria
- ✓ 5 de maio *ROTEIRO POR COVELO – AS ALDEAS* – 3º e 4º de Primaria
- ✓ 4 ... 6 de maio *ACTIVIDADE NOS MESMAS* patrocinada pola Deputación de Pontevedra, Concello e LGTBI para todo o alumnado en diversas sesións. *
- ✓ 15 – 19 de maio *SEMANA DAS LETRAS GALEGAS*:
 - XVII Olimpíadas escolares
 - Festival letras Galegas
 - Xornal *A NOSA VOZ* edición 2023
- ✓ 25 de maio *XOGOS POPULARES INTERCOLES PARQUE DA CANUDA* Salvaterra 3º – 4º de Primaria *
- ✓ 26 de maio *XOGOS POPULARES INTERCOLES PARQUE DA CANUDA* en Salvaterra 5º de Primaria *
- ✓ 2 de xuño *ROTEIRO POR COVELO – AS MONTAÑAS* – 5º e 6º de primaria *

●**Nota** van marcadas con * *actividades novas que xurdiron ao longo do curso*

► **VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS:**

.-A valoración é satisfactoria. Alcanzamos os obxectivos previstos dende DLG para o curso. Agradecer o apoio as actividades propostas polo EDLG, tanto nas reunións da CCP, ciclos e dende as titorías, que sempre estiveron receptivas as nosas iniciativas. A pesar de todos estes esforzos, a presenza do galego no ámbito familiar e na comunicación entre o alumnado segue sendo moi baixa, tal e como se reflicte na enquisa do mes de novembro. Os resultados das actividades foron positivos, soamente queda pendente a realización dun conto conxunto dende E.Infantil a 6º de primaria.

► **ENDEREZOS WEB:**

.- Moitas das actividades desenvolvidas aparecen recollidas na páxina WEB do cole <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanco>

.- Tamén na memoria gráfica gran parte das actividades desenvolvidas aparecen cun enlace directo ao vídeo correspondente.

.- A coordinadora territorial dos EDLG mandou diversos correos con enlaces a numerosas actividades e concursos para fomentar o uso do galego, que eu como coordinadora trasladei ao profesorado.

► PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO ACADÉMICO:

.- De cara o vindeiro curso (2023-2024) seguirase coas liñas marcadas no PLC que realizamos para 2002-26, afondando nas actividades descritas e incorporando actividades novas que vaian xurdindo ao longo do curso.

.- Seguiremos realizando a enquisa anual ás familias para ver a evolución da nosa lingua.

.- Fomentaremos novas iniciativas para animar ao alumnado a usar o galego como canle de comunicación oral.

.- Realizaremos actividades lúdicas en galego para fomentar o seu uso.

.- O profesorado procurará expresarse en galego sempre que sexa posible , para que os alumnos/as nos tomen coma exemplo.

.- Propondremos máis días de usar o galego como canle de comunicación entre todos/as: profesorado, alumnado e persoal non docente do noso cole.

.- Poremos en marcha a aula da natureza durante todo o curso escolar, no noso invernadoiro-granxa, cuns horarios e tarefas por grupos de traballo, mesturando nenos/as dende 1º a 6º de primaria para ter numerosos produtos da horta que se poidan servir no menú escolar durante todo o curso.

.- Seguiremos levando a CCP, novas propostas e iniciativas para motivar aos alumnos a expresarse en galego.

Covelo, a xuño de 2023

A coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega



Asdo: Milagros García Sambréjome

Vto e Prace

O Director

Asdo: Juan Carlos Barbosa Fernández



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP
ANTONIO
BLANCO RODRÍGUEZ

ceip.antonio.blanco@edu.xunta.gal

EQUIPO
DINAMIZACIÓN
DA LINGUA

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanc/>



MEMORIA GRÁFICA

CURSO 2022 - 2023

ACTIVIDADES SEMANA DO SAMAÍN 24 - 28 OUTUBRO 2022

<https://www.youtube.com/watch?v=26zoic6IOj4>



PROXECTO MELLOR LECTOR/A OUTUBRO(2022) - XUÑO(2023)

Mellores lectores/as - Outubro 2022



Biblioteca Escolar - Cole Covelo

Mellores lectores/as - Abril 2023



Biblioteca Escolar - Cole Covelo

CHARLAS HIXIENE BUCODENTAL 8 - 11 - 2022

Charlas sobre hixiene bucodental



08/11/2022 - Cole de Covelo


**E.I. PARTICIPACIÓN CONCURSO COREOGRAFÍATE
NOVIEMBRE 2022**



<https://www.youtube.com/watch?v=GxpKZaibj30>




**ACTIVIDADES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
25 NOVIEMBRO 2022**



ELIMINACIÓN VIOLENCIA CONTRA A MULLER <https://www.youtube.com/watch?v=aKXNavv13b0>



CONCURSO DÍA DO MESTRE/A 27 NOVEMBRO 2022



3º/4º/5º VISITARON A CASA DE ROSALÍA DE CASTRO 2 DE DECEMBRO 2022

<https://www.youtube.com/watch?v=F5WXPCDQVgw>



CALENDARIOS 2023 PARA AULAS DECEMBRO DE 2022



"MAIO ENTRADO, UN XARDÍN EN CADA PRADO" **MAIO 2023**

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|--------|---------|
| 1 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 2 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 3 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 9 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 10 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 16 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 17 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 18 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 19 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 DÍA MUNDIAL DO LIBERTARIO | 30 | 31 | | | | |

**DÍA MUNDIAL DA PAZ
30 XANEIRO 2023**



Día da Paz <https://www.youtube.com/watch?v=r6yrn6db4QE>



**CAMPO A TRAVÉS GULÁNS - PROGRAMA XOGADE- 3º/4º/5º/6º PRIMARIA
10 DE FEBREIRO 2023**



ACTIVIDADE DÍA DE ROSALÍA 23 FEBREIRO 2023

Se a **Rosalía de Castro** queredes coñecer a súa **foto** deberedes ver.



¿Onde buscar?



CEIP ANTONIO BLANCO

Busca en equipo os **códigos QR** repartidos polo colexio coas curiosidades sobre **A NOSA ROSALÍA**

DÍA DE ROSALÍA
23 DE FEBREIRO
1/3

Uxía canta coa súa fermosa voz "**Rosalía pequenaña**" en forma de canción.



¿Onde buscar?



A nosa Rosalía non tiña medo de ver ao **moucho** enriba do penedo.

¿Onde buscar?



O día de Rosalía está a piques de rematar, pero antes unha **canción** imos bailar.



¿Onde buscar?



▫ Códigos QR de educación infantil

Tivo **sete fillos/as**.
Alejandra, Aura, Gala e Ovidio (Xemelgos), Amara, Adriano e Valentina.



Aos **vinte anos** publicou, en castelán, o seu **primeiro libro** de versos "**La Flor**"



CEIP ANTONIO BLANCO

Busca en equipo os **códigos QR** repartidos polo colexio coas curiosidades sobre **A NOSA ROSALÍA**

DÍA DE ROSALÍA
23 DE FEBREIRO

Casou con **Manuel Murguía**



Cantares Galegos 1863
Primeiro libro integramente en Galego que marca o inicio do denominado Rexurdimento pleno.



Fina no ano **1885** e é soterrada en Iria Flavia. Mais en **1891** os seus restos foron levados ao hoxe **Panteón dos Galegos Ilustres**.



Rosalía naceu en **Santiago de Compostela**
23 de febreiro de 1837



2/2

▫ Códigos QR de educación primaria

▫ Na procura dos códigos QR en equipo



ACTIVIDADES DO ENTROIDO FEBREIRO 2023



ENTROIDO <https://www.youtube.com/watch?v=IBGx23foq8A>




SEMANA DA PRENSA - XORNAL EN GALEGO 6 AO 10 DE MARZO

xornal <https://www.youtube.com/watch?v=BeXLBsqJ66I>



**DÍA DA MULLER TRABALLADORA
8 DE MARZO 2023**



DÍA DA MULLER <https://www.youtube.com/watch?v=aKXNavv13b0>



**XORNADA TÉCNICA DE BADMINTON 5º/6º PRIMARIA
8 DE MARZO 2023**



PAVILLÓN
ÁLVARO PINO
PONTEAREAS

CICLO DA AUGA 4º/5º/6º MONDARIZ BALNEARIO 22 MARZO 2023



XORNADA DE BADMINTON 5º/6º PRIMARIA EN PONTEAREAS 27 MARZO 2023




•VISITAS AO MUSEO DO MAR EN MARZO:

EDUCACIÓN INFANTIL (5º E 6º) 23 DE MARZO
MUSEO DO MAR <https://www.youtube.com/watch?v=BgDQqNG1H7A>



▫ 1º - 2º - 3º 29 DE MARZO

MUSEO DO MAR 1º-2º-3º https://www.youtube.com/watch?v=Y_9zj6hySk0



**TODAS/OS ACTIVIDADE CINEMA NA PRAZA DO CONCELLO
14 ABRIL 2023**


<https://instagram.com/p/CrBNe5Qs0W7/?igshid=MDJmNzVkMjY=>



**CHARLAS ASOCIACIÓN AMAINA 3º - 4º - 5º - 6º
17 - 18- 19 ABRIL 2023**



**SEMANA DO LIBRO
14...21 DE ABRIL**



**VISITA DA
ILUSTRADORA
ESTEFANÍA
PADULLÉS
O 14 DE ABRIL**



**LECTURAS
EN GALEGO
ALUMNOS 6º
AULAS INFANTIL
E PRIMARIA**

SEMANA DO LIBRO <https://www.youtube.com/watch?v=k-ypwUsl9Tc>



**CONCURSO
PORTADA
DO TEU
CONTO
FAVORITO**

**MUSEO DE PONTEVEDRA E.I.(5º-6º) - 1º E 2º PRIMARIA
26 ABRIL 2023**

MUSEO DE PONTEVEDRA https://www.youtube.com/watch?v=FMA0XFdT_Qk



**ACTIVIDADE FALANDO PARA UN MUNDO MELLOR
MARZO - ABRIL - MAIO (FINALISTAS CONCURSO DIGOCHOEU 16 MAIO)**



Vídeo finalista concurso digochoeu premios do xurado

<https://www.youtube.com/watch?v=qkQ6RgZwCEY>

Gala 16 de maio Santiago entrega premios



**CHARLA ALIMENTACIÓN SAUDABLE
28 ABRIL 2023**



CHARLAS DIVERSIDADE AFECTIVO SEXUAL 4 - 5- 6 MAIO 2023



XORNADA DE LOITA EN CRESCENTE 4º PRIMARIA 4 MAIO 2023



**XORNADA BALONMÁN INTERCOLES EN LEIRADO 5º - 6º PRIMARIA
5 MAIO 2023**



**ROTEIRO POR COVELO - AS ALDEAS- 3º E 4º
5 DE MAIO 2023**



SEMANA DAS LETRAS GALEGAS: OLIMPIÁDAS - FESTIVAL

15 AO 19 DE MAIO 2023

Vídeo - "Letras Galegas 2023"



 LETRAS GALEGAS 2023



MARTES, 16 DE MAIO DE 2023 a partir das 10:30 horas.

- 9 Equipos: [Vikings - Capybaras - Fenix - Omegas - Terreneitor - Scorpions - Pac-Man - Máquinas - Covetillos (E. Infantil)]

- Participando por separado nenos e nenas, coa excepción dos relevos, tiro de corda e carreira da auga.

- Tódolos nenos e nenas, desde E. Infantil ata 6º de primaria están anotados para participar, sendo necesario ter unha razón de peso para non facelo.

- Camiseta conmemorativa para tódolos menos/as e o profes xuíces.

- Diploma para o primeiro/a clasificado/a en cada ciclo sumando puntos nas 6 probas.

- Diploma para o primeiro/a clasificado/a de cada curso de E. Infantil.

- Diplomas para tódolos/as integrantes dos tres primeiros equipos.



Proba Final: A Carreira da Auga


ORDE DAS PROBAS → GINKA [PG14a] → CORDA → CULLER [PG14a] → RELEV → VELOC [PG14b]

XVII Olimpíada Escolar

VÍDEO <https://www.youtube.com/watch?v=znrTO3kCvEs>



▣ **FESTIVAL**



**XOGOS POPULARES PARQUE DA CANUDA SALVATERRA
25 - 26 DE MAIO 2023**



25 MAIO 2023 ● 3º - 4º

26 MAIO 2023 ● 5º - 6º




**ROTEIRO POLO CONCELLO COVELO - AS MONTAÑAS -
2 DE XUÑO 2023**



A NOSA VOZ

C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez Edición 2023



Francisco Fdez del Riego

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanco/>

A Nosa Voz - 2023
Olimpiadas rurais

As Olimpiadas rurais do ano 2023 celebráronse o 16 de maio no colexio de Covelo, xusto na véspera do festivo do Día das Letras Galegas.

Houbo moito público (pais, nais, curmáns, irmáns...) equipado con móbiles e cámaras para inmortalizar esta divertida competición.

O evento comezou co desfile olímpico ás 10:30 no que se deron a coñecer os diferentes equipos:



Os Pac-mans foron de vermello.



Os Fénix de laranxa.



Os Máquinas foron de cor rosa.



Os Capybaras foron de azul.



Os Vikingos de azul moi escuro.




Os Scorpions de amarelo.

A Nosa Voz - 2023
DÍA DA FAMILIA



Orgullosos e orgullosas amosan o debuxo que prepararon para as súas familias co que lle demostraron todo o seu amor e cariño.



Os Omega de azul celeste.



Os Terreneitor foron de verde.



Os Coveliños vestíronse de verde claro e tiveron a súa propia Olimpiada.

As probas que se fixeron foron individuais (xincana, culleres e velocidade) e grupais (tiro de corda, relevos e esponxas).

Ao final fíxose un baile todos xuntos que se chamaba Muñeira de San Adrián de Cobres pola Banda das Crechas e despois fomos a comer.

A Nosa Voz - 2023
VISITAMOS 1º DE PRIMARIA

Co fin de entrar en contacto coas dinámicas da nova etapa, visitamos aos compañeiros e compañeiras de 1º de primaria e realizamos unha actividade conxunta na que clasificamos os obxectos que precisaremos o próximo curso.



Páxina 09

A Nosa Voz - 2023
LETRAS GALEGAS 2023 no CEIP de COVELO

Francisco Fernández del Riego
O **alumnado de 6º de primaria**, leulle a todo o colexio unha biografía do escritor. Naceu o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá. Os seus estudos comezounos na súa localidade natal e rematounos en Monforte de Lemos. Nesta época xa comezou as súas publicacións de relatos na revista escolar. Falece en Vigo aos 97 anos.



O **alumnado de 5º** leu unha entrevista sobre algunhas características da súa personalidade. O principal rasgo do seu carácter era a teimosía, o seu principal defecto a manía da puntualidade, a súa ocupación favorita era o traballo. Pero sen dúbida o máis salientable foi que nos ensinou a amar o idioma, a amar as nosas letras, e a amar a patria das galegas e dos galegos.

O **alumnado de 3º e 4º** recitou uns poemas de Francisco Fernández del Riego. Lerón os poemas: Leonardo de 3º e Lucas de 4º.

O **alumnado de primeiro e segundo** de primaria mostraron un encrucillado sobre o autor. Estas son as palabras: galaxia, amada, Lugo, Vigo, once, Vicente e galego.

O **alumnado de educación infantil** fixo unha fermosa coreografía na que cantaban a canción do moucho cun baile todos xuntos. "Eu ven bin bin bin estar o moucho enriba daquel penedo, moucho non che tifo medo."



Digochoeu é un proxecto de servizo público da CRTVG para achegar o galego á sociedade dunha forma dinámica e entretida. A TVG ofreceu a gran festa deste concurso de vídeos en galego que reúne preto de 500 nenos e nenas de toda Galicia.

Nesta edición o noso centro quedou de finalista e asistiron á gala o director do centro, Xoán e as mestras Milagros, Natalia e Paula.

TRABALLAMOS NO INVERNADOIRO

MARZO / XUÑO 2023



A nosa aula da natureza <https://www.youtube.com/watch?v=5GBS3pkehFQ>



MEMORIA DA
COMISIÓN DE
COORDINACIÓN
PEDAGÓXICA
CURSO 2022-23

MEMORIA DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

CURSO 2022-23

• Tódolos primeiros martes de mes houbo unha xuntanza, en caso de seres festivo esa data, a reunión pasaba ao seguinte martes, coma norma xeral. Acordamos ter as reunións dese xeito co fin de canalizar o traballo dos profesores/as para todo o mes.

Ao longo do curso tivemos dez reunións no auditorio do colexio, acordamos que dende o mes de novembro fora coa presenza de todo o profesorado xa que nas xuntanzas se abordaban temas de interese xeral.

.- Os puntos tratados nas xuntanzas en todo momento gardaron relación coas competencias que lle corresponden a Comisión: levamos a cabo un plan de acción tutorial cos criterios establecidos para desenvolver ao longo do curso, tamén procuramos que houboese coherencia entre o Proxecto Educativo, Proxecto Curricular, Programación Xeral, respectando sempre o marco lexislativo vixente, dando moita importancia ao desenvolvemento das competencias.

.- Establecemos uns criterios comúns de avaliación por ciclos e tamén uns criterios de promoción para 2º, 4º e 6º de Primaria.

.- Tamén apoiamos as propostas e iniciativas do EDLG para fomentar o uso do galego.

.- Fixemos moito fincapé en achegar o emprego do galego dende tódolos ámbitos: aulas, na fala dos alumnos/as, entre o profesorado, nas diversas documentacións oficiais...

.- No mes de novembro tivemos o cambio na xefatura de estudos, xa que o xefe saínte foi nomeado ADIX da Rede Galega de Educación Dixital no ámbito xeográfico de Vigo.

■ *Os membros da Comisión para este curso 2022-23 foron:*

- Presidente da Comisión:
Juan Carlos Barbosa Fernández
- Secretaria – coordinadora da Comisión de Coordinación Pedagóxica: (de baixa)
Milagros García Sambréijome
- Orientadora e Xefa de Estudos:
Carla Sandrina Cerqueira Oliveira
- Coordinadora de E. Infantil e da Biblioteca:
Belén Rivas Araújo

- Coordinadora de equipo docente de 1º e 2º de primaria:
Paula Martínez Fernández
- Coordinadora de equipo docente de 3º e 4º de primaria:
Natalia Fernández Rodríguez
- Coordinador de equipo docente 5º e 6º de primaria (PRESIDENTE DA COMISIÓN):
Juan Carlos Barbosa Fernández
- Coordinación de Actividades Complementarias Extraescolares:
Cacabelos Barreiro Aitor
- Coordinadora COVID19:
Amalia Rodríguez González

■ *A principal función* da C.C.P. foi asegurar a coherencia dos proxectos e plans de centro, evitando o seu desenvolvemento parcelado e incoexo; así coma canalizar o traballo dos temas tratados para teres en conta nas reunións dos diferentes equipos docentes, tratándose os seguintes temas nas xuntanzas:

- Establecemento de criterios comúns de avaliación
- Apoiar as iniciativas do EDLG
- Fomento do emprego do galego dende tódolos ámbitos: aulas, na fala do alumnado, entre o profesorado, nas diversas documentacións oficiais...
- Uso da Biblioteca Escolar
- Conmemoracións de obrigado cumprimento e outras que se consideraban oportunas.
- Charlas, actividades no centro
- Participación e organización de concursos desenvolto durante o curso.
- Uso do invernadoiro escolar
- Neste curso recuperamos as excursións e saídas sen limitacións.
- Organización das avaliacións trimestrais
- Establecemento dos criterios de promoción para 2º, 4º e 6º de Primaria
- Organización das celebracións :
 - Este curso recuperamos as celebracións
 - *O Samain* contou coa actividade da procura dos monstros
 - Recuperamos o *concurso de cabazas*
 - Celebramos o *25N día internacional contra a violencia da muller* cuns murais nos corredores ao carón das aulas por ciclos. Tamén pintamos un mural cunha da *árbore da igualdade*, onde todo o alumnado impregnou as súas mans.

- *O Nadal* recuperou as actividades de sempre.
- *No Entroido* recuperamos o desfile.
- *Nas Letras Galegas* adicadas a Francisco Fernández del Riego, recuperamos as olimpíadas, XVII edición, e o festival.
- Os tres derradeiros días do curso lectivo, 19 – 20 – 21 de xuño houbo múltiples actividades , graduacións de 6º de E:Infantil e 6º de primaria, excursións e o 21 festa organizada pola ANPA rematando cunha comida conxunta da comunidade educativa na terraza do colexio.

● ***As datas de reunións e puntos tratados nas mesmas foron :***

1ª REUNIÓN: 06-09-22:

Puntos tratados:

- Constitución da Comisión
- Conmemoracións de setembro
- Rogos e preguntas

2ª REUNIÓN: 04-10-2022:

Puntos tratados:

- Temas pendentes
- Semana de excursións fin de curso
- Ver si se celebra o Nadal
- Conmemoracións
- Samaín proposta do EDLG
- Biblioteca escolar
- Reunións de ciclos do mes de outubro
- Asuntos diversos
- Rogos e preguntas

3ª REUNIÓN: 08-11-22:

Puntos tratados:

- Actividades - conmemoracións
- Propostas do EDLG
- Día internacional contra a violencia na muller.
 - A árbore da igualdade
 - Elaboración de murais por titorías

- Concurso do día do mestre/a
- Charlas de hixiene bucodental
- Recollida de cogomelos e saídas de sendeirismo
- Actividade xogade
- Asuntos diversos
- Rogos e preguntas.

4ª REUNIÓN: 29-11-2022:

.- A reunión correspondente a decembro foi con data do 29 de novembro, co fin de poder organizar as actividades

Puntos tratados:

- Conmemoracións do mes de novembro
- 1ª avaliación
- Actividades do Nadal
- Proposta EDLG concurso postais
- Festival de Nadal
- Organización do día 22 de decembro
- Actividades do mes de decembro
- Información de dirección
- Rogos e preguntas

5ª REUNIÓN: 10 -01-2023:

Puntos tratados:

- Conmemoracións
- Actividade do día da Paz
- Entroido
- Actividades e saídas extraescolares
- actividades propostas polo EDLG
- Asuntos varios
- Rogos e preguntas

6ª REUNIÓN : 31-01-2023:

Puntos tratados:

- Conmemoracións

- Actividade para o día de Rosalia de Castro
- Entroido
- Asuntos varios
- Rogos e preguntas

7ª REUNIÓN: 07 -03-2023:

Puntos tratados:

- 2ª avaliación
- Conmemoracións do mes de marzo
 - Actividade para o día da muller traballadora
 - Semana da prensa, elaboración dun xornal en galego a proposta do EDLG
 - Actividade para o día da eliminación da discriminación racial
- Actividade *falando para un mundo mellor* a proposta do EDLG
- Murais por ciclos
- O día 10 de marzo toda a comunidade educativa usou o galego como canle de comunicación
- Saídas e actividades
- Varios
- Rogos e preguntas

8ª REUNIÓN: 11-04-2023:

Puntos tratados:

- Actividade *vía láctea filmes*
- Conmemoracións do mes de abril
 - Actividade para o día mundial contra a escravitude infantil
- Semana do libro do 17 ao 21 de abril
 - Visitounos a ilustradora Estefanía Padullés
 - Reparto de marcapáxinas de Francisco Fernández del Riego
 - Lectura de contos polas aulas do alumnado de 6º de Primaria
- Charlas asociación AMAINA
- Saídas:
 - Visita ao Museo de Pontevedra 5º-6º de Infantil e 1º-2º de Primaria
 - Roteiro *as aldeas* do alumnado de 3º e 4º de primaria
- Decidimos participar no concurso DIGOCHOEU cun vídeo da *actividade falando para un mundo mellor*.
- Semana das Letras Galegas

- Falamos da celebración das XVII Olimpíadas escolares do noso cole
- Tamén quedamos en pensar as actividades a desenvolver no festival.
- Información de dirección
- Rogos e preguntas

9ª REUNIÓN: 02 -05-2023:

Puntos tratados:

- Reparto documentación fin de curso e memorias
- Conmemoracións do mes de maio
- Semana das Letras Galegas adicado a Francisco Fernández del Riego do 15 ao 19 de maio
- Falamos da organización das XVII Olimpíadas escolares do noso cole
- Quedaron establecidas as actuacións do festival na sesión de tarde
- A proposta do EDLG, durante esa semana o canle de comunicación será o galego para alumnado, profesorado e comunidade educativa en xeral.
- A proposta do EDLG, decidiuse realizar unha nova edición do xornal A NOSA VOZ.
- Actividades a desenvolver en maio:
 - Xogos populares o 25 e 26 de maio que se desenvolveron no parque da Canuda para 3º-4º-5º-6º de Primaria
- Falamos dunha proposta de posible actividade *A.C.P. Ponte...nas ondas!*
- Información variada de dirección
- Rogos e preguntas

10ª REUNIÓN: 30 -05-2023:

Puntos tratados:

- 3ª Avaliación e Avaliación final
- Conmemoracións do mes de xuño
- Información de actividades a desenvolveren xuño:
 - 30 de maio houbo unha charla para 5º-6º de Primaria sobre o *uso seguro das redes sociais*.
 - Falamos do *roteiro as montañas* para 5º-6º de Primaria
 - Comentamos os horarios e lugares das excursións de fin de curso dos diferentes ciclos.
- Explicamos o desenvolvemento da actividade das graduacións de 6º de Infantil e 6º de Primaria o día 19 de xuño, na que tamén se entregaron os agasallos pendentes das letras galegas e do concurso da biblioteca.
- Demos información da festa de fin de curso, organizada pola ANPA o día 21 de xuño
- Información de Dirección , temas varios
- Rogos e preguntas

● *Como conclusión* cabe subliñar que estas reunións ao comezo de cada mes foron positivas, xa que marcaron unhas pautas sobre as actividades a desenvolver dun xeito coordinado, tamén nas reunións de coordinacións e de equipos docentes, en aspectos tan referenciais coma obxectivos, avaliación e establecemento de criterios a ter en conta, estándares de aprendizaxe a seguir, acción tutorial, actividades, contidos, tratamento dos alumnos... e todos aqueles temas de interese común para todos; tendo presente o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na CAG. E o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na CAG, e o marco legislativo do centro, destacando a Proposta Curricular do Ciclo, Regulamento do Réxime Interior, Plan de Introducción das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, Plan de Convivencia, Proxecto de Orientación que tamén recolle o PAT, e o Proxecto Lector do Centro.

Covelo a xuño de 2023

A SECRETARIA - COORDINADORA



MEMORIA DE INGLÉS

Curso 2022-2023

Profesora de inglés: Paula García Tomé

EDUCACIÓN INFANTIL

- OBXECTIVOS
- CONTIDOS
- METODOLOXÍA
- AVALIACIÓN
- PROPOSTAS DE MELLORA

PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA

- OBXECTIVOS
- CONTIDOS
- METODOLOXÍA
- AVALIACIÓN
- PROPOSTAS DE MELLORA

TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA

- OBXECTIVOS
- CONTIDOS
- METODOLOXÍA
- AVALIACIÓN
- PROPOSTAS DE MELLORA

QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA

- OBXECTIVOS
- CONTIDOS
- METODOLOXÍA
- AVALIACIÓN
- PROPOSTAS DE MELLORA

EDUCACIÓN INFANTIL

A asignatura de inglés neste ciclo impartiuse en dúas sesións semanais cunha duración de vinte e cinco minutos cada unha. Todos os alumnos/as de infantil acudiron á aula de inglés agás os de 3 anos .

O grupo de infantil de 3 anos estivo formado por doce alumnos/as , o de 4 anos por dezaseis alumnos/as , e o grupo de infantil de 5 anos foi de once alumnos/as.

En 3 anos traballouse sen libro, coa axuda de apoios visuais e sonoros. En 4 e 5 utilizouse “Amanda and friends” (editorial Richmond)

Neste ciclo os obxectivos perseguidos foron:

- Distinguir e usar correctamente as fórmulas de saúdo e despedida.
- Familiarizarse cos números do 1 ao 10.
- Recoñecer as cores.
- Aprender vocabulario relacionado cos distintos centros de interese.
- Comprender e expresar mediante a linguaxe verbal e non verbal distintos conceptos.
- Desenvolver a orientación espacial e a coordinación física mediante actividades de Total Physical Response.
- Desenvolver as destrezas motoras finas mediante o traballo nas fichas de clase.
- Cantar e representar cancións e rimas.
- Escoitar e representar contos.
- Realizar de forma cada vez máis autónoma as actividades habituais e tarefas da aula.
- Familiarizarse co uso do encerado dixital.

CONTIDOS

Os contidos traballados no ciclo de infantil, secuenciados nos tres niveis, foron:

- Números do 1 ao 10.
- Saúdos e despedidas.
- As cores , formas , tamaños.
- Instrucción orais (stand up, sit down, listen, sing, dance, jump...)
- Vocabulario relativo as partes do corpo, prendas de vestir, animais, o tempo, alimentos, a casa, a familia e as profesións.
- Fórmulas de cortesía.
- Imitación de sons.
- Interpretación de cancións.
- Comprensión de contos.
- Halloween e Christmas.

METODOLOXÍA

As sesións de inglés no ciclo de infantil desenvolvéronse seguindo unhas rutinas establecidas. A o comenzo da sesión o primeiro que se fai é devolverlle o saúdo a Amanda (a mascota) e á profesora, dicir como se sinten hoxe, a data , dicir o tempo que fai e repaso das cores, os números e o vocabulario que se está traballando. Despois cántase a canción escollida para o tema que se vai a traballar. Préséntase o vocabulario con flashcards e proxección. Fánse xogos de vocabulario e actividades de listen and repeat. Pártese, logo, da proxección dun conto que incorpora a linguaxe nun contexto significativo para os nenos desta idade.

Nesta fase da sesión os nenos e nenas están sentados diante do encerado dixital. Rematada a presentación e o repaso, séntanse na mesa preparada para infantil e fan unha actividade centrada no tema utilizando distintos materiais e desenvolvendo diferentes destrezas, ou ben fánse xogos que

propicien o uso da lingua e a acción física implicada na orde emitida. Logo ven a despedida e o regreso a aula.

AVALIACIÓN

O principal instrumento de avaliación é a observación dos alumnos, que se rexistra nunha escala de valoración, e o rexistro anecdótico.

O resultado da avaliación do desenvolvemento e o enfoque co que se traballou neste curso é positivo xa que disfrutaron da experiencia de achegarse a o inglés, participando nas rutinas, xogos e actividades propostas.

PROPOSTAS DE MELLORA

De cara a o vindeiro curso 2023-24 propónse non fraccionar as sesións de inglés senon facer unha sesión semanal completa para cada nivel de infantil, coa intención de aproveitar mellor o tempo, dado o desprazamento á aula, o reparto e recollida do material, a diversidade de actividades realizadas...

PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA

Nestos cursos impartíronse dúas sesións semanais de inglés. O grupo de 1º estivo formado por nove alumnos/as, e o de 2º por doce.

As clases desenvólvense na aula de inglés.

Traballouse co texto da editorial Oxford “All about us now 1” (en 1º) e “All about us 2” (en 2º). Os alumnos/as utilizan só o “class book”.

OBXECTIVOS

Os obxectivos perseguidos este ciclo foron:

- Participar en comunicacións e interaccións orais.
- “Conversar” utilizando o vocabulario e as expresións presentadas.
- Identificar e usar o vocabulario relativo a o tema.
- Escoitar e comprender mensaxes orais variadas.
- Ler de forma comprensiva textos diversos extraendo información específica.
- Escribir textos moi sinxelos coa axuda de modelos.
- Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entoación.
- Manifestar una actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e uso da lingua inglesa.
- Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas, e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

CONTIDOS

Os contidos traballados en primeiro e segundo de primaria, graduados por cursos, foron:

- Uso de saúdos, despedidas e fórmulas de cortesía.
- Escoita e reprodución de cancións e rimas.
- Respostas orais a preguntas.
- Números do 11 ao 20.
- Comprensión de historias e participación na súa narración.
- Respostas verbais e non verbais a estímulos visuais.

- Participación en xogos comunicativos.
- Recoñecemento do vocabulario principal referido a:xoguetes,alimentos, animais,roupas,vacacións,partes do corpo,obxectos da clase,a familia, a casa , o tempo atmosférico e actividades de lecer .
- Recoñecemento escrito e reprodución do vocabulario principal.
- Repetición de modelos orais e escritos.
- Christmas e Halloween.

METODOLOXÍA

Trabállase coa pizarra dixital donde é proxectado o libro en formato dixital.

As sesións comencan coa presentación mediante flashcards e chant do novo vocabulario,seguidos dunha canción.Supoñen un primeiro contacto, relaxado e fácil de lembrar,así como unha primeira aproximación dos nenos/as á pronunciación. Preséntanse despois diálogos cortos e simples que proporcionan a práctica para comprender e respostar en situacións coñecidas.Unha vez adquirida seguridade,fanse actividades de listening e xogos comunicativos por parellas ou en grupo. Realízase tamén unha aproximación á escritura e á lectura manexando a linguaxe clave,que consiste na adquisición do vocabulario dentro de estruturas sintácticas moi sinxelas.A o final de cada unidade faise un repaso do aprendido e a o longo do curso vaise reciclando o vocabulario sistemáticamente para garantir a súa adquisición a longo prazo.

Se traballa individualmente,por parellas ou en grupo,dependendo do tipo de actividade que se esté a desenrolar.

Utilízase a pizarra dixital como instrumento principal de visualización do vocabulario,das cancións e historias,de vídeos relativos a distintas áreas curriculares e de participación dos alumnos/as na resolución de actividades.

Rematada a unidade,entran na páxina web de Oxford para repasar e fixar os contidos.

AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación son a observación (escala de valoración e rexistro anecdótico),a libreta (dado que non usamos activity book todas as actividades escritas fanse na libreta) e controis escritos e orais.

O resultado da avaliación do traballo realizado no primeiro ciclo de primaria,é moi positivo.Os nenos/as disfrutaron das clases de inglés,participaron activamente nas actividades propostas e melloraron a súas destrezas no uso da lingua inglesa.Todos acadan os obxectivos.

PROPOSTAS DE MELLORA

Levou a cabo a proposta de mellora suxerida o curso pasado,facéndose máis fincapé na lectura de vocablos e frases sinxelas.Continuaremos con este uso no vindeiro ano escolar.

De cara a o curso que ven potenciaremos as interaccións orais por parellas e a nivel grupal.

TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA

A asignatura de inglés nestos cursos impartiuse en tres sesións semanais.O grupo de terceiro tivo dezanove alumnos/as e o de cuarto doce.

As clases desenvólvense na aula de inglés.

Traballouse co texto da editorial Oxford:en 3º “All about us now 3”,en 4º “Big Surprise! 4”.Utilizáronse Class Book e Activity Book.

OBXECTIVOS

Os obxectivos que se perseguiron foron:

- Participar en comunicacións e interaccións orais.
- Conversar utilizando o vocabulario e as expresións e estruturas presentadas.
- Identificar e utilizar o vocabulario relativo a o tema.
- Escoitar e comprender mensaxes orais variadas.
- Ler de forma comprensiva textos diversos extraendo información específica.
- Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entoación.
- Identificar estruturas lingüísticas e aspectos léxicos e usalos como elementos básicos da comunicación.
- Manifestar una actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e uso da lingua inglesa.
- Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para una adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
- Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas, e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver e reforzar a aprendizaxe.
- Aumentar a súa capacidade comunicativa en lingua inglesa.
- Conseguir que a aprendizaxe do inglés sexa una experiencia lúdica e gratificante.

CONTIDOS

Os contidos traballados nestos dous niveis de primaria, graduados por cursos, foron:

- Números do 1 ó 100.
- Fórmulas de saúdos, despedidas e cortesía.
- Datos persoais: nome, idade, aparencia física, peso, estatura. Descricións físicas.
- Cores.
- Vocabulario e expresións usuais relativos a: prendas de vestir, obxectos da aula, asignaturas escolares, tendas, a cidade, a casa, os alimentos, os animais, medios de transporte, partes do corpo, actividades de lecer, a familia, as rutinas diarias, o medio ambiente.
- As horas do reloxo.
- Os días, meses e estacións. A data.
- O tempo atmosférico.
- O alfabeto. Deletreado.
- As rutinas diarias.
- As preposicións.
- Adxectivos.
- Verbo To be, Have got, Can. O presente simple.
- Presente contínuo.
- Expresión de gustos.
- Nomes contables e incontables.
- Comprensión e uso de normas gramaticais.
- Accións que requiren resposta física.
- Ordes e suxestións.
- Interacción oral: preguntas e respostas.
- Representación de diálogos.
- Reproducción de cancións e chants.
- Lectura comprensiva e expresiva.
- Escritura de textos seguindo un modelo.
- Escoita comprensiva cunha finalidade.

-Christmas,Halloween,Easter.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é a mesma para os dous grupos.Neste curso houbo que ir alternando a presentación,os audios,os listenings,as explicacións gramaticais,as prácticas orais... de xeito que cada un dos grupos tivera sempre unha ocupación.

Trabállase no encerado dixital,onde se proxecta o libro en formato dixital.

Coméncase coa presentación do novo vocabulario con apoio visual e auditivo.Preséntanse as estruturas sintácticas a traballar;primeiro en forma de canción e despois en diálogos nos que os alumnos/as interactúan e que representan simulando unha situación.

Pásase ás tarefas escritas co as que se fixa o vocabulario presentado.

Amplíase a continuación mediante a presentación dunha historia e a realización de actividades interdisciplinares.Primeiro trabállase a comprensión auditiva (tarefas que implican comprensión global).A continuación a produción oral (centrada fundamentalmente na comunicación) e ,por último,lectura e escritura que se usan tras ser presentado e experimentado o texto a nivel oral.

Fanse,por último,actividades de reforzo e ampliación.

Se traballa individualmente,por parellas ou en pequeno grupo,dependendo da actividade proposta.Se intenta potenciar a autonomía do alumno/a e o seu interese mediante aprendizaxes significativos,así como a interacción na aula.

Utilízase como soporte para a aprendizaxe o encerado dixital,no que se visualizan as historias,as cancións e chants,vídeos sobre diversos temas interdisciplinares,e se realizan actividades e xogos individuais,por parellas ou en gran grupo.

AVALIACIÓN

Instrumentos de avaliación:lista de control,libreta,controis orais e escritos,cuestionarios e pequenos traballos monográficos.

O resultado da avaliación do traballo realizado en 3º e 4º de primaria é satisfactorio.En cuarto un alumno non acada os obxectivos propostos e en terceiro todos os alumnos/as acadan os obxectivos do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA

Seguir facendo fincapé nas interaccións orais e na simulación de situacións nas que teñan que utilizar as expresións e estruturas presentadas.

QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA

A asignatura de inglés nestos cursos impartiuse en tres sesións semanais.O grupo de 5º estivo formado por doce alumnos/as e o grupo de 6º por trece .

Non se usaron libros de texto.Utilizouse a plataforma dixital da Xunta, Edixgal.O texto utilizado foi da editorial Netex tanto en 5º como en 6º e as sesións desenvolvéronse nas súas aulas (onde teñen instalados os ordenadores)

OBXECTIVOS

Os obxectivos que se perseguiron foron:

- Participar en comunicacións e interaccións orais.
- Conversar utilizando o vocabulario e as expresións e estruturas presentadas.
- Escoitar e comprender mensaxes orais variadas.
- Ler de forma comprensiva textos diversos extraendo información específica.
- Escribir textos con diversas finalidades sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- Identificar aspectos fonéticos,de ritmo,acentuación e entoación.
- Identificar estruturas lingüísticas e aspectos léxicos e usalos como elementos básicos da comunicación.
- Manifestar una actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e uso da lingua inglesa.
- Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para una adquisición máis rápida,eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
- Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas,e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver e reforzar a aprendizaxe.
- Aumentar a súa capacidade comunicativa en lingua inglesa.
- Conseguir que a aprendizaxe do inglés sexa una experiencia lúdica e gratificante.

CONTIDOS

- Presente Have got/To be/Can.
- Uso de Like/Love/Hate.
- There is /are.There was/were.
- Present simple/Present continuous.
- Verbos regulares e irregulares:Simple past/Past continuous.
- Futuro Going to/ Will.
- Verbos modais Can/Could/May/Might/Must.
- Present perfect.
- Uso do imperativo.
- Direcciones,orientación sobre un plano.
- Expresións temporais.
- Nomes contables e incontables.
- Números cardinais e ordinais.
- Adxectivos,comparativos e superlativos.
- Vocabulario relacionado con:ciudades,edificios,medios de transporte,roupa,comida, rutinas,deportes,tecnología,profesións,paisaxes,animais,o tempo,partes do corpo,hábitos saudables,enfermidades...

METODOLOXÍA

Dado que traballan con Edixgal e cada alumno ten o seu propio ordenador instalado na aula,os alumnos/as de 5º e 6º non acuden á aula de inglés.As clases desenvólvense nas súas aulas que tamén contan con encerado dixital e instalación de altavoces.O texto é proxectado na pizarra dixital e os listenings fanse na súa maioría para todo o grupo.

A o comenzo de cada unidade preséntanse o vocabulario e as estruturas básicas.Despois ampliáanse e utilízanse en textos (reading,listening,writing) e actividades.Profundízase a continuación nos contidos gramaticais.Fanse as actividades interactivas da aplicación e ampliáanse con outras doutras páxinas web que abranguen as catro destrezas: reading,writing,listening,speaking.Relízanse tamén actividades de reforzo e ampliación.

O traballo é individual,por parellas ou en gran grupo.A o rematar cada unidade preparan un pequeno proxecto que recolla todo o aprendido.

AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación foron listas de control, controis orais e escritos , libretas , cuestionarios e traballos monográficos.

O resultado da avaliación en 6º é satisfactorio . Un alumno non acadada os obxectivos .Hay tres alumnos que destacan polos obxectivos acadados e os demais aproban a asignatura con diferentes graos de destreza .

No grupo de quinto o resultado da avaliación é positivo: todos os alumnos e alumnas acadan os obxectivos propostos.

PROPOSTAS DE MELLORA

No curso que ven seguirase adicando máis tempo ás interaccións orais e á lectura en voz alta. Seguir facendo fincapé no desenvolvemento das destrezas: writing, speaking, listening e reading.

Animar a os alumnos/as a facer uso do inglés fora da aula (cancións, videoxogos, chats...)

Continuar facendo da lingua inglesa un instrumento de comunicación real.

A profesora de inglés

Paula García Tomé

MEMORIA DE EDUCACIÓN MUSICAL

1. Introducción.

Neste curso escolar 2022-2023, a materia de Educación Musical en Educación Infantil e Educación Primaria foi impartida pola mestra Sandra Pérez Míguez. A presente memoria fai referencia aos nove grupos que integran a educación infantil e educación primaria. Cada curso recibiu unha sesión semanal.

2. Reflexión sobre o proceso de ensino/aprendizaxe en relación cos grupos/aula.

Este curso voltamos á completa normalidade en canto ás medidas Covid, polo tanto as actividades non se viron afectadas por ningunha restrición (sobre todo o uso da frauta). O proceso de ensino/aprendizaxe desenvolveuse satisfactoriamente ao longo do curso, con boa predisposición, participación e aproveitamento de todo o alumnado; a excepción de algúns alumnos/-as dos cursos altos que tardaron bastante en mostrar interese.

3. Grado de desenvolvemento das programacións docentes.

A programación levouse a cabo con éxito, tendo que dedicar algunhas sesións de máis a preparar os bailes ou cancións das conmemoracións. Deste xeito, varios dos contidos recollidos nas programacións non deu tempo a estudalos.

Na miña aula non traballamos con libro de texto: a base das clases é a audición musical, a práctica instrumental, o canto e o movemento. A Linguaxe Musical ten, para min, un papel secundario na Educación Primaria e Infantil, pola contra, a práctica e experimentación musical son o primeiro paso para facer música.

4. Consecución dos obxectivos e desenvolvemento das competencias clave.

Os obxectivos e mailas competencias clave (tanto individuais como grupais) foron acadados en maior ou menor medida de forma satisfactoria por todos os alumnos/-as.

5. Coordinación co Departamento de Orientación. Medidas de atención á diversidade tomadas e a súa eficacia.

As medidas de atención á diversidade expostas na programación foron efectivas. Fíxenlle unha adaptación curricular a un alumno de 2º de Educación Primaria que presenta a enfermidade de **Pelizaeus Merzbacher**. Está comigo os primeiros dez minutos de clase, despois a coidadora lévao á aula de Pedagogía Terapéutica coa especialista.

6. Metodoloxía e clima de traballo na aula.

A metodoloxía utilizada correspondeuse coa exposta na programación.

O clima de traballo na aula foi bo (salvo algunha excepción): con respecto por parte dos alumnos/-as entre si e tamén comigo, bo comportamento, prestando atención ás explicacións e resolvendo as actividades propostas. A pesar disto, hai que lembrarilles constantemente as normas de aula (non interromper, levantar a man para falar, non tocar ata que a mestra o diga...)

7. Avaliación.

Para facer a avaliación seguiuuse estritamente o exposto na programación anual obtendo uns resultados positivos, tanto na avaliación do alumnado, como na avaliación da programación, como na auto avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

8. Recursos.

Os recursos utilizados foron os expostos na programación de principio de curso: proxector, ordenador, equipo de música, material propio (partituras, exercicios...), instrumentación de aula, frutas propias do alumnado, pantallas interactivas nas aulas de Infantil e en 5º e 6º tamén se traballou con E-dixgal e con diverso material de Youtube en tódolos cursos.

9. Coordinación do equipo docente e relación co resto da Comunidade Educativa: profesorado, familias, etc.

Durante este curso escolar houbo boa coordinación co resto do profesorado a través das reunións de equipo e claustros que se fixeron. Puntualmente, comentaba cos

titores/as os problemas que puideran xurdir no desenvolvemento das actividades en canto acababa a sesión. Toda esta información foi posta en coñecemento dos pais/nais e do equipo directivo (tamén co departamento de orientación nalgún caso) por parte dos titores/-as nas reunións de avaliación.

10. Dificultades atopadas.

Perdo moito tempo de clase co alumnado de Educación Infantil (subir e baixar escaleiras, darlles tempo para a merenda, ir ao baño...).

Cando traballamos frauta, foron varios os alumnos que non traían o material.

Co grupo de 3º de Educación Primaria (19 nenos e nenas) a aula fíxoseme un pouco pequena nas sesións de danza.

11. Valoración das actividades complementarias.

Neste curso realizáronse conmemoracións e festivais como era de costume antes do Covid. Estas actividades gústalles moito ao alumnado porque lles ofrece unha “meta” ou obxectivo. De feito, cando montamos algunha canción/baile sempre preguntan se o impos presentar á comunidade educativa.

A única saída didáctica que estivo relacionada coa música foi en outubro ao auditorio municipal de Covelo. Asistimos á presentación do proxecto “Violencia Zero” no que se combinaba poesía con acompañamento de violín en directo. Considero que foi interesante que visen unha performance en directo de un instrumento ao que non están acostumbrados.

12. Valoración xeral e propostas de mellora.

Salvando certas excepcións, a valoración deste curso é positiva.

Como posible mellora, compre destacar que a aula de música está esperando unha pantalla interactiva como as que xa se instalaron en gran parte das aulas do centro.

Quero facer máis clases prácticas ao aire libre, pero transportar material sempre é complicado.

Sandra Pérez Míguez - Curso 22/23

Mestra especialista de Educación Musical

MEMORIA

EDUCACIÓN FÍSICA

CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ

ANO 2022/2023

ÍNDICE.

PSICOMOTRICIDADE

PRIMARIA

INTRODUCCIÓN

PROGRAMACIÓN E TRABALLO A DESENVOLVER

ANÁLISE DA ESTRUTURA, FUNCIONAMENTO E RECURSOS

PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

MEDIDAS EMPREGADAS NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

TEMPORALIZACIÓN.

VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

PSICOMOTRICIDADE.

Durante o curso escolar o alumnado da etapa de Educación infantil tivo unha hora de psicomotricidade, levada a cabo nas seguintes horas:

- 6º de educación infantil. Na 3ª hora dos martes.
- 5º de educación infantil. Na 5ª hora dos luns.
- 4º de educación infantil. Na 2ª hora dos xoves.

As actividades foron levadas a cabo nas seguintes estancias: gimnasio, aula de psicomotricidade e patio exterior.

Nas sesións de Psicomotricidade buscouse en todo momento o desenvolvemento integral do alumnado desenvolvendo diversas actividades físicas e lúdicas que puxera de manifesto non só o compoñente psicomotriz senón tamén o compoñente social e emocional.

Deste xeito traballouse grazas a diversas actividades: seriacións, xogos de pita, circuitos e recorridos, contos motores, xogos cooperativos... Sempre combinando agrupamentos (individual, parellas, pequenos e grandes grupos)

Refórzase en todo momento nas sesións a importancia do quecemento e da volta a calma a hora de realizar actividades físicas

Así mesmo este ano retomouse a celebración das Olimpíadas escolares durante o 16 de maio en conmemoración das Letras Galegas. E reactivouse a utilización do areeiro durante os momentos de lecer a partires do terceiro trimestre.

INTRODUCCIÓN.

A continuación exporase nas seguintes páxinas as pautas de actuación, unidades, actividades e demais accións levadas a cabo nas sesións de Educación Física durante o curso escolar 2022-2023.

PROGRAMACIÓN E TRABALLO A DESENVOLVER.

A programación plantexada ao inicio de curso tivo algunhas modificacións en canto a número ou temporalización das unidades didácticas.

Así mesmo anulouse a segunda unidade didáctica de baile e expresión corporal e hai menos sesións nas unidades de orientación e de xogos con implementos.

Dende o área de Educación Física deuse continuidade a realización dos patios activos (distribuindo ao alumnado nas diferentes zonas ou pistas) favorecendo así que tiveran varias opcións no tempo de lecer (tanto na mañá coma tras o comedor), así mesmo o centro participou no Proxecto XOGADE e desenvolveuse unha serie de actividades durante os recreos coma foron (o torneo de Datchball e o campionato de Bádminton, entre outros)

ANÁLISE DA ESTRUCTURA, FUNCIONAMENTO E RECURSOS

Actualmente, no centro hai un mestre especialista en Educación Física, o cal imparte docencia de Educación Física en todos os cursos de Educación primaria e de Psicomotricidade en cuarto, quinto e sexto de Educación Infantil.

En canto ás instalacións das que dispoño, o centro conta cun pavillón situado a uns 30 metros do centro, un aula de psicomotricidade dentro do propio centro, pistas deportivas exteriores de fútbol, baloncesto, tenis e pádel, así como tamén elementos coma circuitos e xogos pintados no chan na entrada de acceso ó centro, e un parque de xogos e un areeiro.

No centro existe unha gran cantidade de material para levar a cabo as clases de educación física e psicomotricidade ademais, este curso, realizouse unha compra de material coma, balóns de espuma ou vortex de lanzamento de xebalina, material que resultou moi motivante para o alumnado facilitando o proceso de ensinanza – aprendizaxe do mesmo.

PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES

Empregáronse os criterios, procedementos e instrumentos seguintes:

- Observación directa.
- Diario de aula.
- Control de aseo/roupa/asistencia
- Lista de control
- Elaboración dun traballo teórico por trimestre nos cursos de quinto e sexto, formando parte a súa calificación da nota final na área de Educación Física.
- Exposicións das sesións ao inicio da mesma e postas en común dos xogos coa busca de mellorar as actividades e tarefas dentro da materia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias levadas a cabo dende o área de Educación Física, teñen relación directa co Proxecto XOGADE e foron as seguintes:

- No segundo trimestre.

Cross en Guláns (3º a 6º)

Xornada intercoles con Mondariz (5º e 6º) realizando baloncesto e floorball.

Xornada técnica de Bádminton (5º e 6º)

Visitas de balonmán (4º)

Visitas de xogaloita (4º)

- No terceiro trimestre.

Xornada intercoles con Leirado (5º e 6º) realizando Fútbol sala e balonmán.

Xornada convivencia xogaloita (4º)

Xornada de Xogos Populares na “Canuda” en Salvaterra (3º a 6º)

Tamén cabe destacar que por motivos de tempo tivemos que anular as seguintes actividades:

- Atletismo en pista para (5º e 6º)

- Golf (5º)

MEDIDAS EMPREGADAS NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Entendemos por atención á diversidade a atención a tódolos alumnos e alumnas e, non só aos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

As sesións leváronse a cabo baixo os principios de igualdade e participación equitativa, respectando os diferentes ritmos e intereses do alumnado.

Sempre levando a cabo actividades cooperativas e colaborativas incluíndo unha unidade didáctica específica de xogos e actividades colaborativas e cooperativas.

Especificamente este ano están escolarizados.

1º unha nena coa enfermidade de PERTHES, que aínda que non sexa necesaria unha adaptación curricular si que se seguen as seguintes pautas de actuación:

- Limítanse as actividades que poidan ser de risco coma saltos, impactos repetidos ou obstáculos.

- En todo momento se insta a nena a realizar as actividades dentro das súas posibilidades.

- En cada intercambio de xogo preguntase pola súa posibilidade de realizar a actividade.

- En caso de que a tarefa ou actividade non lle permita participar esta cambiase para favorecer a súa participación.

2º un neno con PELIZEUS- MERZBACHER que ten unha adaptación curricular, e co cal se busca en todo momento a integración co grupo e o reforzo da musculatura de brazos e tórax.

Tamén un neno con problemas cardíacos o cal non precisa ningunha consideración, pero co cal tamén limitamos as actividades intensas.

5º unha nena con alerxia grave os froitos secos, a cal dispón en todo momento da inxección de adrenalina a man e tamén se limitan as merendas dentro do centro educativo PROHIBINDO a existencia destes alérxenos nas merendas que se traen ao centro.

Tamén existen no centro alumnado con asma, os cales toman o seu inhalador nas pautas temporais marcadas por pediatría.

TEMPORALIZACIÓN

- 1º PRIMARIA. Luns a 4ª hora e venres a 3ª hora.
- 2ª PRIMARIA. Martes a 4ª hora e xoves a 3ª hora.
- 3ª PRIMARIA. Mércores a 2ª hora e venres a 4ª hora.
- 4ª PRIMARIA. Luns a 1ª hora e venres a 2ª hora.
- 5ª PRIMARIA. Luns a 2ª hora e venres a 1ª hora.
- 6º PRIMARIA. Martes a 2ª hora e mércores a 4ª hora.

VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

A valoración da evolución do alumnado é positiva a nivel xeral. A implicación deste foi moi boa nas actividades propostas e excelente nas actividades complementarias.

As propostas de mellora de cara ao vindeiro curso son as seguintes:

- Mellorar a programación de unidades didácticas e a súa temporalización.
- Aumentar as propostas de actividades de lecer e xogos nos tempos dos recreos.
- Renovación de materiais, xa que algúns elementos comezan a deteriorarse.
- Realización de visitas por parte de clubs deportivos próximos ao entorno do centro (club ciclista de ponteareas).

MEMORIA RELIXIÓN CURSO 2022/2023

- 1. Introducción**
- 2. Contribución ás Competencias Clave**
- 3. Metodoloxía**
- 4. Recursos**
- 5. Temporalización**
- 6. Atención á diversidade**
- 7. Avaliación**
- 8. Avaliación da practica docente**
- 9. Propostas de mellora**

1. Introducción:

A formación relixiosa pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente ás súas capacidades, para facer posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria. Ao finalizar a etapa de Educación Infantil preténdese que o/a neno/a sexa capaz de:

- Contribuír á formación integral do alumnado, desenvolvendo, sobre todo, a cultura relixiosa.
- Achegar o/a neno/a ás claves principais da fe a través da linguaxe, das imaxes e dos símbolos relixiosos cristiáns.
- Axudarlle ao neno/a a descubrir os elementos relixiosos presentes no mundo que nos rodea.
- Contribuír á aprendizaxe favorecendo os hábitos de bo comportamento.
- Desenvolver a dimensión relixiosa no/a neno/a, partindo dos valores humanos fundamentais, que fan posible una convivencia libre, pacífica e solidaria.
- Fomentar destrezas e habilidades elementais do alumnado mediante os recursos didácticos que ofrece a pedagogía e a didáctica relixiosa (cantos, relatos bíblicos adaptados, xestos, obxectos relixiosos, mostras de arte relixiosa...).

2. Contribución ás Competencias Clave:

Na materia de Relixión Católica intentamos traballar as competencias clave en todo momentos, estes son algúns dos exemplos:

- Competencia en comunicación lingüística: expresión oral e escrita de sentimentos, pensamentos, opinións e ideas. A escoita activa dos compañeiros e compañeiras e da mestra. Búsqueda de información, lectura de textos e valoración de dita información.
- Competencia plurilingüe: traballamos os contidos en galego e castelán. No caso de atopar algún termo en inglés tamén se explica o seu significado.
- Competencia dixital: en todo momento se empregan ordenadores e pizarras dixitais, nalgúns cursos o traballo foi case dixital totalmente. Axudando a mellorar a autonomía persoal.

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender: traballo en grupo, mellorando a resolución de conflitos, a valoración dos sentimentos e pensamentos dos demais...
- Competencia cidadá: traballamos en todo momento o respecto polas diferentes culturas e crenzas, valores e problemas éticos da actualidade.
- Competencia en conciencia i expresión culturais: valorar e conservar o patrimonio, neste caso o relixioso.

3. Metodoloxía:

A metodoloxía utilizada durante o curso foise adaptando en cada situación para tratar de dar resposta as diferentes formas de aprender. Máis, a pesar diso, sempre se tiveron presentes unhas pautas comúns básicas como:

- Que favoreza a incorporación das competencias clave no currículo.
- Que nos permita atender á diversidade existente nas aulas.
- Que favoreza o traballo autónomo e respete o ritmo individual dos alumnos/as e ao mesmo tempo, que promova o traballo cooperativo.
- Que parta dos coñecementos previos para, a partir de aí, construír novas aprendizaxes.

Ademais dos obxectivos propostos na programación de Relixión traballamos algunhas das conmemoracións que celebraba o centro (O Día de Paz) e outras celebracións relixiosas (Nadal, Coresma, Semana Santa, o mes da Virxe).

4. Recursos:

En canto os recursos materiais empregados neste curso:

- Fichas preparadas por parte da mestra de Relixión.
- Manualidades.
- Materiais audiovisuais (actividades online, búsquedas de informacións, aula virtual, vídeos, cancións...) : pizarras dixitais e ordenadores.
- Quebracabezas.
- Contos.
- No caso dos cursos Edixgal (quinto e sexto) ademais dos mencionados tamén empregamos os libros dixitais.

5. Temporalización:

As sesión de Relixión Católica son de 50 minutos a semana, agás no caso de segundo de primaria que tivo dúas sesións semanais.

| | |
|---------------------|---|
| 4º e 6º de Infantil | Xoves a terceira |
| 5º de Infantil | Xoves a segunda |
| 1º de Primaria | Mércores a quinta |
| 2º de Primaria | Mércores de primeira e xoves a primeira |
| 3º de Primaria | Martes a quinta |
| 4º de Primaria | Martes a segunda |
| 5º de Primaria | Mércores a terceira |
| 6º de Primaria | Martes a cuarta |

6. Atención á diversidade:

Na materia de Relixión en todo momento empregamos intervencións educativas que garantisen a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e as súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia. En todo momento, leváronse a cabo actuacións encamiñadas a previr as dificultades de aprendizaxe, poñendo en práctica e aplicando mecanismos de reforzo, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

En 2º o alumno Izan precisou una atención individualizada e unha adaptación das actividades propostas, modificacións dos tempos e das formas de traballo.

7. Avaliación:

A avaliación foi continua e global, tendo en conta o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe. Para a avaliación empreguei:

- A valoración do traballo diario realizado na clase (fichas, actividades, debates, exposicións...).
- A observación da súa actitude de cara a materia, os materiais e os/as compañeiros/as.

❖ Resultados:

Ciclo Infantil:

- Os/as alumnos/as de 4º e 6º de infantil traballaron de forma conxunta este curso, agrupamento de dos cursos, isto fixo que o desenrolo das sesións fose un pouco máis lento e o as actividades fosen adaptadas a dita circunstancia. En xeral, os resultados foron bos.
- En 5º de infantil o traballo na aula foi moi satisfactorio, realizando todas as tarefas no tempo pensado e proponendo algunha actividade extra. Os obxectivos foron alcanzados por todos/as.

Primeiro ciclo primaria:

- En 1º o grupo é moi reducido polo que o ritmo de traballo é moi alto e puidemos facer actividades extras. Os resultados foron moi bos.
- En 2º o grupo en xeral obtivo bos resultados e traballaron moi ben, no caso de Izan adaptei as actividades e formas de traballo e os resultados foron favorables. Todos/as os/as alumnos/as acadaron os obxectivos propostos.

Segundo ciclo primaria:

- En 3º o grupo é máis numeroso polo que as diferencias entre o alumnado son máis significativas, sen embargo o ritmo de traballo non se veu afectado e os resultados foron moi bos. Todos/as acadaron os obxectivos propostos.
- En 4º o ritmo de traballo foi un pouco máis lento que nos demais grupos xa que houbo moitas faltas de asistencia e algúns alumnos/as precisan de unha atención máis individualizada, sen embargo isto non afectou a consecución dos obxectivos e todo o alumnado obtivo bos resultados.

Terceiro ciclo primaria:

- En 5º o traballo do grupo foi moi bo, un ritmo que permitiu acadar os obxectivos propostos e un clima de traballo positivo. Todos/as os/as alumnos/as obtiveron resultados favorables.
- En 6º o traballo foi bo, pero existen algunhas diferencias entre os/as alumnos/as que fai que o ritmo de traballo sexa un pouco máis lento, pero en ningún momento foi impedimentos para acadar os obxectivos. Todo o alumnado obtivo resultados favorables.

8. Avaliación da practica docente:

Para mellorar os resultados penso que debemos ter uns obxectivos máis realistas e adaptados o horario do que dispoñemos (xa que ás veces non da tempo a rematar as tarefas nunca soa sesión, precisando empregar dúas e tendo que modificar o resto da unidade didáctica), as necesidades do alumnado e as súas características persoais.

No caso do agrupamento de 4º e 6º de infantil o meu traballo non foi moi apropiado xa que as diferencias de idade e comportamentos son moi significativas e hai que ter en conta en todo momento para realizar as actividades na aula e poder acadar os obxectivos propostos.

9. Propostas de mellora:

As propostas de mellora para o próximo curso veranse condicionadas polas instrucións dadas para o comezo do curso:

- Fomentar os traballos de investigación.
- Fomentar a creatividade no traballo a nivel clase.
- Continuar co uso das novas tecnoloxías.
- Realizar máis actividades en grupo.
- Aproveitar de forma máis activa as instalacións do centro e todos os recursos dos que dispón.
- Calcular mellor os tempos de traballo.





Matricula de alumnado curso 2022/2023

Total matricula = 116 alumnos/as

Educación Infantil = 39

4º E.I.=12

5º E.I.=16

6º E.I.=11

Educación primaria= 77 alumnos/as

1º E.P.=09

2º E.P.=12

3º E.P.=19

4º E.P.=12

5º E.P.=12

6º E.P.=13





Innovación

**DIXITALGAL REDE GALEGA DE
EDUCACIÓN DIXITAL CENTRO
CEIP ANTONIO BLANCO
RODRIGUEZ.**

**ADIX: JOSÉ BENITO CIVIDANES
ALONSO**

AULA VIRTUAL: Infantil ata 4º primaria

5º e 6º Edixgal

4º primaria aula 2030INVENTARIO

Control da incorporación através da aplicación

WEB:) <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipantonioblanco>.

“inventario”

**TIC: Aula de Informática (POLO CREATIVO)
(incorporación TV 3º-4º Primaria-Internet)**

5º e 6º de Primaria: Abalar-Edixgal por cable.

**Incorporación de pantallas táctiles interactivas no
ciclo de E.Infantil e 1º ciclo de primaria.**

**Axenda Dixitais escolares Para o alumnado de E.
Primaria**

Instalación Servidor interno.





MEMORIA EDIXGAL CURSO 2022/2023



E-DIXGAL

| GRUPOS | MESTRES | OBXECTIVOS | INCIDENCIAS | COORDINACIÓN |
|-------------------|--|---|---|--|
| 5º E.P | Esperanza Martinez Bayón, Tania González Comesaña, Paula García Tomé, Aitor Cacabelos Barreiro, Juan Carlos Barbosa Fernández. | Manexo do EVA e coñecemento das ferramentas Tic da maqueta Abalar Creación de contido dixital de calidade | Problemas na conexión; algún equipo deu problemas | Carla Sandrina Cerqueira Oliveira Formación ante incidencias |
| INNOVACIÓN | Juan Carlos Barbosa Fernández. José B.Cividanes Alondo. Carla S.Cerqueira Oliveira. | Proxecto Edixgal en toda primaria | | Mellora a calidade das Tic |
| 6º E.P | Patricia Álvarez Táboas Tania González Comesaña, Paula García Tomé, Aitor Cacabelos Barreiro, Juan Carlos Barbosa Fernández, Milagros García Sambrejome. | Manexo do EVA e coñecemento das ferramentas Tic da maqueta Abalar Creación de contido dixital de calidade | Problemas na conexión; algún equipo deu problemas | Carla Sandrina Cerqueira Oliveira Formación ante incidencias |

ACTIVIDADES ANPA

Leváronse a cabo as seguintes actividades organizadas pola anpa:

| DIA | ACTIVIDADE | HORARIO |
|----------|------------------------|-----------------------|
| Luns | Inglés | De 16:00h a 17:00h. |
| Luns | Baile moderno Infantil | De 16:00h a 17:00h. |
| Mércores | Baile moderno primaria | De 16:00h. A 17:00h. |
| Venres | Patinaxe | De 16:00h. a 17:30 h. |

Ademais a ANPA (xunto co concello de Covelo) tamén é a encargada de organizar o **Plan Madruga.**

Este servizo que se presta nas instalacións do centro (comedor) funciona dende as 7:45h. da mañá ata as 9:45h.de luns a venres e dende o mes de setembro ata o mes de xuño.

Festa de Fin de Curso: celebrada o día 21/06/2023





TIC-TAC-TEP-TOC NO COLE DE COVELO 2022/2023

Potenciación e uso das novas tecnoloxías a través de:

- Páxina **web** do cole:(Aula Virtual 1º-2º-3º-4º)
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanco/>
- Comunicación cos pais/nais:
Abalar mobil.
- Centro Edixgal:5º-6º Primaria.
- Asesoramento e coordinación por parte do **Adix**, José Benito Cividanes Alonso



Memoria do Plan Dixital de Centro do CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ

A memoria do Plan dixital do centro podemos atopala na aplicación **“educalidade”**.

Traballamos dentro do marco do Plan Dixital todo ao longo do curso PFPP, no que creamos gran variedade de contido dixital co alumnado para favorecer o seu proceso de aprendizaxe.

Sempre contamos co asesoramento do ADIX do centro así como o coordinador do CFR de Vigo, para calquera cousa.

Foi un traballo frutífero e moi gratificante.

Covelo 21 de xuño de 2023



CADERNO DE MANTEMENTO DE C.E.I.P COVELO CURSO 22-23

| AVISO | DESCRIPCION DA AVERIA OU TRABALLO | REALIZACION |
|----------|---|-------------|
| 4-7-22 | Colocar na aula de 1º novas cadeiras | 15-7-22 |
| 4-7-22 | Arranxar persiana en aula de xogos | 8-7-22 |
| 4-7-22 | arranxar persiana en 6 | 11-7-22 |
| 4-7-22 | retocar pintura en 5º | 12-8-22 |
| 4-7-28 | Revisar persianas en 3º | 11-7-22 |
| 4-7-28 | Revisar persiana en 2º | 11-7-22 |
| 4-7-28 | Revisar persianas en 1º | 29-7-22 |
| 4-7-28 | Revisar persianas en 4º | 29-7-22 |
| 4-7-28 | Arranxar persiana en música | 05-8-22 |
| 4-7-28 | Revisar persianas en infantil 3 anos | 29-7-22 |
| 4-7-28 | revisar persianas en biblioteca | 05-8-22 |
| 4-7-22 | Canalizar cable en auditorio | 11-7-22 |
| 4-7-22 | Cambiar Fluorescentes en ingles | 11-7-22 |
| 4-7-22 | Reparar baño o lado da cociña | 12-7-22 |
| 4-7-22 | Arranxar tubería o lado casa conserxe | 23-8-22 |
| 4-7-22 | Pintar en 6 parede do fondo | 29-8-22 |
| 4-7-22 | Pintar en 4parede ventas e cambiar color | 22-8-22 |
| 4-7-22 | Pintar en Psicomotricidade Esquina do fondo | 8-8-22 |
| 4-7-22 | Pintar en 2 parede dos colgadores | 22-8-22 |
| 4-7-22 | Pintar en3 parede casa profes | 24-8-22 |
| 4-7-22 | pintar soporte maquina de soldar | 14-10-22 |
| 4-7-22 | Pintar en 1º parede dos colgadores | 8-8-22 |
| 4-7-22 | Pintar oco ascensor o lado do taller | 8-8-22 |
| 5-7-22 | pintar teito taller | |
| 5-7-22 | Cortar erva en todo o recinto escolar | 24-8-22 |
| 5-7-22 | Levar cadeiras do almacen a 5 anos | 27-7-22 |
| 13-7-22 | Soldar cancela invernadoiro | 13-7-22 |
| 13-7-22 | Facer Soporte para ordenador en Auditorio | |
| 13-7-22 | Colocar cadeiras e mesas novas en 2ª | 15-7-22 |
| 13-7-22 | <u>Repor papel de mans en tódolos dispensadores</u> | 15-7-22 |
| 20-7-22 | <u>Arranxar malla rede contra o cole</u> | 27-7-22 |
| 4-8-22 | <u>Reparar moble en biblioteca</u> | 5-8-22 |
| 10-8-22 | <u>Cambiar pechadura cancela gas</u> | 23-9-22 |
| 23-8-22 | cortar valla casa conserxe pa meter pala | 23-8-22 |
| 25-8-22 | Soldar valla casa conserxe | 25-8-22 |
| 29-8-22 | Reparar valla areeiro | 2-9-22 |
| 29-8-22 | Achandar terra en xardin casa conserxe | 29-8-22 |
| 2-9-22 | Montar o comedor co formato antigo | 30-9-22 |
| 2-9-22 | Reparar acera entrada ximnasio | 14-9-22 |
| 13/09/22 | Ventá do fondo da clase non se pode abrir | 22-9-22 |
| 13/09/22 | 4º 1 fluorescente | 29-9-22 |
| 13/09/22 | Corredor de dirección – 1 fluorescente | 14-9-22 |
| 13/09/22 | 2º Arranxar cadeira profe | 15-4-22 |
| 13/09/22 | 5º Correa persiana | 3-10-22 |
| 13/09/22 | Revisión xeral de dispensadores de xel – contido e pilas | 23-9-22 |
| 13/09/22 | Revisar gas depósito - | 13-9-22 |
| 13/09/22 | Atopar microscopio para 6º Primaria – Patricia | 26-9-22 |
| 14-9-22 | reparar tubería en xardin casa conserxe | 14-9-22 |
| 14-09-22 | Necesito 8 cadeiras para 3º EP | 15-7-22 |
| 16-09-22 | Facer 4 regletas de 6 enchufes con calbe de 3 metros | 21-9-22 |
| 16-9-22 | reparar rede de tenis | 16-9-22 |
| 16-9-22 | reventar candado de pista de tenis e por un novo por extravio de chaves | 16-9-22 |
| 16-9-22 | Limpar bancal para poder prantar nen@s de 6 | 19-9-22 |

| | | |
|------------|--|----------|
| 20-9-22 | Cerrar armario en 4 anos | 21-9-22 |
| 20-9-22 | cambiar fluorescentes en cocina | 29-9-22 |
| 21-9-22 | Reparar 2ª averia tubería xardín casa conserxe | 21-9-22 |
| 21-9-22 | Fixar cartel en pista de padel | 21-9-22 |
| 22-9-22 | arranxar interruptor en aula 3 anos | 30-9-22 |
| 22-9-22 | reparar dous fluorescentes en 3º | 14-10-22 |
| 22-9-22 | Reparar 3 fluorescentes en música | 29-9-22 |
| 23-9-22 | <u>recargas gas en depósito</u> | 23-9-22 |
| 3-10-22 | Podar arbustos escaleira de entrada | 6-10-22 |
| 4-10-22 | levar pupitres para 3º | 7-10-22 |
| 7-10-22 | sacar mesas comedor do escenario para almacen | 7-10-22 |
| 7-10-22 | Podar árbores de exposición | 24-1-23 |
| 11-10-22 | Volver a reparar rede de tenis | 14-10-22 |
| 11-10-22 | reparar rede de padel | 7-12-22 |
| 14/10/22 | retirar caixa con fotocopiadora do mesado de infantil e cubrir con papel | 17-10-22 |
| 17-10-22 | Desmontar cadeira de realidade virtual(suspendida)non facer. | |
| 18/10/22 | tubo fluorescente . Colocar cubre cables techo | 2-11-22 |
| 24/10/22 | Por proxector no comedor do cole, está no despacho de benito | 2-11-22 |
| 24-10-22 | adaptar silla ortopédica de Izan | 25-10-22 |
| 26-10-22 | Reponer papel aula de 5 años y gel | 26-10-22 |
| 26-10-22 | puentear interruptor ordenador de 6º | 26-10-22 |
| 27-10-22 | Xefatura de estudos non funcionan dous fluorescentes | 2-11-22 |
| 4-11-22 | montar e fixar rotulo en sala caldeiras | 8-11-22 |
| 7-11-22 | Cortar erva en todo o recinto escolar | 4-4-23 |
| 7-11-22 | Podar árbores frutais e demais no recinto escolar | 24-1-23 |
| 08/11/22 | recchea dosificadores xel | 29-11-22 |
| 10/11/22 | Tarima da aula de primeiro levántase | 3-3-23 |
| 14-11-22 | Montar pizarra nova para Izan | 15-11-22 |
| 14-11-22 | <u>Colocar con paula de matinal mural en escenario Comedor</u> | 21-11-22 |
| 16-11-22 | Colocar enganche en contenedor novo | 17-11-22 |
| 16-11-22 | Reparar gancho ventanas comedor | 17-11-22 |
| 16-11-22 | Reparar ventana comedor | 17-11-22 |
| 29-11-22 | raparar escaleiras esceario | 29-11-22 |
| 01/12/22 | Revisar radiador de 4º | 7-12-22 |
| 1-12-22 | Revisar peladora | 1-12-22 |
| 1-12-22 | Montar letras de nadal no esceario | 14-12-22 |
| 12-12-22 | arranxar marco de cuadro escaleiras esquerdas | 12-12-22 |
| 13-12-22 | Reparar desague lavados 3 anos | 13-12-22 |
| 13-12-22 | reparar cisterna baños en 5 anos | 14-12-22 |
| 19-12-22 | reparar cordeles en contenedores (rotos polo temporal) | 19-12-22 |
| 20-12-22 | perdida de agua entre os baños de 5º e 6º | 21-12-22 |
| 20-12-2022 | Auga por goteras na porta do ascensor de Inglés | 23-1-23 |
| 2-1-23 | Cortar Platanero de xardín | 1-1-23 |
| 9-1-23 | Arranxar Portal entrada (duas bisagras partidas) | 9-1-23 |
| 9-1-23 | Arranxar cable proxector inglés | 10-1-23 |
| 10-1-23 | Arranxar grifo o lado de peladora | 10-1-23 |
| 16-1-23 | Desmontar letras Escenario | 20-1-22 |
| 17-1-23 | Montar carriño para patacas | 18-1-23 |
| 17-1-23 | Poñer chapa de apoio para roda portal grande | 18-1-23 |
| 20-1-23 | pegar baldosa na entrada da terraza | 30-1-23 |
| 20-21-23 | Pintar columnas portal de entrada | 25-1-23 |
| 24-1-23 | preparar os bancales invernadoiro para nova prantacion | 12-4-23 |
| 27/01/23 | Reparar corcho chan 3 anos, zona entrada e zona TV | 2-2-23 |
| 30-1-23 | reparar persiana en biblioteca | 31-1-23 |
| 30-1-23 | suxetar ferros palanca baranda terraza | 31-1-23 |
| 31-1-23 | suxetar con tornillo tirafondo barandilla terraza lado pistas | 31-1-23 |

| | | |
|---------|---|---------|
| 31-1-23 | facen un meco de madeira | 31-1-23 |
| 31-1-23 | Reparar xardiñeira casa conserxe(rota por autobus) | 1-2-23 |
| 1-2-23 | Reparar xardiñeiras baixo da terraza | 12-5-23 |
| 1-2-23 | cambiar cable rede pista de padel | 3-2-23 |
| 16-2-23 | arranxar persiana aula de 2º | 18-4-23 |
| 2-3-23 | Paneles Interactivos Infantil y 1-2 primaria cuando lleguen | 25-4-23 |
| 2-3-23 | facen arqueta en baños minusvalidos problema perdida de auga | 13-4-23 |
| 7-3-23 | Sacar base ferro en ximnasio | 7-3-23 |
| 10-3-23 | Por pecho en portal entrada (pechadura rota continuamente) | 10-3-23 |
| 13-3-23 | Carbiar bisagra en moble debaixo fregadeiro | 13-3-23 |
| 14-3-23 | Reparar canasta de baloncesto | 25-4-23 |
| 14-3-23 | Colocar tubo par pasar internet o portal entrada e ximnasio | 22-5-23 |
| 16-3-23 | Limpar canaletas en lados terraza | |
| 16-3-23 | arranxar rotura en xardin casa conserxe | 21-3-22 |
| 20-3-23 | Facen burato en contenedor para abrir dende terraza | 20-3-23 |
| 20-3-23 | cortar valla casa conserxe pa meter pala para arranxar averia auga | 23-3-23 |
| 22-3-23 | Soldar valla casa conserxe | 22-3-23 |
| 22-3-23 | cambiar retardador porta entrada esquerda | 24-3-23 |
| 23-3-23 | Pintar pizarra en 4 anos | 12-4-23 |
| 3-4-23 | colocar tv en ingles | 10-4-23 |
| 3-4-23 | sacar tv de 3 anos e instalala en pt | 3-4-23 |
| 3-4-23 | sacar proxector e cables de ingles | 10-4-23 |
| 12-4-23 | Reventar pechadura en A.L e por unha nova | 12-4-23 |
| 13-4-23 | Colocar corcho en parede por cambio de tv | 13-4-23 |
| 13-4-23 | Colocar panel con fotos de Covelo | 14-4-23 |
| 14-4-23 | Poñer bisagras novas a potaña na cociña | 17-4-23 |
| 14-4-23 | Sacar pizarra de ingles e levala po almacen | 17-4-23 |
| 17-4-23 | Arranxar cancela de entrada o lado da grande de roda | 17-4-23 |
| 17-4-23 | Arranxar e limpar pasillos invernadoiro | 19-4-23 |
| 25-4-23 | reparar valla baixada campo de tenis | 25-4-23 |
| 25-4-23 | Reparar bisagra porta principal esquerda | 26-4-23 |
| 25-4-23 | Cortar edras e silvas detras do invernadoiro | 28-4-23 |
| 25-4-23 | poñer rede sombreadora en invernadoiro | 2-5-23 |
| 25-4-23 | colocar canaletas para novas tv en 4 e 5 anos | |
| 26-4-23 | reparar losetas pasillo ximnasio | 4-3-23 |
| 8-5-23 | reparar fluxor baño de 5 e 6 | |
| 11-5-23 | Facen suxeta listons para olimpiadas | 15-5-23 |
| 11-5-23 | Suxetar espalderas en ximnasio | 15-5-23 |
| 23-5-23 | Arranxar cancela pequena da parte de abaixo | 24-5-23 |
| 23-5-23 | Apretar tornillos riel cancela principal | 24-5-23 |
| 26-5-22 | suxetar azulejos pasillo interior cociña | |
| 1-6-23 | Facen marco Fotografico para graduacion de infantil e 6º | 2-6-23 |
| 1-6-23 | facen sillas adptadas para Mateo, novo alumno de infantil | |
| 6-6-23 | limar tornillos en tunel parque infantil | 6-6-23 |
| 12-6-23 | recolocar azulexos en parte esquerda da terraza | 12-6-23 |
| 12-6-23 | reparar mesa de lzan | 13-6-23 |
| 12-6-23 | recoller cartons pizarras novas e pizarras vellas po almacen | |

Esta memoria foi presentada ao Claustro e ao Consello Escolar o día 29 de xuño de 2023, sendo aprobada por unanimidade.


29 de xuño de 2023

O EQUIPO DIRECTIVO

O DIRECTOR: Xoan Carlos Barbosa Fernández



A SECRETARIA: Amalia Rodriguez González



A XEFA DE ESTUDOS: Carla S.Cerqueira Oliveira

